

**Programación didáctica. Curso 2021-2022**  
**Departamento de Filosofía**  
**IES Virxe do Mar**  
**Noia**

1. Presentación.....	4
2. Valores Éticos.....	5
2 a) Introducción e contextualización.....	5
2 b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	6
2 c) Concreción dos obxectivos.....	8
2 d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábel da temporalización, o grao mínimo de consecución e os procedementos e instrumentos de avaliación.....	9
2 e) Concrecións metodolóxicas.....	37
2 f) Materiais e recursos didácticos.....	38
2 g) Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción.....	39
2 h) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.....	40
2 i) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.....	41
2 k) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas.....	41
2 l) Medidas de atención á diversidade.....	42
2 m) Concreción dos elementos transversais.....	42
2 n) Actividades complementarias e extraescolares.....	42
3. Igualdade de xénero. 2º ESO.....	43
3 a) Introducción e contextualización e obxectivos xerais.....	43
3 b) Contribución ó desenvolvemento das competencias clave.....	46
3 c) Concreción dos obxectivos.....	47

3 d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable da temporalización, o grao mínimo de consecución e os procedementos e instrumentos de avaliación.....	50
3 e) Concrecións metodolóxicas.....	65
3 f) Materiais e recursos Didácticos.....	65
3 g) Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción.....	68
3 h) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.....	71
3 i) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.....	71
3 k) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas.....	72
3 l) Medidas de atención á diversidade.....	72
3 m) Concreción dos elementos transversais.....	72
n) Actividades complementarias e extraescolares.....	74
4. Filosofía. 4º ESO.....	74
5. Antropoloxía 1º Bacharelato.....	75
6. Filosofía 1º Bacharelato.....	75
6 a) Introducción e contextualización.....	75
6 b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	75
6 c) Concreción dos obxectivos.....	76
6 d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable da temporalización, o grao mínimo de consecución e os procedementos e instrumentos de avaliación.....	77
6 e) Concrecións metodolóxicas.....	113
6 f) Materiais e recursos didácticos.....	115
6 g) Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción.....	115
6 h) Indicadores de logro do proceso de ensino e da práctica docente.....	118
6 i) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.....	119
6 j) Organización dos procedementos para acreditar os coñecementos necesarios.....	119
6 k) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas.....	119
6 l) Medidas de atención á diversidade.....	119
6 m) Concreción dos elementos transversais.....	120
6 n) Actividades complementarias e extraescolares.....	120
7. Ética Aplicada. 1º Bacharelato.....	120
7 a) Presentación.....	120
7 b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	120
7 c) Concreción dos obxectivos.....	121
7 d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable da temporalización, o grao mínimo de consecución e os procedementos e instrumentos de avaliación.....	121

7 e) Concrecións metodolóxicas.....	124
7 f) Materiais e recursos didácticos.....	125
7 g) Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	125
7 h) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.....	125
7 i) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.....	126
7 k) Deseño da avaliación inicial.....	126
7 l) Medidas de atención á diversidade.....	126
7 m) Concreción dos elementos transversais.....	126
7 n) Actividades complementarias e extraescolares.....	126
8. Historia da Filosofía 2º Bacharelato.....	127
8 a) Introducción.....	127
8 b) Contribucións ao desenvolvemento das competencias clave.....	128
8 c) Concreción dos obxectivos.....	129
8 d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable da temporalización, o grao mínimo de consecución e os procedementos e instrumentos de avaliación.....	130
8 e) Concrecións metodolóxicas.....	144
8 f) Materiais e recursos didácticos.....	146
8 g) Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción.....	146
8 h) Indicadores de logro do proceso de ensino e da práctica docente.....	148
8 i) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.....	149
8 j) Organización dos procedementos para acreditar os coñecementos necesarios.....	149
8 k) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas.....	149
8 l) Medidas de atención á diversidade.....	149
8 m) Concreción dos elementos transversais.....	150
8 n) Actividades complementarias e extraescolares.....	150
9. Tratamento da información. 2º Bacharelato.....	150
10. Ética e Filosofía do Dereito 2º Bacharelato.....	150
11. Psicoloxía 2º Bacharelato.....	150
11 a) Introducción.....	150
11 b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	151
11 c) Concreción dos obxectivos por curso.....	151
11 d) Concreción para cada estándar avaliable da temporalización, o grao mínimo, e dos instrumentos e procedementos de avaliación.....	152
11 e) Concrecións metodolóxicas.....	175
11 f) Materiais e recursos didácticos.....	176

11 g) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	176
11 h) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.....	177
11 i) Medidas de atención á diversidade.....	178
11 k) Concreción dos elementos transversais que se traballan no curso.....	179
Anexo: Medidas organizativas como consecuencia da pandemia da COVID-19.....	180

## 1. Presentación

### O Centro:

O IES Virxe do Mar de Noia ofrece a seguinte oferta educativa para o curso 2021/22:

Educación Secundaria Obrigatoria

Bacharelato nas modalidades de: “Ciencias e Tecnoloxía” e “Ciencias Sociais e Humanidades”.

Ciclo Formativo De Grao Medio de “Vídeo DJ e son”

Opcións Bilingües:

Educación Plástica e Visual (inglés) 3º ESO

Filosofía (inglés) 1º Bacharelato

### Composición do departamento de Filosofía :

Materia	Curso	Grupos	Profesor
Valores éticos	1º de ESO	2	M. Gloria Rivas Rodríguez Dolores Rodríguez Varela
Valores éticos	2º de ESO	2	Dolores Rodríguez Varela M. Gloria Rivas Rodríguez
Igualdade de xénero	2º de ESO	1	Dolores Rodríguez Varela
Valores éticos	3º de ESO	2	M. Gloria Rivas Rodríguez Dolores Rodríguez Varela

Valores éticos	4º de ESO	2	M. Gloria Rivas Rodríguez Dolores Rodríguez Varela
Filosofía Sección Bilingüe	1º de Bach	3 3	F. Javier Crespo Amado M. Gloria Rivas Rodríguez
Ética aplicada	1º de Bach	2	F. Javier Crespo Amado Dolores Rodríguez Varela
Historia da filosofía	2º de Bach	1	Dolores Rodríguez Varela
Psicología	2º de Bach	2	Dolores Rodríguez Varela

## 2. Valores Éticos

### 2 a) *Introdución e contextualización.*

A materia de Valores Éticos ten como obxectivo básico orientar o alumnado adolescente na escolla do seu proxecto de vida persoal. A orientación de Valores Éticos permitirá que ese proxecto se vaia enchendo de xeito acorde coa racionalidade práctica. Isto supón que o proxecto, por racional, vai requirir virtudes intelectuais como o rigor, a coherencia, a honradez intelectual ou o apego á realidade. Pola dimensión práctica desa racionalidade, o proxecto requirirá que o alumnado vaia construíndo, desde a reflexión, un código ético de valores e normas que determinarán as súas decisións para guiar a súa conduta de tal xeito que realce a súa dignidade persoal e, ao mesmo tempo, permita a súa realización plena e feliz como persoas e a promoción de relacións sociais marcadas polo recoñecemento das outras persoas, o respecto cara a elas, e pola finalidade de alcanzar cotas cada vez maiores de xustiza, tanto no nivel máis próximo á persoa como no nivel global.

O valor da reflexión ética que ofrece a materia “Valores Éticos” debe centrarse en dotar ao alumnado dos instrumentos de racionalidade e obxectividade necesarios para que os seus xuízos valorativos teñan o rigor, a coherencia e a fundamentación racional que requiren, co fin de que as súas eleccións sexan dignas de guiar a súa conduta, a súa vida persoal e as súas relacións sociais.

O currículo básico estrutúrase ao redor de tres eixos:

- Pretende cumprir co mandato da Constitución Española, que fixa como obxectivo fundamental da educación o pleno desenvolvemento da personalidade humana no respecto aos principios democráticos de convivencia e aos dereitos e liberdades fundamentais.
- Contribúe a potenciar a autonomía do novo e a preparalo para converterse no principal axente do seu propio desenvolvemento, aprendendo a construír, mediante unha elección libre e racionalmente fundamentada en valores éticos, un pensamento e un

proxecto de vida propios, asumindo de modo consciente, crítico e reflexivo o exercicio da liberdade e o control acerca da súa propia existencia.

- Contribúe a favorecer a construción dunha sociedade libre, igualitaria, próspera e xusta, mediante a participación activa de cidadáns conscientes e respectuosos dos valores éticos nos que debe fundamentarse a convivencia e a participación democrática, recoñecendo os dereitos humanos como referencia universal para superar os conflitos, defender a igualdade, o pluralismo político e a xustiza social.

Esta materia desenvólvese ao longo de 4 cursos, dende 1º de ESO ata 4º cunha carga horaria dunha hora semanal.

Os contidos organízanse en 6 bloques:

1. A dignidade da persoa
2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais
3. A reflexión ética
4. A xustiza e a política
5. Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos
6. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía.

Non se distribúen liñalmente ao longo dos cursos senón que algúns deste bloques trátanse en varios cursos, se ben con diferente nivel de profundidade e desenvolvemento.

As ideas e conceptos adquiridas nesta materia enlazarán cos materias de Filosofía en 4º de ESO e, os que continúen estudos de Bacharelato continuarán ampliando estas aprendizaxes nas materias de Filosofía. En todo caso, cómpre adoptar estratexias didácticas que aproveiten as aprendizaxes e lle dean continuidade nos cursos seguintes.

## **2 b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave**

O [Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia](#) establece 7 competencias clave, que na [Orden ECD/65/2015, de 21 de xaneiro,](#) pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o [bacharelato](#), descritas no anexo I desta Orde.

Valores Éticos contribúe a desenvolver estas competencias relativas ao pensamento crítico e a resolución de problemas desde o momento en que incide na necesidade de analizar, expor, argumentar e dar solucións fundamentadas aos problemas éticos, sendo precisamente este o eixo sobre o que vira todo o currículo básico e o carácter específico do saber ético.

### **Competencia en comunicación lingüística (CL)**

Para desenvolver esta competencia é fundamental o fomento da lectura, así como a análise e comentario de libros e textos sobre valores éticos e dereitos humanos. Outro dos obxectivos asociados a esta competencia son, por unha banda, mellorar a comunicación e, por outro, a transmisión de valores morais mediante a exposición e resolución de dilemas morais. Estes requiren o exercicio de habilidades sociais e comunicativas, como a expresión de ideas e sentimentos, escoita activa e a empatía.

A presentación de dilemas éticos e o debate das súas posibles solucións contribúen ao desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística, porque esixe exercitarse na escoita, a exposición de ideas e a comunicación de sentimentos, utilizando tanto a linguaxe oral como outros sistemas de representación.

### **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)**

Esta competencia ofrécenos a posibilidade de realizar argumentacións, expor e realizar xuízos morais, así como aplicar estratexias para a resolución de problemas e dilemas morais.

### **Competencia dixital (CD)**

A competencia dixital está ligada ao uso de dispositivos informáticos que permitan ao alumnado entender a relación que existe entre a tecnoloxía e os valores éticos e facilitar o acceso ao coñecemento de feitos sociais e documentos históricos que mostren a contribución dos valores éticos á sociedade.

### **Competencia para aprender a aprender (CAA)**

Esta competencia promóvese mediante o exercicio dos procesos cognitivos que se realizan no desenvolvemento do currículo básico, tales como analizar, sintetizar, relacionar, comparar, aplicar, avaliar, argumentar, etc., que caracterizan calquera proceso de aprendizaxe e favorecen nos alumnos e alumnas o gusto e a satisfacción que produce o descubrimento da verdade.

### **Competencias sociais e cívicas (CSC)**

Competencia de conciencia e expresión cultural, así como o traballo colaborativo, increméntanse cando se reflexiona sobre o fundamento ético da sociedade e tómase conciencia da importancia dos seus valores culturais.

As competencias sociais e cívicas son, sen dúbida, as que están relacionadas dunha forma máis directa coa área de Valores Éticos. As habilidades sociais e as actitudes cívicas poténcianse cando se recoñece a importancia que teñen os valores éticos na sociedade na que vivimos. Así mesmo, axuda a fortalecer a identidade persoal, facilitando a resolución de conflitos interpersoais, á vez que desenvolve valores tan importantes como son a tolerancia, a solidariedade e o respecto á diversidade cultural, relixiosa, etc.

### **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEE)**

A autonomía, a iniciativa persoal, o espírito emprendedor e a creatividade son aspectos da personalidade que benefician notablemente á sociedade. Para adestrar e desenvolver estas habilidades é recomendable ofrecer ao alumnado unha serie de actividades e supostos prácticos relacionados coa vida cotiá que lle permitan expor as súas propias ideas e ofrecer solucións orixinais e creativas.

### **Conciencia e expresións culturais (CEC)**

A área de Valores Éticos permite o desenvolvemento de pautas persoais, sociais e interculturais que fomentan a participación activa en calquera sociedade democrática, respectando os dereitos e os valores éticos socialmente recoñecidos.

## **2 c) Concreción dos obxectivos**

Os obxectivos xerais da ESO (Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia no seu artigo 10) concréntanse nestes outros obxectivos específicos de Valores Éticos

1. Valorar a dignidade humana e entender a especificidade do humano. (B1)
2. Identificar as características ou trazos psicolóxicos propios da personalidade. (B1)
3. Comprender a importancia do desenvolvemento da autonomía na construción da identidade persoal durante a adolescencia. (B1)
4. Comprender a relación entre liberdade persoal e responsabilidade. (B3)
5. Distinguir entre autonomía e heteronomía moral.
6. Comprender o concepto de intelixencia emocional e valorar a importancia das habilidades sociais e emocionais na vida do adolescente.
7. Desenvolver actitudes e habilidades para potenciar a autoestima.
8. Coñecer as diferenzas entre os conceptos de ética e moral. (B3)
9. Identificar a liberdade e a sociabilidade como bases da moralidade.
10. Valorar a función que desempeñan os valores morais, como orientadores do comportamento humano, na vida persoal e social.
11. Entender o concepto de norma moral e valorar a súa influencia no comportamento humano.
12. Entender a relación existente entre ética, política e xustiza. (B4)
13. Coñecer algunhas das teorías éticas máis importantes ao longo da historia: eudemonismo aristotélico, hedonismo de Epicuro, a ética utilitarista e a ética formal kantiana. (B3)
14. Descubrir como se creou a ONU e as circunstancias históricas que motivaron a redacción da Declaración Universal de Dereitos Humanos. (B5)
15. Identificar os valores e os principios éticos que sustentan a Declaración Universal de Dereitos Humanos. (B5)
16. Coñecer o contido da Declaración Universal de Dereitos Humanos. (B5)
17. Identificar as situacións que supoñen unha violación dos dereitos da muller e da infancia. (B5)
18. Analizar a problemática á que se enfrenta, hoxe día, a aplicación da Declaración Universal de Dereitos Humanos.
19. Descubrir os valores nos que se fundamenta a Constitución Española, e os dereitos e deberes fundamentais dos cidadáns. (B4)
20. Familiarizarse co contido da Constitución Española. (B4)
21. Valorar a importancia da participación cidadá na vida política e coñecer algunhas das formas máis comúns de exercer esa participación. (B4)
22. Pescudar que é a Unión Europea e cales son os seus obxectivos principais. (B6)
23. Reflexionar sobre os avances tecnolóxicos e científicos para considerar a posibilidade de fixar uns límites éticos e xurídicos, sobre a base do respecto á dignidade humana e os dereitos recoñecidos na Declaración Universal de Dereitos Humanos.



24. Coñecer as causas e os síntomas da tecnodependencia. (B6)

25. Entender o concepto de conciencia ecolóxica e valorar a necesidade de apostar por un desenvolvemento sustentable. (B6)

## **2 d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable da temporalización, o grao mínimo de consecución e os procedementos e instrumentos de avaliación.**

No currículo básico poden distinguirse varias partes claramente diferenciadas:

1. A primeira iníciase co **estudo da dignidade da persoa**, como fundamento dos valores éticos e a capacidade que esta posúe para elixir as súas accións e modelar a súa propia personalidade, asumindo a responsabilidade de ser libre. Seguidamente, expónse as relacións interpersoais co fin de entendelas a partir do respecto e a igualdade, resaltando a natureza social do ser humano, a necesidade de desenvolver a capacidade de relación coa comunidade, a importancia das influencias sociais no individuo e os límites que supoñen para a práctica da súa liberdade, tomando como criterio normativo desta relación o respecto á dignidade e os dereitos humanos. Continúase realizando a reflexión ética acerca dos valores e a súa relación coa autorrealización humana, o seu desenvolvemento moral e a análise dalgunhas teorías éticas realizadas por pensadores especialmente significativos.
2. A segunda parte conduce á **aplicación dos valores éticos nalgúns ámbitos da acción humana**. Propón a análise da actividade política no mundo actual, o papel da democracia, a súa vinculación co estado de dereito e a división de poderes, facendo posible unha sociedade que garanta o exercicio dos dereitos humanos. Continúa coa reflexión sobre os valores éticos que sinala a Constitución Española e as relacións que esta establece entre o Estado e o cidadán, así como, co feito histórico da súa integración na Unión Europea. Insítese no papel da Declaración Universal dos Dereitos Humanos como criterio internacional para unha xustificación ética do Dereito.
3. Finalmente, valórase a necesidade dunha reflexión seria acerca da **función que debe desempeñar a Ética no relativo á investigación científica e tecnolóxica**, co fin de asegurar que os avances nestes ámbitos e a súa aplicación non violen o respecto á dignidade e os dereitos humanos, nin á protección e conservación do medio ambiente.

De seguido complementábase a táboa cos obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave, meramente transcritos, con outras tres columnas para as actividades de aprendizaxe e temporalización, para os instrumentos e procedementos de aprendizaxe e finalmente outra cos graos mínimos de consecución para aprobar.

Os catro cursos abordan os mesmos bloques temáticos en diferente medida e nivel, distribuíndoos ao longo deles, polo que le daremos un tratamento ao dunha única materia desenvolva en catro cursos. Nembargantes mantéñense por separado os deseños curriculares de cada un dos cursos. **Eliminamos algún dos bloques para evitar a repetición de contidos e porque e imposible desenvolver todos os incluídos na lexislación de referencia dispoñendo de unha sesión semanal de docencia.**

## 1º de ESO

No seguinte cadro recóllese o deseño curricular feito a partir do establecido no [Decreto polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia](#) No Anexo II Bloque de materias específicas Valores Éticos sinala os obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias. A eles engádense tres novas columnas coas as actividades de aprendizaxe e a súa temporalización, os instrumentos e procedementos de avaliación e o grao mínimo de consecución para aprobar.

### Temporalización trimestral:

1ªAvaliación: Bloque 1 A dignidade da persoa

2ª Avaliación: Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais

3ªAvaliación: Bloque 5. Os valores éticos, o Dereito, a DUDH e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos.

Bloque 1 A dignidade da persoa							
Este primeiro bloque iníciase cunha reflexión sobre os conceptos de personalidade e identidade persoal. A continuación descríbense as actitudes e comportamentos propios da adolescencia, e móstrase como son as relacións interpersoais durante este período. Estas reflexións iniciais preparan ao alumno/a para entender a peculiaridade do ser humano e a responsabilidade que entraña a liberdade para o seu desenvolvemento persoal e social. Tras reflexionar sobre a importancia de ter un autoestima equilibrada, a unidade finaliza co tratamento do que é, sen ningunha dúbida, un dos valores intrínsecos e supremos do ser humano: a dignidade.							
Ob	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Compt clave	Actividades de aprendizaxe e Temporalización 12 sesións 1º trimestre	Instrumentos e procedementos de avaliación	Grao mínimo de consecución
a d h	B1.1. O concepto problemático de persoa. O significado etimolóxico. B1.2. As características da persoa: independencia, racionalidade e liberdade. B1.3. A dignidade da persoa: a persoa como ser moral.	B1.1. Construír un concepto de persoa, consciente de que esta é indefinible, valorando a dignidade que posúe polo feito de ser libre.	VEB1.1.1. Sinala as dificultades para definir o concepto de persoa, analizando o seu significado etimolóxico.	CCL	1.1 Elaboración dunha presentación individual  1.2 Lectura de información explicativa sobre o concepto de "ser humano" e "persoa"  1.3Exercicios (interactivos ou en caderno) de vocabulario	Rúbrica <b>VE1B1/2 A</b>	1 sobre 2
			VEB1.1.2. Describe as características principais da persoa: substancia Independente, racional	CCL			

			e libre.				
			VEB1.1.3. Explica e valora a dignidade da persoa que, como ente autónomo, se converte nun "ser moral".	CSC			
a b d e g h	B1.4. A adolescencia: crise de identidade, formación de grupos e influencia do grupo no adolescente. B1.5. O desenvolvemento da autonomía persoal na adolescencia. Control da conduta e escolla de valores éticos.	B1.2. Comprender a crise da identidade persoal que xorde na adolescencia e as súas causas, describindo as características dos grupos que forman e a influencia que exercen sobre os seus membros, coa finalidade de tomar conciencia da necesidade que ten, para seguir medrando moralmente e pasar á vida adulta, do desenvolvemento da súa autonomía persoal e do control da súa conduta.	VEB1.2.1. Coñece información, de fontes diversas, arredor dos grupos de adolescentes, as súas características e a influencia que exercen sobre os seus membros na determinación da súa conduta, e realiza un resumo coa información obtida.	CAA CSC	1.4 Visionado de curtas sobre situacións nas que a dignidade persoal vese comprometida. Debate	Rúbrica <b>VE1B1/2 B</b>	1 sobre 2
			VEB1.2.2. Elabora conclusións sobre a importancia que ten para o/a adolescente desenvolver a autonomía persoal e ter o control da súa propia conduta conforme aos valores éticos libremente elixidos.	CSIEE			
a f g l	B1.6.A personalidade: factores xenéticos, sociais, culturais e do contorno medioambiental que inflúen na súa construción. A capacidade de autodeterminación no ser humano.	B1.3. Describir en que consiste a personalidade e valorar a importancia de enriquecela con valores e virtudes éticas, mediante o esforzo e a votade persoal.	VEB1.3.1. Identifica en que consiste a personalidade e os factores xenéticos, sociais, culturais e do contorno que inflúen na súa construción, e aprecia a capacidade de autodeterminación no ser humano.	CSC CSIEE	1.5 Investigación sobre os factores que inflúen na personalidade.	Rúbrica <b>VE1B1/2 C</b>	1 sobre 2
a	B1.7. A razón e a	B1.4. Xustificar a	VEB1.4.1. Describe e	CSC	1.6 Análise de casos	Rúbrica <b>VE1B1/2 D</b>	1 sobre 2

d g h	liberdade na estruturación da personalidade e na escolla dos valores éticos que a conformarán.	importancia que ten o uso da razón e a liberdade no ser humano para determinar “como quere ser”, elixindo os valores éticos que desexa incorporar á súa personalidade.	estima o papel relevante da razón e a liberdade para configurar cos seus propios actos a estrutura da súa personalidade.		prácticos para chegar a unha definición de “liberdade”		(Ponderación 0.5)
			VEB1.4.2. Realiza unha lista dos valores éticos que estima como desexables para integralos na súa personalidade, e explica as razóns da súa elección.	CSIEE			
a b d e g h	B1.8. A intelixencia emocional e o seu papel no desenvolvemento moral da persoa. B1.9. Emocións, sentimentos e vida moral. B1.10. Os valores éticos e a capacidade de autocontrol emocional.	B1.5. Analizar en que consiste a intelixencia emocional e valorar a súa importancia no desenvolvemento moral do ser humano.	VEB1.5.1. Define a intelixencia emocional e as súas características, valorando a súa importancia na construción moral do ente humano.	CCL	1.7 Análise de conflitos persoais a partires de narracións curtas.	Rúbrica <b>VE1B1/2 D</b>	1 sobre 2
			VEB1.5.2. Explica en que consisten as emocións e os sentimentos, e como se relacionan coa vida moral.	CCL			
			VEB1.5.3. Atopa, disertando en grupo, a relación entre algunhas virtudes e valores éticos e o desenvolvemento das capacidades de autocontrol emocional e automotivación, tales como a sinceridade, o respecto, a prudencia, a temperanza, a xustiza e a perseveranza, entre outras	CAA CSC CSIEE			

a b d g h m	B1.11. As habilidades emocionais segundo Goleman. B1.12. Habilidades emocionais e virtudes éticas. B1.13. A introspección: o autoconhecimento, o autocontrol, a autonomía.	B1.6. Estimar a importancia do desenvolvemento da intelixencia emocional e a súa influencia na construción da personalidade e o seu carácter moral, sendo capaz de empregar a introspección para recoñecer emocións e sentimentos no seu interior, coa finalidade de mellorar as súas habilidades emocionais.	VEB1.6.1. Comprende en que consisten as habilidades emocionais que, segundo Goleman, debe desenvolver o ser humano, e elabora un esquema explicativo arredor do tema, en colaboración en grupo.	CAA	1.8 Exercicios ( interactivos ou no caderno) de consolidación de vocabulario.	Rúbrica <b>VE1B1/2 A</b>	1 sobre 2
			VEB1.6.2. Relaciona o desenvolvemento das habilidades emocionais coa adquisición das virtudes éticas, tales como a perseveranza, a prudencia, a autonomía persoal, a temperanza, a fortaleza da vontade, a Honestidade cun mesmo, o respecto á xustiza e a fidelidade aos propios principios éticos, entre outras.	CSC			
			VEB1.6.3. Emprega a introspección como medio para recoñecer as propias emocións, os sentimentos e os estados de ánimo, coa finalidade de ter un maior control deles e ser capaz de automotivarse, converténdose no dono da propia conduta.	CAA CSIEE			
a d g m	B1.14. A construción da identidade propia conforme a valores éticos. B1.15. A persoa como proxecto vital.	B1.7. Comprender e apreciar a capacidade do ser humano, para influír de maneira consciente e voluntaria na construción da súa propia identidade,	VEB1.7.1. Toma conciencia e aprecia a capacidade que posúe para modelar a propia identidade e facer de si mesmo/a unha persoa xusta, sincera,	CSIEE	1.9 Proxecto: Diseñar unha campaña de concienciación para protexer algún aspecto da dignidade persoal.	Rúbrica <b>VE1B1/2 E</b>	1 sobre 2

		conforme aos valores éticos e así mellorar a súa autoestima.	tolerante, amable, xenerosa, respectuosa, solidaria, honesta, libre, etc., nunha palabra, digna de ser apreciada por si mesmo/a.				
			VEB1.7.2. Deseña un proxecto de vida persoal conforme o modelo de persoa que quere ser e os valores éticos que desexa adquirir, acendo que a súa propia vida teña un sentido.	CSIEE			

## Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais

A dimensión social do ser humano e o proceso de socialización son os apartados cos que se inicia este segundo bloque. Nel menciónanse os principais axentes socializadores e ofrécese algunhas recomendacións para mellorar a convivencia e as relacións sociais.

O diálogo, o respecto, a igualdade e a non discriminación son os eixos centrais ao redor dos cales se articula a unidade. O tratamento destes temas permite ao alumno reflexionar sobre as causas da discriminación, e propor, individual e colectivamente, solucións a este problema.

A unidade finaliza coa exposición de dous temas especialmente interesantes: a problemática da convivencia escolar e a intelixencia emocional.

Ob	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp clave	Actividades de aprendizaxe e Temporalización 10 sesións 2º trimestre	Instrumentos e procedementos de avaliación	Calificación mínima de consecución
a b d e g h	B2.1. A natureza social do ser humano. B2.2. A relación dialéctica entre individuo e sociedade B2.3. Os valores éticos como guías das relacións interpersoais na sociedade.	B2.1. Coñecer os fundamentos da natureza social do ser humano e a relación dialéctica que se establece entre este e a sociedade, estimando a importancia dunha vida social dirixida polos valores éticos	VEB2.1.1. Explica por que o ser humano é social por natureza e valora as consecuencias que ten este feito na súa vida persoal e moral.	CSC	2.1 Xogo de rol sobre a relación individuo sociedade: o caso do refuxiados.	Rúbrica <b>VE1B1/2 D</b>	1 sobre 2
			VEB2.1.2. Discirne e expresa, en pequenos grupos, sobre a influencia mutua que se establece entre o individuo e a sociedade.	CCL CSC			
			VEB2.1.3. Achega razóns que fundamenten a necesidade de establecer uns valores éticos que guíen as relacións interpersoais e	CD CSIEE			

			utiliza a iniciativa persoal para elaborar, mediante soportes informáticos, unha presentación gráfica das súas conclusións sobre este tema.				
a b d e g h ñ	B2.4. O proceso de socialización: a interiorización de valores e normas morais. B2.5. Os valores inculcados polos axentes sociais na configuración da personalidade. B2.6. A necesidade da crítica racional para acadar valores éticos universais, exemplificados na DUDH e baseados na dignidade humana.	B2.2. Describir e valorar a importancia da influencia do entorno social e cultural no desenvolvemento moral da persoa, a través da análise do papel que desempeñan os axentes sociais.	VEB2.2.1. Describe o proceso de socialización e valora a súa importancia na interiorización individual dos valores e as normas morais que rexen a conduta da sociedade en que vive.	CCL	2.2 Actividades (interactivas ou en caderno) de consolidación de vocabulario.	Rúbrica <b>VE1B1/2 A</b>	1 sobre 2
			VEB2.2.2. Exemplifica, en colaboración en grupo, a influencia que teñen na configuración da personalidade os valores morais inculcados polos axentes sociais, entre eles a familia, a escola, os amigos e os medios de comunicación masiva, elaborando un esquema e conclusións, utilizando soportes informáticos.	CAA CD CSC			
			VEB2.2.3. Xustifica e aprecia a necesidade da crítica racional, como medio indispensable para adecuar aos valores éticos universais establecidos na DUDH os costumes, as normas, os valores, etc., do seu medio, rexeitando todo o que atente contra a dignidade do humano e os seus dereitos fundamentais.	CSC			
a h	B2.7. A diferenza entre a vida privada (regulada pola Ética) e a vida pública (regulada polo Dereito). Os límites da liberdade nos dous ámbitos.	B2.3. Distinguir, na persoa, os ámbitos da vida privada e da vida pública, a primeira regulada pola Ética e a segunda polo Dereito, coa finalidade de identificar os límites da liberdade	VEB2.3.1. Define os ámbitos da vida privada e a pública, así como o límite da liberdade humana, en ambos os casos.	CCL	2.3 Análise de conflitos público/privado a partires de noticias.	Rúbrica <b>VE1B1/2 D</b>	1 sobre 2

		persoal e social.				
a b d h	B2.8. As habilidades emocionais de Goleman e os valores éticos que atinxen ás relación humanas.	B2.4. Relacionar e valorar a importancia das habilidades da intelixencia emocional, sinaladas por Goleman, en relación coa vida interpersoal e establecer o seu vínculo con aqueles valores éticos que enriquecen as relacións humanas.	VEB2.4.1. Comprende a importancia que para Goleman ten a capacidade de recoñecer as emocións alleas e a de controlar as relacións interpersoais, e elabora un resumo esquemático sobre o tema.	CAA		
a b d g h	B2.9. A asertividade fronte á agresividade e á inhibición. B2.10. A asertividade e o respecto á dignidade das outras CMCCTpersoas. B2.11. A asertividade e outras habilidades sociais	B2.5. Utilizar a conduta asertiva e as habilidades sociais, coa finalidade de incorporar á súa personalidade algúns valores e virtudes éticas necesarias no desenvolvemento dunha vida social máis xusta e enriquecedora.	VEB2.5.1. Explica en que consiste a conduta asertiva, facendo unha comparación co comportamento agresivo ou inhibido, e adopta como principio moral fundamental, nas relacións interpersoais, o respecto á dignidade das persoas.	CCL CSIEE		
			VEB2.5.2. Avisa, nas relacións interpersoais, unha actitude de respecto cara ao dereito que todos os seres humano teñen a sentir, pensar e actuar de forma diferente, a equivocarse, a gozar do tempo de descanso, a ter unha vida privada, a tomar as súas propias decisións, etc., e nomeadamente a ser valorado de forma especial polo simple feito de ser persoa, sen discriminar nin menosprezar a ninguén, etc.	CSC		
			VEB2.5.3. Emprega, en diálogos curtos reais ou inventados, habilidades sociais como a empatía, a escoita activa, a interrogación asertiva, etc., coa finalidade de que aprenda a utilizalos de forma natural na súa relación coas demais persoas.	CAA CCL		
			VEB2.5.4. Exercita algunhas técnicas de comunicación interpersoal, mediante a realización de diálogos orais, tales como a forma axeitada de dicir non, o disco raiado, o banco de néboa, etc., co obxecto de dominalas e poder utilizalas no	CAA CCL CSIEE		



			momento adecuado.				
a b d h	B2.12. Valores e virtudes éticas nas relacións interpersoais.  B2.13. O deber moral e cívico do auxilio.	B2.6. Xustificar a importancia que teñen os valores e virtudes éticas para conseguir unhas relacións interpersoais xustas, respectuosas e satisfactorias.	VEB2.6.1. Identifica a Adquisición das virtudes éticas como unha condición necesaria para lograr unhas boas relacións interpersoais, entre elas a prudencia, a lealdade, a sinceridade, a xenerosidade, etc.	CSC	2.5 Xogos de rol para recoñecer a importancia do deber moral e cívico de auxilio.	Rúbrica <b>VE1B1/2 D</b>	1 sobre 2
			VEB2.6.2. Elabora unha lista con algúns valores éticos que deben estar presentes nas relacións entre o individuo e a sociedade, tales como responsabilidade, compromiso, tolerancia, pacifismo, lealdade, solidariedade, prudencia, respecto mutuo, xustiza, etc.	CSC			
			VEB2.6.3. Destaca o deber moral e cívico que todas as persoas teñen de prestar auxilio e socorro a outras cuxa vida, liberdade e seguridade estean en perigo de xeito inminente, colaborando na medida das súas posibilidades a prestar primeiros auxilios, en casos de emerxencia.	CSC			

### Bloque 5. Os valores éticos, o Dereito, a DUDH e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos

Que son os dereitos humanos? Cales son as súas características e o seu fundamento? Estas son as cuestións coas que se inicia esta secuencia didáctica e permiten establecer unha primeira toma de contacto co que é, sen dúbida, un dos temas máis importantes da área de Valores Éticos. Tras responder a estas preguntas iniciais, preséntase o contido da Declaración Universal de Dereitos Humanos. A análise dos seus 30 artigos e a clasificación dos dereitos humanos en Tres Xeracións ocupan as páxinas centrais dun tema que se pecha, por unha banda, coa mención a algunhas das organizacións e institucións dedicadas á súa protección, defensa e promoción, e por outra, co recoñecemento do labor emprendido polas mulleres na súa loita pola conquista da igualdade de dereitos.

Ob	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp tclave	Actividades de aprendizaxe e Temporalización 10-12 sesións (terceiro trimestre)	Instrumentos e procedementos de avaliación	Grao mínimo de consecución
a c d h	B5.1. O Preámbulo da DUDH: a dignidade das persoas como fundamento dos seus dereitos universais, inalienables e innatos.	B5.1. Identificar, no preámbulo da DUDH, o respecto á dignidade das persoas e os seus atributos esenciais como o fundamento do que derivan todos os dereitos humanos.	VEB5.1.1. Explica e aprecia en Que consiste a dignidade que esta declaración recoñece ao ser humano como persoa, posuidora duns dereitos universais, inalienables e innatos, mediante a lectura do seu preámbulo.	CCL			

a b c d e g h	B5.2. Os dereitos da muller: patróns económicos e socioculturais que fomentaron a violencia e desigualdade de xénero. B5.3. Os dereitos da infancia.	B5.2. Estimar a importancia do problema actual do exercicio dos dereitos da muller e do neno en grande parte do mundo, coñecendo as súas causas e tomando conciencia deles coa finalidade de promover a súa solución.	VEB5.2.1. Dá razóns sobre a orixe histórica do problema dos dereitos da muller, recoñecendo os patróns económicos e socioculturais que fomentaron a violencia e a desigualdade de xénero.	CCL			
			VEB5.2.2. Xustifica a necesidade de actuar en defensa dos dereitos da infancia, loitando contra a violencia e o abuso do que nenos e as nenas son vítimas no século XXI, tales como o abuso sexual, o traballo infantil, ou a súa utilización como soldados/as, etc.	CSC	Busca de noticias relacionadas cos distintos artigos da DUDH	Rúbrica <b>VE1B1/2C</b>	1 sobre 2
			VEB5.2.3. Emprende, en colaboración en grupo, a elaboración dunha campaña contra a discriminación da muller e a violencia de xénero no seu medio familiar, escolar e social, e avalía os resultados obtidos.	CSC CSIEE	Elaboración de campaña divulgativa	Rúbrica <b>VE1B1/2F</b>	1 sobre 2
a d e g	B5.4. As organizacións que traballan polos dereitos humanos: institucións internacionais e ONGs	B5.3. Apreciar o labor que realizan institucións e ONGs que traballan pola defensa dos dereitos humanos, auxiliando a aqueles que por natureza os posúen, mais non teñen a oportunidade de exercelos.	VEB5.3.1. Indaga, en traballo en colaboración, sobre o traballo de institucións e voluntarios/as que, en todo o mundo, traballan polo cumprimento dos dereitos humanos (Amnistía Internacional, e ONG como Mans Unidas, Médicos sen Fronteiras e Cáritas, entre outros), e elabora e expresa as súas conclusións.	CAA	Busca de información e elaboración dunha presentación dixital	Rúbrica <b>VE1B1/2F</b>	1 sobre 2

## 2º de ESO

Temporización trimestral:

1ª Avaliación: Bloque 3. A reflexión ética.

2ª Avaliación: Bloque 6: Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía.

3ª Avaliación: Producións audiovisuais sobre sobre temas de actualidade relacionados coa Ética.

Valores éticos. 2º de ESO							
Ob	Contidos	Cráterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Com Cl a	Actividades de aprendizaxe e Temporalización	Instrumentos e procedementos de avaliación	Gra min con
	Bloque 3. A reflexión ética						
a d h	B3.1. Diferenza entre ética e moral. B3.2. Reflexión ética como guía racional de conduta.	B3.1. Distinguir entre ética e moral, sinalando as semellanzas e as diferenzas entre elas, e estimando a importancia da reflexión ética como un saber práctico necesario para guiar de xeito racional a conduta do ser humano á súa plena realización.	VEB3.1.1. Recoñece as diferenzas entre a ética e a moral, no que se refire á súa orixe e á súa finalidade.	CSC	10-12 sesións. 1º trimestre  Exercicios ( interactivos ou en caderno ) de vocabulario.  Traballos en grupos sobre as distintas teorías éticas: Presentacións en formato dixital	Cuestionarios en liña na aula virtual do centro ou no caderno de clase.  Rúbrica para avaliar presentacións.	1 de 2
			VEB3.1.2. Achega razóns que xustifiquen a importancia da reflexión ética, como unha guía racional de conduta necesaria na vida do ser humano, expresando de forma apropiada os argumentos en que se fundamenta.	CS C			1 de 2
a b d g h	B3.3. Estrutura moral da persoa. B3.4. Etapas do desenvolvemento moral en Piaget e Köhlberg. Paso da heteronomía á autonomía moral.	B3.2. Destacar o significado e a importancia da natureza moral do ser humano, analizando as súas etapas de desenvolvemento e tomando conciencia da necesidade que ten de normas éticas, libre e racionalmente asumidas, como guía do seu comportamento.	VEB3.2.1. Sinala en que consiste a estrutura moral da persoa como ser racional e libre, razón pola que esta é responsable da súa conduta e das consecuencias desta.	CSC			
			VEB3.2.2. Explica as tres etapas do desenvolvemento moral na persoa, segundo a teoría de Piaget ou a de Köhlberg, e as características propias de cada unha, destacando como se pasa da heteronomía á autonomía moral.	CCL  CS C			
a g h	B3.5. A liberdade como raíz da estrutura moral da persoa.	B3.3. Recoñecer que a liberdade constitúe a raíz da estrutura moral na persoa, e apreciar o papel da intelixencia e da vontade como factores que incrementan a	VEB3.3.1. Describe a relación entre a liberdade e os conceptos de persoa e estrutura moral.	CCL			

		capacidade de autodeterminación.					
a b c d e g h	B3.6. Características distintivas dos valores éticos. B3.7. Valores éticos e dignidade humana.	B3.4. Resaltar a importancia dos valores éticos, as súas especificacións e a súa influencia na vida persoal e social do ser humano, destacando a necesidade de ser recoñecidos e respectados por todos.	VEB3.4.1. Describe as características distintivas dos valores éticos, utilizando exemplos concretos deles e apreciando a súa relación esencial coa dignidade humana e a conformación dunha personalidade xusta e satisfactoria.  VEB3.4.2. Emprega o espírito emprendedor para realizar, en grupo, unha campaña destinada a difundir a importancia de respectar os valores éticos, tanto na vida persoal como na social.	CCL  CS C  CSI EE			
a b h l	B3.8. Normas. Especificidade das normas éticas. B3.9. Relativismo moral dos sofistas. B3.10. Intelectualismo moral en Sócrates e Platón. B3.11. Relativismo moral fronte a obxectivismo moral.	B3.5. Establecer o concepto de normas éticas e apreciar a súa importancia, identificando as súas características e a natureza da súa orixe e validez, mediante o coñecemento do debate ético que existiu entre Sócrates e os sofistas.	VEB3.5.1. Define o concepto de norma e de norma ética, distinguíndoa das normas xurídicas, relixiosas, etc.  VEB3.5.2. Sinala quen foron os sofistas e algúns dos feitos e das razóns en que se fundamentaba a súa teoría relativista da moral, destacando as consecuencias que esta ten na vida das persoas.  VEB3.5.3. Coñece os motivos que levaron a Sócrates a afirmar o "intelectualismo moral", e explica en que consiste e a postura de Platón ao respecto.  VEB3.5.4. Compara o relativismo e o obxectivismo moral apreciando a vixencia destas teorías éticas na actualidade, e expresa opinións de forma argumentada.	CCL  CC EC  CC EC  CCL CS C			
b	B3.12.	B3.6. Explicar as	VEB3.6.1. Enuncia os				

e g h l	Clasificación das teorías éticas: éticas de fins e éticas procedementais. B3.13. A ética de Epicuro como ética de fins.	características e os obxectivos das teorías éticas, así como a súa clasificación en éticas de fins e procedementais, sinalando os principios máis destacados do hedonismo de Epicuro.	elementos distintivos das "teorías éticas" e argumenta a súa clasificación en éticas de fins e éticas procedementais, e elabora un esquema coas súas características máis destacadas.	CAA CCL			
			VEB3.6.2. Enuncia os aspectos fundamentais da teoría hedonista de Epicuro e os valores éticos que defende, destacando as características que a identifican como unha ética de fins.	CC EC			
			VEB3.6.3. Elabora, en colaboración co grupo, argumentos a favor e/ou en contra do epicureísmo, e expón as súas conclusións cos argumentos racionais correspondentes.	CA A CCL			
b h l	B3.14. O eudemonismo aristotélico como ética de fins. B3.15. O ben supremo da persoa en Aristóteles e as tres tendencias da alma.	B3.7. Entender os principais aspectos do eudemonismo aristotélico, identificándoo como unha ética de fins e valorando a súa importancia e a vixencia actuais.	VEB3.7.1. Explica o significado do termo "eudemonismo" e o que para Aristóteles significa a felicidade como ben supremo, e elabora e expresa conclusións.	CCL			
			VEB3.7.2. Distingue os tres tipos de tendencias que hai no ser humano, segundo Aristóteles, e a súa relación co que el considera como ben supremo da persoa.	CC EC			
			VEB3.7.3. Achega razóns para clasificar o eudemonismo de Aristóteles dentro da categoría da ética de fins.	CCL			
b g h l	B3.16. O utilitarismo como ética de fins: principio de utilidade; concepto	B3.8. Comprender os elementos máis significativos da ética utilitarista e a súa relación co hedonismo	VEB3.8.1. Fai unha recensión das ideas fundamentais da ética utilitarista: o principio de utilidade, o concepto de pracer, a compatibilidade do egoísmo	CCL			

	de pracer; compatibilidade do egoísmo individual co altruísmo universal; localización do valor moral nas consecuencias da acción.	de Epicuro, clasificándoa como unha ética de fins e elaborando argumentos que apoién a súa valoración persoal arredor desta formulación ética.	individual co altruísmo universal e a localización do valor moral nas consecuencias da acción, entre outras.				
			VEB3.8.2. Enumera as características que fan do utilitarismo e do epicureísmo unhas éticas de fins.	CC EC			
			VEB3.8.3. Argumenta racionalmente as súas opinións sobre a ética utilitarista.	CCL CSI EE			
Bloque 6. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía							
a b d e f g h m	B6.1. Dimensión moral da ciencia e da tecnoloxía polo seu impacto en todos os ámbitos da vida humana. B6.2. Valores recollidos na DUDH como criterio para fixar límites á investigación científico-tecnolóxica.	B6.1. Recoñecer a importancia da dimensión moral da ciencia e a tecnoloxía, así como a necesidade de establecer límites éticos e xurídicos, coa finalidade de orientar a súa actividade consonte os valores defendidos pola DUDH.	VEB6.1.1. Utiliza información de distintas fontes para analizar a dimensión moral da ciencia e a tecnoloxía, avaliando o impacto positivo e negativo que estas poden ter en todos os ámbitos da vida humana (social, económico, político, ético e ecolóxico, etc.).	CAA CMC CT CSC	20 sesións 2º e 3º trimestres.  Comentarios de noticias relacionadas co impacto da actividade científica e tecnolóxica.	Rúbrica para produción oral e escrita.	
			VEB6.1.2. Achega argumentos que fundamenten a necesidade de pór límites éticos e xurídicos á investigación práctica, tanto científica como tecnolóxica, tomando a dignidade humana e os valores éticos recoñecidos na DUDH como criterio normativo.	CCL CM CC T CS C	Investigación e elaboración de produtos sobre ética e medioambiente	Rúbrica para produccions audiovisuais.	
			VEB6.1.3. Recorre á súa iniciativa persoal para expor as súas conclusións sobre o tema tratado, utilizando medios informáticos e audiovisuais, de xeito argumentado e ordenado racionalmente.	CD CSI EE			

a d g m	B6.3. Problemas da tecnoddependencia.	B6.2. Entender e valorar o problema da tecnoddependencia e a alienación humana á que conduce.	VEB6.2.1. Destaca o problema e o perigo que representa para o ser humano a tecnoddependencia, sinalando os seus síntomas e as súas causas, e estimando as súas consecuencias negativas, como unha adición incontrolada aos dispositivos electrónicos, aos videoxogos e ás redes sociais, que conduce as persoas cara a unha progresiva deshumanización.	CMC CT			
a b d e f g h m	B6.4. Dilemas morais que presentan os avances en medicina e biotecnoloxía.	B6.3. Utilizar os valores éticos contidos na DUDH no campo científico e tecnolóxico, coa finalidade de evitar a súa aplicación inadecuada e solucionar os dilemas morais que ás veces se presentan, nomeadamente no terreo da medicina e a biotecnoloxía.	VEB6.3.1. Analiza información seleccionada de diversas fontes, coa finalidade de coñecer en que consisten algúns dos avances en medicina e biotecnoloxía, que formulan dilemas morais (utilización de células nai, clonación, euxeñese, etc.), sinalando algúns perigos que estes encerran de prescindir do respecto á dignidade humana e os seus valores fundamentais.	CCL  CMC CT  CSC			
			VEB6.3.2. Presenta unha actitude de tolerancia e respecto ante as opinións que se expresan na confrontación de ideas, coa finalidade de solucionar os dilemas éticos, sen esquecer a necesidade de empregar o rigor na fundamentación racional e ética de todas as alternativas de solución formuladas.	CS C  CSI EE			

### 3º de ESO

Temporalización trimestral:

1ª Avaliación: Bloque 4. A xustiza e a política

2ª Avaliación: Bloque 5. Os valores éticos, o Dereito, a DUDH e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos

3ª Avaliación: 3ª Avaliación: Producións audiovisuais sobre temas de actualidade relacionados coa Ética.

1ª Avaliación. Bloque 4. A xustiza e a política.							
Ob	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp clave	Actividades de aprendizaxe e Temporalización 11 sesións	Instrumentos e procedementos de avaliación	Grao mínimo de consecución
a c d h l	B4.1. A democracia como forma de goberno na que se plasman os principios éticos da DUDH. B4.2. O Estado de dereito. B4.3. Léxico da unidade: democracia, cidadán, soberanía, autonomía persoal, igualdade, xustiza, representatividade, ... B4.4. División de poderes. A proposta de Montesquieu e a súa función de control do Estado por parte dos cidadáns.	B4.1. Xustificar racionalmente a necesidade dos valores e principios éticos, contidos na DUDH, como fundamento universal das democracias durante os s. XX e XXI, destacando as súas características e a súa relación cos conceptos de "Estado de Dereito" e "división de poderes".	VEB4.1.1. Fundamenta racional e eticamente, a elección da democracia como un sistema que está por riba doutras formas de goberno, polo feito de incorporar nos seus principios, os valores éticos sinalados na DUDH.	CSC	Exposición e actividades do recurso <i>Zoom Politicon</i>  <a href="http://ntic.educacion.es/w3/eos/MaterialesEducativos/mem2008/zoom_politikon/index.html">http://ntic.educacion.es/w3/eos/MaterialesEducativos/mem2008/zoom_politikon/index.html</a>	Presentación en soporte dixital . Rúbrica C	1 sobre 2
			VEB4.1.2. Define o concepto de "Estado de Dereito" e establece a súa relación coa defensa dos valores éticos e cívicos na sociedade democrática.	CCL			
			VEB4.1.3. Describe o significado e relación existente entre os seguintes conceptos: democracia, cidadán, soberanía, autonomía persoal, igualdade, xustiza, representatividade, etc.	CCL	Realización dunha presentación en soporte dixital cos principais contidos da constitución española.		
			VEB4.1.4. Explica a división de poderes proposta por Montesquieu e a función que desempeñan o poder legislativo, o executivo e o xudicial no Estado democrático, como instrumento para evitar o monopolio do poder político e como medio que permite aos cidadáns o control do Estado.	CSC	Elaboración dun glosario cos conceptos clave do bloque.		



a d g h	B4.5. O deber moral da participación cidadá no exercicio da democracia. B4.6. Riscos de democracias que violen os dereitos humanos.	B4.2. Recoñecer a necesidade da participación activa dos cidadáns na vida política do Estado coa finalidade de evitar os riscos dunha democracia que viole os dereitos humanos.	VEB4.2.1. Asume e explica o deber moral e civil, que teñen os cidadáns, de participar activamente no exercicio da democracia, coa finalidade de que se respecten os valores éticos e cívicos no seo do Estado.	CSC	Busca e comentario de noticias de actualidade relacionadas co tema e debate na clase.	Observación do traballo na aula. Rúbrica D	1 sobre 2 (pondera x3)
			VEB4.2.2. Define a magnitude dalgúns dos riscos que existen nos gobernos democráticos, cando non se respectan os valores éticos da DUDH, tales como: a dexeneración en demagogia, a ditadura das maiorías e a escasa participación cidadá, entre outros, formulando posibles medidas para evitalos.	CSC CSIEE			
a b c d h l	B4.7. A Constitución Española: valores éticos nos que se fundamenta e conceptos preliminares que establece.	B4.3. Coñecer e valorar os fundamentos da Constitución Española de 1978, identificando os valores éticos dos que parte e os conceptos preliminares que establece.	VEB4.3.1. Identifica e aprecia os valores éticos máis destacados nos que se fundamenta a Constitución Española, sinalando a orixe da súa lexitimidade e a finalidade que persegue, mediante a lectura comprensiva e comentada do seu preámbulo.	CCL CSC			
			VEB4.3.2. Describe os conceptos preliminares delimitados na Constitución Española e a súa dimensión ética, tales como: a nación española, a pluralidade ideolóxica, así como o papel e as funcións atribuídas ás forzas armadas, a través da lectura comprensiva e comentada dos artigos 1 ao 9.	CCL			
a c d h	B4.8. Os dereitos e liberdades públicas fundamentais na Constitución española.	B4.4. Mostrar respecto pola Constitución Española identificando nela, mediante unha lectura explicativa e comentada, os dereitos e deberes que ten o individuo como persoa e cidadán, apreciando a súa adecuación á DUDH, coa finalidade de asumir de forma consciente e responsable os principios de convivencia que ben rexer no Estado Español.	VEB4.4.1. Sinala e comenta a importancia dos "dereitos e liberdades públicas fundamentais da persoa" establecidos na Constitución, tales como: a liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto; o carácter aconfesional do Estado Español; o dereito á libre expresión de ideas e pensamentos; o dereito á reunión política e á libre asociación e os seus límites.	CSC			
a b c	B4.9. A adecuación da Constitución española aos principios éticos da DUDH.	B4.5. Sinalar e apreciar a adecuación da Constitución Española aos principios	VEB4.5.1. Coñece e aprecia, na Constitución Española a súa adecuación á DUDH, sinalando os valores éticos nos	CSC			

d g h	B4.10. Os deberes cidadáns na Constitución española. B4.11. A responsabilidade fiscal e os principios reitores da política social e económica na Constitución española.	éticos definidos pola DUDH, mediante a lectura comentada e reflexiva de “os dereitos e deberes dos cidadáns” (Artigos do 30 ao 38) e “os principios reitores da política social e económica” (Artigos do 39 ao 52).	que se fundamentan os dereitos e deberes dos cidadáns, así como os principios reitores da política social e económica.				
			VEB4.5.2. Explica e asume os deberes cidadáns que establece a Constitución e os ordena segundo a súa importancia, expresando a xustificación da orde elixida.	CCL CSIEE			
			VEB4.5.3. Aporta razóns para xustificar a importancia que ten, para o bo funcionamento da democracia, o feito de que os cidadáns sexan conscientes non só dos seus dereitos, senón tamén das súas obrigas como un deber cívico, xurídico e ético.	CSC			
			VEB4.5.4. Recoñece a responsabilidade fiscal dos cidadáns e a súa relación cos presupostos xerais do Estado como un deber ético que contribúe ao desenvolvemento do ben común.	CSC			
a b g h l ñ	B4.12. O estatuto de Autonomía de Galicia: o seu Título Preliminar, e o Título I, Capítulos I e II.	B4.6. Coñecer e valorar os elementos esenciais do Estatuto de Autonomía de Galicia segundo aparece no seu Título Preliminar e no Título 1o, capítulo I e II.	VEB4.6.1. Sinala e comenta a través do traballo colaborativo os elementos esenciais do Estatuto de Autonomía de Galicia recollidos no seu Título preliminar.	CAA CSC			
			VEB4.6.2. Identifica e valora as características sinaladas no Título I sobre O Poder galego.	CCL			
			VEB4.6.3. Identifica e valora as funcións e características do Parlamento sinaladas no Capítulo I; e da Xunta e o seu Presidente segundo o Capítulo II.	CCL			
a d h l	B4.13. Desenvolvemento histórico da UE. Os seus obxectivos e valores éticos nos que se fundamenta de acordo coa DUDH. B4.14. Logros acadados pola UE	B4.7. Coñecer os elementos esenciais da UE, analizando os beneficios recibidos e as responsabilidades adquiridas polos Estados membros e os seus	VEB4.7.1. Describe, da UE, a integración económica e política, o seu desenvolvemento histórico desde 1951, os seus obxectivos e os valores éticos nos que se fundamenta de acordo coa DUDH.	CSC			

	en beneficio dos seus cidadáns.	cidadáns, coa finalidade de recoñecer a súa utilidade e os logros que esta acadou.					
			VEB4.7.2. Identifica e aprecia a importancia dos logros acadados pola UE e o beneficio que estes aportaron para a vida dos cidadáns, tales como a anulación de fronteiras e restricións aduaneiras, a libre circulación de persoas e capitais, etc., así como, as obrigas adquiridas nos diferentes ámbitos: económico, político, da seguridade e paz, etc.	CSC			

**2ª Avaliación. Bloque 5. Os valores éticos, o Dereito, a DUDH e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos**

	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comptclave	Actividades de aprendizaxe e Temporalización (10 sesións)	Instrumentos e procedementos de avaliación	Grao mínimo de consecución
a b e h	B5.1. Relación entre Ética e Dereito. B5.2. Relación entre legalidade e lexitimidade.	B5.1. Sinalar a vinculación que existe entre a Ética, o Dereito e a Xustiza, a través do coñecemento das súas semellanzas, diferenzas e relacións, analizando o significado dos termos de legalidade e lexitimidade.	VEB5.1.1. Busca e selecciona información en páxinas web, para identificar as diferenzas, semellanzas e vínculos existentes entre a Ética e o Dereito, e entre a legalidade e a lexitimidade, elaborando e presentando conclusións fundamentadas.	CAA CD	Elaboración dun glosario cos conceptos clave do bloque.	Cuestionario en liña ou no caderno dos conceptos clave	1 sobre 2

a b e g h l	B5.3. Xustificación das normas xurídicas. B5.4. Convencionalismo dos sofistas. B5.5. Iusnaturalismo. O iusnaturalismo de Locke. B5.6. Iuspositivismo de Kelsen.	B5.2. Explicar o problema da xustificación das normas xurídicas, a través da análise das teorías do dereito natural ou iusnaturalismo, o convencionalismo e o positivismo xurídico, identificando a súa aplicación no pensamento xurídico dalgúns filósofos, coa finalidade de ir conformando unha opinión argumentada sobre a fundamentación ética das leis.	VEB5.2.1. Elabora en grupo, unha presentación con soporte dixital, sobre a teoría "iusnaturalista do Dereito", o seu obxectivo e características, identificando na teoría de Locke un exemplo desta no que se refire á orixe das leis xurídicas, a súa validez e as funcións que lle atribúe ao Estado.	CD CSC		Rúbrica A	
			VEB5.2.2. Destaca e valora, no pensamento sofista, a distinción entre physis e nomos, describindo a súa contribución ao convencionalismo xurídico e elaborando conclusións argumentadas arredor deste tema.	CCEC			
			VEB5.2.3. Analiza información sobre o positivismo xurídico de Kelsen, principalmente no relativo á validez das normas e os criterios que utiliza, especialmente o de eficacia, e a relación que establece entre a Ética e o Dereito.	CCEC			
			VEB5.2.4. Recorre ao espírito emprendedor e iniciativa persoal para elaborar unha presentación con medios informáticos, en colaboración en grupo, comparando as tres teorías do Dereito e explicando as súas conclusións.	CAA CD CSIEE			
a b d e h l	B5.7. Elaboración da DUDH e a creación da ONU. As circunstancias históricas, os obxectivos que se perseguían con ambos acontecementos e o papel da DUDH como código ético de conduta dos Estados.	B5.3. Analizar o momento histórico e político que impulsou a elaboración da DUDH e a creación da ONU, coa finalidade de entendela como unha necesidade do seu tempo, cuxo valor continúa vivente como fundamento ético universal da lexitimidade do Dereito e os Estados.	VEB5.3.1. Explica a función da DUDH como un "código ético" recoñecido polos países integrantes da ONU, coa finalidade de promover a xustiza, a igualdade e a paz, en todo o mundo.	CSC	Realización dunha presentación en soporte dixital cos principais contidos da DUDH	Presentación en soporte dixital . Rúbrica C	1 sobre 2
			VEB5.3.2. Contrasta información dos acontecementos históricos e políticos que orixinaron a DUDH, entre eles, o uso das ideoloxías nacionalistas e racistas que defendían a superioridade	CAA			

			duns homes sobre outros, chegando ao extremo do Holocausto xudeu, así como a discriminación e exterminio de todos aqueles que non pertenceran a unha determinada etnia, modelo físico, relixión, ideas políticas, etc.				
			VEB5.3.3. Sinala os obxectivos que tivo a creación da ONU e a data na que se firmou a DUDH, valorando a importancia deste feito para a historia da humanidade.	CCEC			
a b c d e g h l	B5.8. Estrutura da DUDH: os seus artigos e os tipos de dereito.	B5.4. Interpretar e apreciar o contido e estrutura interna da DUDH, coa finalidade de coñecer e propiciar o seu aprecio e respecto.	VEB5.4.1. Constrúe un esquema sobre a estrutura da DUDH, a cal se compón dun preámbulo e 30 artigos que poden clasificarse da seguinte maneira: Os artigos 1 e 2 refírense aos dereitos inherentes a toda persoa: a liberdade, a igualdade, a fraternidade e a non discriminación. Os artigos do 3 ao 11 refírense aos dereitos individuais. Os artigos do 12 ao 17 establecen os dereitos do individuo en relación coa comunidade. Os artigos do 18 ao 21 sinalan os dereitos e liberdades políticas. Os artigos do 22 ao 27 céntranse nos dereitos económicos, sociais e culturais. Finalmente os artigos do 28 ao 30 refírense á interpretación de todos eles, ás condicións necesarias para o seu exercicio e os límites que teñen.	CAA CCL			
			VEB5.4.2. Elabora unha campaña, en colaboración en grupo, coa finalidade de difundir a DUDH como fundamento do Dereito e a democracia, no teu medio escolar, familiar e social.	CCEC CSC CSIEE			
b h l	B5.9. Xeracións de dereitos e feitos históricos que influiron no seu desenvolvemento.	B5.5. Comprender o desenvolvemento histórico dos dereitos humanos, como unha conquista da humanidade	VEB5.5.1. Describe os feitos máis influentes no desenvolvemento histórico dos dereitos humanos, partindo da Primeira xeración: os dereitos civís e políticos; os da Segunda xeración: económicos, sociais e culturais e os da Terceira: os dereitos dos pobos á solidariedade, ó desenvolvemento e á paz.	CCEC	Busca e comentario de noticias de actualidade relacionadas co tema e debate na clase	Observación do traballo na aula. Rúbrica D	1 sobre 2 (pondera x 3)

a c d e	B5.10. Problemas aos que se enfronta o exercicio dos dereitos civís e polítics da DUDH	B5.6. Avaliar, utilizando o xuízo crítico, a magnitude dos problemas aos que se enfronta a aplicación da DUDH.	VEB5.6.1. Investiga mediante información obtida en distintas fontes, sobre os problemas e os retos da aplicación da DUDH, no que se refire ao exercicio de dereitos civís (destacando os problemas relativos á intolerancia, a exclusión social, a discriminación da muller, a violencia de xénero e a existencia de actitudes como a homofobia, o racismo, a xenofobia, o acoso laboral e escolar, etc.) e dos dereitos políticos (guerras, terrorismo, ditaduras, Xenocidio, refuxiados/as políticos/as, etc.).	CAA CD CSC			
------------------	--	--	---	------------------	--	--	--

<b>3ª Avaliación.Productos audiovisuais.</b>		
<b>Actividades de aprendizaxe e Temporalización</b>	<b>Instrumentos e procedementos de avaliación</b>	<b>Grao mínimo de consecución</b>
<b>10 sesións</b>  Realización de produtos audiovisuais sobre temas de ética medioambiental ou outros temas de interese relacionados coa materia.	Productos audiovisuais presentados nunha plataforma virtual Rúbrica  Observación do traballo na aula. Rúbrica	1 sobre 2 (pondera x3)  1 sobre 2 (ponderax2)

## 4º de ESO

Temporalización trimestral:

1ª avaliación: Bloque 3. A reflexión ética.

2ª avaliación: Bloque 5. Os valores éticos, o Dereito e a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH)

3ª avaliación: Traballos monográficos sobre temas dos bloques 4 (A xustiza e a política) e 6 (Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía).

Valores éticos. 4º de ESO							
Ob	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Co mp. cla ve	Actividades de aprendizaxe e Temporalización	Instrumentos e procedementos de avaliación	Grao mínimo consec
<b>Bloque 3. A reflexión ética</b>							
a d f h	B3.1. Importancia e valor da reflexión ética como defensa dos DDHH. B3.2. Novos campos da ética aplicada: profesional, bioética, ambiente, economía, empresa, ciencia e tecnoloxía, etc.	B3.1. Recoñecer que a necesidade dunha regulación ética é fundamental no mundo actual de grandes e rápidos cambios, debido á magnitude dos perigos aos que se enfronta o ser humano, polo que resulta necesaria a súa actualización e a ampliación aos novos campos de acción da persoa, co fin de garantir o cumprimento dos dereitos humanos.	VEB3.1.1. Xustifica racionalmente e estima a importancia da reflexión ética no século XXI, como instrumento de protección dos dereitos humanos ante o perigo que poden representar entes posuidores de grandes intereses políticos e económicos e grupos violentos, que teñen ao seu alcance armamento de grande alcance científico e tecnolóxico, capaces de pór en grande risco os dereitos fundamentais da persoa.	CS C	-Traballo de reflexión en parellas na aula  -xogo de simulación	Rúbrica A  Rúbrica D	1 sobre 2
			VEB3.1.2. Sinala algúns dos novos campos aos que se aplica a ética (profesional, bioética, ambiente, economía, empresa, ciencia e tecnoloxía, etc.).	C M C T C SI E E	-Traballo de reflexión en parellas na aula, e posterior debate	Rúbrica B	1 sobre 2
a d g h m	B3.3. Proxecto de vida persoal: límites e oportunidades que ofrecen as circunstancias persoais, e valores éticos que serven como guía.	B3.2. Comprender e apreciar a importancia que teñen para o ser humano do século XXI as circunstancias que o rodean, salientando os límites que lle impoñen e as oportunidades que lle ofrecen para a elaboración do seu proxecto de vida, conforme os valores éticos que libremente elixe e que dan sentido á súa existencia.	VEB3.2.1. Describe e avalía as circunstancias que no momento actual o/a rodean, identificando as limitacións e as oportunidades que se lle formulan desde as perspectivas social, laboral, educativa, económica, familiar, afectiva, etc., co obxecto de deseñar, a partir delas, o seu proxecto de vida persoal, determinando libremente os valores éticos que deben guialo/a.	CSI EE	-“stepping stones”: elaborar unha lista curta coas principais circunstancias da súa vida.  - Mural/collage: o meu proxecto de vida/os meus valores	Rúbrica A  Rúbrica F	1 sobre 2  1 sobre 2

a b d h l	B3.4. Éticas formais e éticas materiais. B3.5. Ética kantiana: carácter formal. Autonomía da persoa como valor ético fundamental.	B3.3. Distinguir os principais valores éticos nos que se fundamentan as éticas formais, establecendo a súa relación coa ética kantiana e sinalando a importancia que este filósofo lle atribúe á autonomía da persoa como valor ético fundamental.	VEB3.3.1. Define os elementos distintivos das éticas formais e compáraos cos relativos ás éticas materiais.	CC L	-Textos con cuestións -Esquema comparativo entre éticas materiais e formais.	Rúbrica A	1 sobre 2
			VEB3.3.2. Explica as características da ética kantiana (formal, universal e racional), así como a importancia da súa achega á ética universal.	C CL	-Información explicativa na aula -Entrevista hipotética a Kant en <a href="http://www.tiching.com">www.tiching.com</a>		
			VEB3.3.3. Aprecia, na ética kantiana, o seu fundamento na autonomía da persoa como valor ético esencial e a súa manifestación no imperativo categórico e as súas formulacións.	C S C	-Análise de casos prácticos	Rúbrica D	1 sobre 2
b c d e g h	B3.6. Ética do discurso, de Apel e Habermas, como ética formal. Relación coa ética de Kant.	B3.4. Identificar a ética do discurso, de Habermas e de Apel como unha ética formal, que salienta o valor do diálogo e o consenso na comunidade, como procedemento para atopar normas éticas xustas.	VEB3.4.1. Identifica a ética do discurso como unha ética formal e describe en que consiste o imperativo categórico que formula, sinalando as similitudes e as diferenzas que posúe co imperativo da ética de Kant.	CA A	-Información explicativa na aula -Elaboración de cadro comparativo entre o imperativo kantiano e o da ética discursiva -Taller ético: elaborar código de comportamento en aula seguindo os principios da ética dialóxica	Rúbrica A	1 sobre 2
			VEB3.4.2. Utiliza a súa iniciativa persoal e emprendedora para elaborar unha presentación con soporte informático acerca das éticas formais, expresando e elaborando conclusións fundamentadas.	C D  C SI E E	-Elaborar presentación	Rúbrica F	1 sobre 2
<b>Bloque 4. A xustiza e a política</b>							
a	B4.1.	B4.1. Concibir a democracia	VEB4.1.1. Comprende a importancia		-cuestións previas	Rúbrica B	



c d h l	Democracia e xustiza. B4.2. Deberes cívicos como cumprimento de valores éticos e como defensa e difusión dos dereitos humanos.	non só como unha forma de goberno, senón como un estilo de vida cidadá, consciente do seu deber como elemento activo da vida política, colaborando na defensa e na difusión dos dereitos humanos tanto na súa vida persoal como na social.	que ten para a democracia e a xustiza, que os cidadáns e as cidadás coñezan e cumpran os seus deberes (defensa dos valores éticos e cívicos, coidado e conservación de todos os bens e servizos públicos, participación na elección de representantes políticos/as, respecto e tolerancia á pluralidade de ideas e de crenzas, acatamento das leis e das sentenzas dos tribunais de xustiza, pagamento dos impostos establecidos, etc.).	CS C	e posterior debate -Análise de casos prácticos	Rúbrica D	1 sobre 2
a c d h l	B4.3. Perigos dunha globalización sen valores éticos. B4.4. Promoción dos DDHH por parte dos Estados: fomento e ensino dos valores éticos.	B4.2. Reflexionar acerca do deber da cidadanía e dos Estados de promover o ensino e a difusión dos valores éticos como instrumentos indispensables para a defensa da dignidade e os dereitos humanos, ante o perigo que o fenómeno da globalización pode representar para a destrución do planeta e a deshumanización da persoa.	VEB4.2.1. Diserta e elabora conclusións, en grupo, acerca das terribles consecuencias que pode ter para o ser humano o fenómeno da globalización, se non se establece unha regulación ética e política (egoísmo, desigualdade, interdependencia, internacionalización dos conflitos armados, imposición de modelos culturais determinados por intereses económicos que promoven o consumismo e a perda de liberdade humana, etc.).	CA A  CS C	-Traballo de investigación sobre as consecuencias da globalización -Visionado de curtas	Rúbrica C	1 sobre 2
			VEB4.2.2. Comenta o deber ético e político que teñen todos os estados, ante os riscos da globalización, de tomar medidas de protección dos dereitos humanos, nomeadamente a obriga de fomentar o ensino dos valores éticos e a súa vixencia, e a necesidade de respectalos en todo o mundo (deber de contribuír na construción dunha sociedade xusta e solidaria, fomentando a tolerancia, o respecto aos dereitos das demais persoas; honestidade, lealdade, pacifismo, prudencia, e mutua comprensión mediante o diálogo, a defensa e protección da natureza, etc.).	C S C	-Debate e extracción de conclusións	Rúbrica B	1 sobre 2
<b>Bloque 5. Os valores éticos, o Dereito e a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH)</b>							
a	B5.1.	B5.1. Apreciar a necesidade	VEB5.1.1. Explica a finalidade e as		-Cuestións previas		

d g h	Dereito e leis: finalidade, características e xustificación ética. B5.2. Conflitos entre principios éticos individuais e principios normativos sociais.	das leis xurídicas no Estado, para garantir o respecto aos dereitos humanos, e disertar acerca dalgúns dilemas morais nos que existe un conflito entre os deberes éticos, relativos á conciencia da persoa, e os deberes cívicos que lle impoñen as leis xurídicas.	características das leis xurídicas dentro do Estado e a súa xustificación ética, como fundamento da súa lexitimidade e da súa obediencia.	CC L	-Lectura de información explicativa		
			VEB5.1.2. Debate acerca da solución de problemas nos que hai un conflito entre os valores e principios éticos do individuo e os da orde civil, formulando solucións razoadas, en casos como os de desobediencia civil e obxección de conciencia.	C CL  C SI E E	-Análise de casos prácticos	Rúbrica D	1 sobre 2
a b c d e g h	B5.3. Teoría da xustiza de Rawls: posición orixinal e veo de ignorancia; criterio de imparcialidade; función dos dous principios de xustiza.	B5.2. Disertar acerca da teoría de Rawls baseada na xustiza como equidade e como fundamento ético do dereito, e emitir un xuízo crítico acerca dela.	VEB5.2.1. Procura información en internet co fin de definir os principais conceptos utilizados na teoría de Rawls e establece unha relación entre eles (posición orixinal e veo de ignorancia, criterio de imparcialidade e función dos dous principios de xustiza que propón).	CA A CD	-Traballo de investigación	Rúbrica C	1 sobre 2
			VEB5.2.2. Realiza un xuízo crítico acerca da teoría de Rawls e explica a súa conclusión argumentada acerca dela.	C CL	-Reflexión escrita en aula	Rúbrica A	1 sobre 2
a b c d e g h	B5.4. Os DDHH como ideais irrenunciábeis. B5.5. Deficiencias na aplicación dos DDHH referidos ao económico e ao social. B5.6. Organizacións que	B5.3. Valorar a DUDH como conxunto de ideais irrenunciábeis, tendo presentes os problemas e as deficiencias na súa aplicación, especialmente no relativo ao ámbito económico e social, indicando a importancia das institucións e os/as voluntarios/as que traballan pola defensa dos dereitos humanos.	VEB5.3.1. Xustifica racionalmente a importancia dos dereitos humanos como ideais para alcanzar polas sociedades e os Estados, e recoñece os retos que aínda teñen que superar.	CS C			
			VEB5.3.2. Sinala algunha das deficiencias no exercicio dos dereitos económicos e sociais (pobreza, e falta de acceso á educación, á saúde, ao emprego, á vivenda, etc.).	C S C			
			VEB5.3.3. Emprende a elaboración dunha presentación, con soporte informático e audiovisual, acerca dalgúns institucións e voluntarios/as	C C E	-Traballo de investigación	Rúbrica C	1 sobre 2

	traballan pola defensa dos DDHH.		que, en todo o mundo, traballan pola defensa e respecto dos dereitos humanos: Organización das Nacións Unidas (ONU) e os seus organismos, como FAO, Organismo Internacional de Enerxía Atómica (OIEA), Organización Mundial da Saúde (OMS), Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (UNESCO), etc., organizacións non gobernamentais como Greenpeace, UNICEF, Cruz Vermella, Media Lúa Vermella, etc., así como o Tribunal Internacional de Xustiza, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea, etc.	C C D C S C			
a b d e g h	B5.7. Dereito á seguridade e a paz. B5.8. Compromiso coa paz e a solidariedade e coas vítimas da violencia. B5.9. Ameazas á paz.	B5.4. Entender a seguridade e a paz como un dereito recoñecido na DUDH (no seu artigo 3) e como un compromiso dos españois e das españolas a nivel nacional e internacional (preámbulo da Constitución española), identificando e avaliando o perigo das novas ameazas que xurdiron nos últimos tempos.	VEB5.4.1. Diserta, en pequenos grupos, acerca da seguridade e a paz como un dereito fundamental das persoas, e aprecia a súa importancia para o exercicio do dereito á vida e á liberdade, elaborando e expresando as súas conclusións (artigo 3 da DUDH).	CC L	-Traballo en grupos e recollida de conclusións	Rúbrica A	1 sobre 2
			VEB5.4.2. Toma conciencia do compromiso dos españois e das españolas coa paz, como unha aspiración colectiva e internacional recoñecida na Constitución española, e rexeita a violación dos dereitos humanos, amosando solidariedade coas vítimas da violencia.	C S C	-Traballo de investigación sobre colectivos de vítimas de terrorismo en España	Rúbrica C	1 sobre 2
			VEB5.4.3. Emrende a elaboración dunha presentación, con soporte audiovisual, sobre algunhas das novas ameazas para a paz e a seguridade no mundo actual (terrorismo, desastres ambientais, catástrofes naturais, mafias internacionais, pandemias, ataques cibernéticos, tráfico de armas de destrución masiva, de persoas e de órganos, etc.).	C D C S C	-Elaboración dunha presentación en soporte audiovisual	Rúbrica F	1 sobre 2
a d h	B5.10. As Forzas Armadas na Constitución	B5.5. Coñecer a misión atribuída na Constitución española ás Forzas Armadas e a súa relación cos	VEB5.5.1. Coñece, analiza e asume como cidadán ou cidadá os compromisos internacionais realizados por España en defensa da paz e a	CS C			

	<p>española. B5.11. Misións das Forzas Armadas. B5.12. Conflitos armados: importancia das organizacións internacionais na súa prevención e na súa solución.</p>	<p>compromisos que España ten cos organismos internacionais a favor da seguridade e a paz, reflexionando acerca da importancia do dereito internacional para regular e limitar o uso e as aplicación da forza e do poder.</p>	<p>protección dos dereitos humanos, como membro de organismos internacionais (ONU, OTAN, UE, etc.).</p>				
			<p>VEB5.5.2. Explica a importancia da misión das forzas armadas (artigo 15 da lei de defensa nacional) en materia de defensa e seguridade nacional, de dereitos humanos e de promoción da paz, e a súa contribución en situacións de emerxencia e axuda humanitaria, tanto nacionais como internacionais.</p>	<p>C S C</p>			
			<p>VEB5.5.3. Analiza as consecuencias dos conflitos armados a nivel internacional, apreciando a importancia das organizacións internacionais que promoven e vixían o cumprimento dun dereito internacional fundamentado na DUDH.</p>	<p>C S C</p>	<p>-Busca información sobre os conflitos armados activos no mundo -Visionado das curtas de save the children 2017 e sobre o comercio de armas. Posterior debate -Busca de información sobre organizacións/tratados que promovan a paz</p>	<p>Rúbrica C</p>	<p>1 sobre 2</p>
<p><b>Bloque 6. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía.</b></p>							
<p>a b e f h m</p>	<p>B6.1. Validez ética dos proxectos científicos e tecnolóxicos.</p>	<p>B6.1. Identificar criterios que permitan avaliar, de xeito crítico e reflexivo, os proxectos científicos e tecnolóxicos, co fin de valorar a súa idoneidade en relación co respecto aos dereitos e valores éticos da humanidade.</p>	<p>VEB6.1.1. Utiliza información de forma selectiva para atopar algúns criterios que cumpra ter en conta para estimar a viabilidade de proxectos científicos e tecnolóxicos, considerando a idoneidade ética dos obxectivos que pretenden e a avaliación dos riscos e as consecuencias persoais, sociais e ambientais que a súa aplicación poida ter.</p>	<p>CA A  CM CC T  CS C  CSI EE</p>	<p>-Lectura de información explicativa na aula -Proxecto climántica: elaboración de material audiovisual sobre as consecuencias humanas do cambio climático e o seu impacto nos océanos.</p>	<p>Rúbrica F</p>	<p>1 sobre 2</p>
<p>a d</p>	<p>B6.2. Códigos</p>	<p>B6.2. Estimar a necesidade de facer cumprir unha ética</p>	<p>VEB6.2.1. Comprende e explica a necesidade de apoiar a creación e o</p>	<p>CM</p>	<p>Proxecto climántica</p>	<p>Rúbrica F</p>	<p>1 sobre 2</p>

f g h	deontolóxico s dos axentes sociais.	deontolóxica a científicos/as, tecnólogos/as e outros/as profesionais.	uso de métodos de control, e a aplicación dunha ética deontolóxica para científicos/as e tecnólogos/as e, en xeral, para todas as profesións, fomentando a aplicación dos valores éticos no mundo laboral, financeiro e empresarial.	CC T  CS C  CSI EE			
-------------	--	--	--	---	--	--	--

## 2 e) Concrecións metodolóxicas

A tenor do establecido na normativa propónse as seguintes liñas metodolóxicas. O proceso de ensino-aprendizaxe da área de Valores Éticos non se limita ao ámbito dos coñecementos. Unha materia como esta, que pretende unha formación integral do alumno, debe considerar tamén os procedementos que permitan a adquisición de capacidades e estratexias para un traballo autónomo e, ao mesmo tempo, o desenvolvemento de valores e actitudes de convivencia democrática que fagan posible a actitude crítica do alumnado e que faciliten a súa inserción na sociedade na que viven.

O punto de partida de todo o proceso de ensino-aprendizaxe deben de ser os coñecementos previos do alumnado para proceder a partir de aí, cun espírito sempre construtivo, á análise crítica dos mesmos.

Conforme a este principio, propónse as seguintes orientacións metodolóxicas:

- A aprendizaxe non ha de basearse exclusivamente nun proceso acumulativo, no que as ideas se impoñen externamente e vanse engadindo unhas a outras. O profesor debe evitar as explicacións maxistras dando protagonismo ao alumno. Trátase de que sexan os alumnos, nun proceso continuo de intercambio de opinións, coñecementos e experiencias, tanto persoais como alleas, os encargados de construír a súa propia aprendizaxe, logrando, desta forma, alcanzar os obxectivos.
- Débense potenciar aquelas actividades orientadas a aprender a razoar e argumentar, de modo crítico e autónomo, tal e como vén recollido na obxectivos da área.

Son seis os bloques nos que se organiza o currículo, todas elas coa mesma estrutura. Iníciáanse cunhas cuestións iniciais que o profesorado exporá ao alumnado na primeira sesión e que lle permitirá obter a información necesaria (detectar os seus coñecementos e experiencias previos) para orientar o proceso de ensino-aprendizaxe e anticipar algúns dos conceptos máis importantes que se irán abordando no resto da unidade. Durante as seguintes sesións o alumnado realizará as actividades (individuais e de grupo) seleccionadas polo profesorado.

## Traballar por competencias

O traballo por competencias implica un cambio metodolóxico significativo, xa que o alumnado adquire un maior protagonismo, mentres que o docente pasa a ser un mero xestor do coñecemento, quedando nun segundo plano.

Na E.S.O., o alumnado debe desenvolver un pensamento e unha actitude críticos que se fundamenten en valores éticos. Por elo, á hora de traballar a área de Valores Éticos cos seus alumnos, optamos pola utilización de métodos activos que favorezan a participación, a socialización, a creatividade, alternando o traballo individual co traballo en grupo (3 ó 4 alumnos).

Esta liña metodolóxica sitúa ao estudante como protagonista directo da súa propia aprendizaxe, mentres que o docente sitúase nun segundo plano para que o alumnado consiga unha maior autonomía na súa aprendizaxe que lle permita elaborar o seu proxecto de vida, asumindo de forma consciente e reflexiva o exercicio da súa liberdade.

É moi importante desenvolver o proceso de ensino-aprendizaxe, sempre a partir de aprendizaxes que estean baseados na experiencia, onde o alumnado poida construír o coñecemento desde a súa propia experiencia. Esta forma de proceder permitirá ao alumnado coñecer e interiorizar os valores éticos de forma comprensiva e significativa.

## **2 f) Materiais e recursos didácticos**

En 1º e 2º de ESO traballaremos coa plataforma E-dixgal e cos materiais didácticos da editorial Nettex Smart, aos que engadiremos as actividades de aprendizaxe que aparecen nesta programación.

En 3º e 4º traballarase coa aula virtual do centro , tamén co caderno de clase e na medida do posible utilizaranse as aulas do centro con dotación de computadores para o uso de ferramentas dixitais.

Materias complementarios:

A.Rodríguez Grau, «Proyecto Educa», *Proyecto educa*. [En línea]. Disponible en: <http://www.proyectoeduca.net/> [Accedido: 12-oct-2015].

A. Baig, Valores éticos. Teide

Moisés Lozano, *Valores éticos*. Baía edicións.

F. Martínez Llorca, *Valores éticos*. Anaya educación.

“Valores Éticos 1º ESO | Rincon humanidades.” [En liña] Disponible:

<http://rincones.educarex.es/humanidades/index.php/es/valores-eticos/valores-eticos-1-eso>.

“Nuevos materiales para Valores éticos 1º y 3º de ESO.” [En liña]. Disponible:

<http://filosofiaextremadura.es/index.php/educacion/ensenanza-filosofia/173-nuevos-materiales-para-valores-eticos-1-y-3-de-eso>.

Climántica: <http://climantica.org/>

[www.tiching.com](http://www.tiching.com)

## 2 g) Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción

### 1º 2º 3º e 4º de ESO

#### Avaliación continua:

O seguimento e avaliación das aprendizaxes do alumnado realizarase a diario coa observación na aula e as actividades nas plataformas virtuais/ cadernos de clase. O cálculo das cualificacións farase a partires das rúbricas propostas.

VE Rúbrica Valores Éticos				
<b>A. Exercicios interactivos de vocabulario/traballo con textos/actividades de reflexión escrita</b>	<b>0</b> Non é capaz de resolver exercicios básicos/comprender textos nin contestar ás cuestións/nin de facer reflexións	<b>1</b> Resolve exercicios/comprende e textos/fai reflexións de nivel básico	<b>1.5</b> Resolve exercicios/comprende e textos/fai reflexións de nivel medio	<b>2</b> Resolve exercicios/comprende e textos/fai reflexións de nivel avanzado
<b>B. Participación en debates</b>	<b>0</b> Non participa nin mostra interese	<b>1</b> Participa pero ten dificultade en seguir as normas	<b>1.5</b> Participa e segue as normas	<b>2</b> Participa, segue as normas e fai aportacións moi relevantes.
<b>C. Investigación</b>	<b>0</b> Non participa nin mostra interese	<b>1</b> Traballa pero ten dificultades nos procedementos	<b>1.5</b> Traballa e segue os procedementos	<b>2</b> Traballa, segue os procedementos e mostra iniciativa persoal
<b>D. Análise casos prácticos e xogos de rol ou simulación</b>	<b>0</b> Non participa nin mostra interese	<b>1</b> Traballa pero ten dificultades nos procedementos	<b>1.5</b> Traballa e segue os procedementos	<b>2</b> Traballa, segue os procedementos e mostra iniciativa persoal
<b>E. Proxecto</b>	<b>0</b> Non participa nin mostra interese	<b>1</b> Traballa pero ten dificultades nos procedementos	<b>1.5</b> Traballa e segue os procedementos	<b>2</b> Traballa, segue os procedementos e mostra iniciativa persoal

<b>F. Elaboración de murais ou collages, presentacións dixitais e producións audiovisuais</b>	<b>0-</b> Non participa nin mostra interés	<b>1</b> Traballa pero ten dificultades nos procedementos	<b>1.5</b> Traballa e segue os procedementos	<b>2</b> Traballa, segue os procedementos e mostra iniciativa persoal
---	--	---	--	---

### **Mecanismos de recuperación:**

O alumnado que non acade o grao mínimo de consecución indicado poderá realizar as seguintes actividades para recuperalos:  
 Actividades no caderno de clase / aula virtual: Terá que repetir actividades ou realizar outras específicas asignadas polo profesorado.

#### **Avaliación final ordinaria**

A cualificación final será o resultado de facer a media das obtidas durante o curso segundo a rúbrica proposta incorporando as cualificacións das actividades de recuperación.

#### **Avaliación extraordinaria**

O alumnado que non acadara o grao mínimo de consecución indicado nas actividades do curso terá que repetilas segundo as instrucións do profesorado. As datas e lugares de entrega publicaranse na plataforma e-Dixgal e na Aula Virtual do centro.

**Criterios de promoción:** A cualificación mínima para aprobar é un 5 pero na sesión final de avaliación teranse en conta os criterios de promoción establecidos polo centro.

### **2 h) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.**

Farase un seguimento utilizando a seguinte táboa:

Grao consecución	Nada	Suficiente	Ben	Excelente	Observacións e propostas de mellora
A temporalización foi axeitada					
Os materiais foron apropiados					
Os instrumentos de avaliación foron efectivos					



Abarcaronse tódolos estándares					
Atendeuse a diversidade do alumnado					
Incorporáronse as TICs ao proceso					

## **2 i) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.**

Non temos alumnado nesa situación.

## **2 k) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas**

Para a avaliación inicial teranse en conta:

- 1) Os informes de avaliación individualizados do curso pasado.
- 2) Detección de aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso pasado e falta de desenvolvemento das correspondentes competencias clave.
- 3) Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional.

### **1º e 2º de ESO:**

Actividade: Redacción dunha breve biografía individual (feita por escrito e presentada oralmente), na que se incorpore a situación emocional do alumnado a raíz da pandemia que estamos sufrindo.

Elementos avaliáveis: Autonomía individual, capacidade para seguir instrucións, competencia comunicativa (expresión oral e escrita).

Decisións posteriores: Medidas colectivas (organización de espazos -na medida do posible-, actividades con distintos niveles...) e individuais (contacto co departamento de orientación para activar protocolos en casos específicos)

### **3º e 4º de ESO:**

Actividade: Texto con contido ético que permita conectar coa situación de pandemia actual e cas aprendizaxes do curso pasado, para facer un resumo coas ideas principais e unha reflexión persoal onde se inclúan os aspectos emocionais polos que está pasando o

alumnado. Se como consecuencia dos resultados se observan problemas de comprensión (como non distinguir o esencial do secundario ou non entender o contido do texto) ou expresión escrita, daráselle ó alumnado afectado actividades de reforzo máis dirixidas (textos con cuestións que lle axuden a focalizar a atención sobre o importante, composicións sinxelas facilitándolle os distintos apartados que debe desenvolver....) ou directrices respecto da expresión escrita (utilización de frases curtas, separación de párrafos, correccións na construción gramatical, listas con vocabulario que debe utilizar...). Asemade, se se detectan situacións emocionais preocupantes, contactarase co departamento de orientación para habilitar as medidas de apoio necesarias.

## ***2 l) Medidas de atención á diversidade***

Decisións tomadas unha vez realizadas as actividades e a xunta de avaliación inicial:

### **Na programación de actividades:**

Implantación de distintos niveis de actividades (probos interactivos de vocabulario)

### **Organización do grupo ou aula**

Reorganización do grupo para facilitar a integración de todo o alumnado.

### **Alumnado con necesidades educativas especiais**

Activación do protocolo de actuación en coordinación co departamento de orientación.

Tomaranse as decisións en colaboración co Departamento de Orientación tendo en conta a adaptación dos contidos máis axeitada en relación coa problemática do alumnado e axustaranse os instrumentos de avaliación en consecuencia.

## ***2 m) Concreción dos elementos transversais***

A materia implica educar en valores durante todo o curso, pero presentaremos especial atención ás actitudes sexistas, racistas e xenófobas para promover o respecto aos demais aínda que pensen distinto, así como á liberdade de expresión.

Outros elementos quedan pendentes de concreción ata dispoñer do proxecto do centro.

## ***2 n) Actividades complementarias e extraescolares***

Son varias as actividades complementarias que se poden realizar durante o curso e que están estreitamente relacionadas cos contidos propios da área de Valores Éticos, pero dada a situación de pandemia que estamos sufrindo e, seguindo as indicacións da dirección do centro, trataremos de evitar as actividades complementarias que impliquen utilización de períodos lectivos doutras materias e evitaremos as actividades extraescolares nas que teñamos que relacionarnos con persoas alleas ao centro así como, se é posible, os fluxos innecesarios de xente". Se se modifica a situación e finalmente se poden realizar actividades complementarias e extraescolares, tentarase contactar con:

Algún representante dunha ONG para que conte ao alumnado a súa experiencia persoal e as actividades e obxectivos que leva a cabo a súa organización.

Traballadores de distintas institucións de carácter político (Concello, Deputación, etc.), para que o alumnado reciba información de primeira man sobre o funcionamento das mesmas.

Realizaríanse algunhas saídas durante a sesión lectiva para realizar traballos de campo (enquisas, gravacións, recollida de datos..)

As actividades extraescolares, de poder facerse no futuro, sempre estarán pendentes da coordinación cos responsables de outras materias xa que ao ser unha materia optativa é moi difícil organizar actividades propias que non teñan repercusións negativas no funcionamento diario do centro.

Na medida do posible algúns grupos participarán no proxecto “O mundo que queremos” en colaboración coa ONG [Agareso](#)

### **3. Igualdade de xénero. 2º ESO**

#### ***3 a) Introducción e contextualización e obxectivos xerais.***

##### **Introdución**

De acordo co establecido no artigo 3.2 da Orde de 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta. A materia de *Igualdade de Xénero* poderá ofrecerse en primeiro e/ou segundo curso de educación secundaria obrigatoria (e o alumnado poderá cursala nun dos cursos segundo a oferta establecida polo centro docente).

E terá unha carga horaria dun período lectivo semanal.

Na Orde explíctase que a igualdade de dereitos e oportunidades entre as mulleres e os homes, así como a perspectiva de xénero, deben integrarse en todas as etapas do sistema educativo coa finalidade de promover os valores necesarios para o exercicio dunha cidadanía democrática e para construír unha sociedade máis xusta e igualitaria. Di ademais que malia que nas últimas décadas se produciron importantes avances na eliminación das desigualdades por razón de xénero, aínda se identifican en multitude de ámbitos mostras preocupantes de que non se acadou unha igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.

Moitas destas mostras reproducense tamén entre o alumnado máis novo, de aí que sexa necesario integrar, de maneira decidida a perspectiva de xénero, isto é, un enfoque que teña en consideración as diferenzas que existen entre mulleres e homes en distintas

actividades ou ámbitos da vida co obxectivo de acadar a plena igualdade. A educación constitúe un instrumento fundamental para mudar esta situación de desigualdade.

A materia de Igualdade de xénero ten como obxectivo básico concienciar o alumnado para que actúe de xeito crítico ante as situacións de desigualdade que percibe, no seu contorno e fóra del, e para que recoñeza as relacións intepersoais e sociais desde a natural diversidade de xénero, sexo e orientación sexual como parte dunha realidade plural e enriquecedora, onde non hai lugar para discriminacións ou exclusións de ningún tipo.

A diversificación formativa e profesional, así como a toma de decisións libres de estereotipos de xénero resultan imprescindibles para contribuir a este cambio social e para non perpetuar os mecanismos de selección educativos e profesionais baseados no xénero.

Por outra parte, na escola seguen a invisibilizarse, en moitos casos, as achegas das mulleres nos distintos campos do saber, o que fai que os referentes sigan a ser os valores predominantemente masculinos que dan continuidade a roles diferenciados en función do seu xénero.

No plano didáctico, Igualdade de xénero contribúe á consecución das competencias clave. Resulta evidente que o obxectivo de acadar maiores competencias sociais e cívicas, así como adquirir unha mellor competencia de conciencia e expresións culturais e contribuír á competencia de aprender a aprender e a fomentar o sentido de iniciativa e espírito emprendedor están na súa propia constitución como materia.

A abordaxe desta materia implica tamén o tratamento da educación emocional, das habilidades sociais e comunicativas e de todos aqueles elementos necesarios para saber convivir, relacionarse e valorar positivamente a contribución persoal na construción dunha sociedade máis xusta.

Por último, a materia préstase a desenvolver nos alumnos e nas alumnas, tanto en traballos colaborativos como en tarefas individuais, a competencia dixital, que lles permita acceder e seleccionar información, procesala e plasmar as súas creación en produtos cunha innegable capacidade para a comunicación.

Apúntase, tamén, a capacidade que brinda a materia para pór en práctica metodoloxías didácticas activas e contextualizadas que faciliten a participación do alumnado en traballos cooperativos, a realización de tarefas, a aprendizaxe baseada en problemas e resolución de conflitos, o estudo de casos, etc... metodoloxías que confiren ao alumnado o papel de axente activo da súa propia formación; mais tamén se suxire a posibilidade de colaborar con outros departamentos didácticos e/ou servizos do centro, como por exemplo o departamento de Orientación ou o servizo de Mediación para acrecentar o carácter integral e multidisciplinar da materia.

O currículo da materia está estruturado en catro bloques temáticos:

O primeiro deles, denominado “**A construción social das identidades sexuais e de xénero**”, introduce os conceptos principais sobre xénero e igualdade relacionándoos coa realidade escolar, familiar e social, tratando de que poidan ser identificables nestes ámbitos polo alumnado.

O obxectivo xeral consiste en iniciar unha toma de conciencia e reflexión sobre a situación da desigualdade, que será o desencadeante de situacións de discriminación, marxinalidade e violencia.

No segundo bloque, denominado “**Relacións de xénero e afectividade**”, trabállase a necesidade de abordar a convivencia e a relación entre os sexos, de reflexionar sobre a interdependencia entre os distintos xéneros e as relacións de afectividade e sexualidade. Segundo os modelos, os referentes ou os enfoques educativos que orienten a nosa aprendizaxe, a expresión da afectividade pode ser diversa; esta realidade debe ser necesariamente plural entre a mocidade. Abordar a convivencia e o desenvolvemento da sexualidade, a expresión e xestión da emocionalidade e dos afectos supoñerá participar e colaborar activamente nun dos obxectivos fundamentais da educación, como é que cada alumno e alumna adquira un coñecemento da propia identidade e unha imaxe das demais persoas libre de estereotipos, que saiba aceptarse e expresarse axeitadamente e con respecto nos afectos e nas súas relacións persoais e co outro sexo.

No terceiro bloque, “**Da discriminación á igualdade de oportunidades**”, trátanse as dificultades das mulleres para visibilizarse e acadar o que xa moito antes conseguiron os homes (por exemplo, as loitas polo sufraxio, o dereito á educación, os postos de responsabilidade pública ou o acceso ao poder político, social e económico). O alumnado debe coñecer que as mulleres foron e seguen a ser discriminadas nos ámbitos público e privado (mercado laboral, salarios, tarefas domésticas, linguaxe...). Ademais, tamén debe ser consciente da súa invisibilidade no transcurso da historia, recollendo información sobre algunhas das mulleres esquecidas nos distintos ámbitos do saber e esferas sociais, tanto na antigüidade como no mundo contemporáneo.

O cuarto bloque, “**Cara a unha sociedade sen violencia machista**” pretende, en primeiro lugar, describir e poñer de relevo como as violencias machistas son consecuencia das múltiples discriminacións por cuestión de xénero. Explicaranse mediante exemplos as distintas tipoloxías de violencia, procurando facer ver que a de dominio (física e emocional) é o cumio do iceberg máis perceptible da violencia machista. Visionarase a escaleira da violencia e valoraranse negativamente certas actitudes dentro da parella, algunhas naturalizadas e interiorizadas como probas de amor (control, celos...), aínda que acotío actúan de síntoma anticipatorio de condutas agresivas con consecuencias moi graves.

### ***3 b) Contribución ó desenvolvemento das competencias clave***

Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais.

#### **3b1. Competencias clave do alumnado**

Tal e como se describe na LOMCE, todas as áreas ou materias do currículo deben participar no desenvolvemento das distintas competencias do alumnado. Estas, de acordo coas especificacións da lei, son:

### **1. Comunicación lingüística (CCL)**

Para o bo desenvolvemento desta competencia, será decisivo o fomento da lectura, a análise e a reflexión sobre libros e textos relacionados cos contidos curriculares. Deste xeito, desenvolveranse a comprensión lectora e a expresión oral e escrita, á vez que se adquiren coñecementos sobre os valores éticos e os dereitos humanos. Por outro lado, contribuirase conxuntamente á comunicación lingüística e á transmisión de valores a través da exposición e da resolución de dilemas morais, pois estes esixen poñer en práctica habilidades como a escoita activa, a empatía e a expresión de ideas e de sentimentos, utilizando a linguaxe verbal e a non verbal.

### **2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)**

O desenvolvemento desta competencia nesta área permítenos afondar no eixe sobre o que xira todo o currículo básico e o carácter específico do saber ético, xa que todo problema ou situación implica unha demostración racional. Así mesmo, esta competencia ofrece a oportunidade de realizar argumentacións, considerar e realizar xuízos morais e aplicar estratexias de resolución de problemas.

### **3. Competencia dixital (CD)**

Desenvolver a competencia dixital desde esta área axudaranos a manexar ferramentas que posibiliten o acceso ao coñecemento de feitos sociais, de documentos históricos e de tratados internacionais que poñan de relevo a contribución da igualdade de xénero á sociedade. Á súa vez, proporcionará ao alumnado a oportunidade de entender a relación que existe entre a tecnoloxía e os valores éticos, para que aprenda a facer un bo uso dela no seu tempo libre.

### **4. Aprender a aprender (CAA)**

A competencia de aprender a aprender implica ser consciente das necesidades e dos procesos de aprendizaxe, o recoñecemento de oportunidades e a habilidade de superar dificultades para poder aprender con éxito. Esta promóvese na área de Igualdade de xénero mediante o exercicio de procesos cognitivos como analizar, sintetizar, relacionar, comparar ou argumentar, así como favorecendo o interese por descubrir a verdade e os valores que impregnan as experiencias da súa vida cotiá.

### **5. Competencias sociais e cívicas (CSC)**

Na materia de Igualdade de xénero trabállanse de forma máis directa as competencias sociais e cívicas do alumnado. As habilidades sociais e de colaboración increméntanse cando se reflexiona sobre o fundamento ético da sociedade e se toma conciencia da importancia dos seus valores éticos e morais. Á súa vez, ofrece a posibilidade de resolver conflitos interpersoais de forma construtiva, polo que o alumnado non só fortalece a súa identidade persoal, senón que desenvolve actitudes como a tolerancia, a asertividade, a solidariedade e o respecto á pluralidade cultural, política, relixiosa ou de calquera outra natureza.

### **6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)**

Para exercer dun modo consciente, crítico e reflexivo o exercicio da liberdade e emprender accións que beneficien a sociedade, resulta necesario que os alumnos e as alumnas desenvolvan aspectos como a autonomía, o liderado, a creatividade ou a iniciativa persoal.

Desde esta área considéranse tarefas e situacións reais e hipotéticas que permiten o adestramento das devanditas habilidades. Isto vai posibilitar que o alumnado expoña as súas ideas, inicie accións novas, asuma responsabilidades ou xestione os recursos materiais e persoais que ten ao seu alcance.

### **7. Conciencia e expresións culturais (CCEC).**

Esta materia contribúe á competencia de conciencia e expresións culturais na medida que posibilita a adquisición de pautas persoais, interpersoais e interculturais que permiten participar de forma eficaz e construtiva en calquera sociedade democrática, respectando os valores e os dereitos socialmente recoñecidos.

## **3 c) Concreción dos obxectivos**

### **Obxectivos xerais da Educación Secundaria**

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- k) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- l) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- m) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- n) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- ñ) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

### **Obxectivos da área de Igualdade de xénero.**

O alumnado deberá adquirir uns coñecementos e unhas destrezas básicas que lle permitan integrar de maneira decidida a perspectiva de xénero co obxectivo de acadar a plena igualdade, tomar conciencia e actuar de xeito crítico ante as situacións de desigualdade,



discriminación, marxinalidade e violencia que lle permitan tomar decisións libres de estereotipos de xénero e aprender a aceptarse e expresarse axeitadamente nas súas relacións persoais co outro sexo.

Neste sentido, e baseándonos na proposta que recolle Julia Victoria Espín López (pax 248) en *Xénero e educación social*. Ed Laiovento, 2003; propoñemos como obxectivos xerais da materia de Igualdade de xénero, acadar as finalidades seguintes en aras de contribuír a unha educación non sexista:

- Desmitificar a crenza de que polo feito de nacer home ou muller existen uns determinados valores inherentes á persoa.
- Conseguir o recoñecemento da diferenza positiva de cada xénero.
- Estabelecer medidas de acción positiva, viáveis e realistas, que permitan transforman o ensino mixto en coeducativo.
- Desenvolver as capacidades do alumnado con independencia das expectativas de comportamento social asignadas a cada xénero.
- Axudar a tomar conciencia das formas actuais de discriminación por razóns de sexo.
- Promover unha actitude crítica fronte aos prexuízos e estereotipos sexistas.
- Favorecer as mesmas oportunidades de promoción e participación para homes e mulleres.
- Introducir no currículo da materia unha visión interdisciplinar de modo que se recollan as aportacións das diferentes áreas en coñecementos, experiencias e descubrimentos de ambos xéneros.
- Recoñecer as relacións intepersoais e sociais desde a natural diversidade de xénero, sexo e orientación sexual como parte dunha realidade plural e enriquecedora.
- Fomentar o uso dunha linguaxe respectuosa e inclusiva.
- Contribuír á toma de conciencia crítica fronte a calquera situación de discriminación e ante a violencia de xénero.
- Promover a visibilización das achegas das mulleres nos distintos campos do saber e da acción humana.

### ***3 d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable da temporalización, o grao mínimo de consecución e os procedementos e instrumentos de avaliación.***

#### **Unidades didácticas**

Nº	TÍTULO DA UNIDADE DIDÁCTICA	DESCRIPCIÓN	DURACIÓN (SESIÓNS)
1	Sexo, xénero e igualdade.	Reflexiónase sobre os conceptos básicos da igualdade para comprender a construción social das identidades de xénero e analizar -na vida real- os modelos de comportamento desenvolto por homes e mulleres, detectando situacións de discriminación e desigualdade.	6
2	A convivencia e as relacións afectivo-sexuais	Incídese na importancia da expresión das emocións e os afectos e reflexiónase sobre o papel do home e da muller na sexualidade dominante. Valóranse novas maneiras de relacionarse e convivir dende o trato igualitario e respectuoso.	6
3	Os dereitos humanos e a igualdade de oportunidades	Estúdase a adquisición dos dereitos humanos fundamentais ao longo da historia da humanidade- tendo en conta as situacións de discriminación e de desigualdade por razón de sexo e xénero a través de diferentes exemplos- mais tamén valorando a contribución positiva das mulleres ao longo da historia.	9
4	Cara unha sociedade sen violencia machista	Identifícanse actitudes e comportamentos discriminatorios relacionándoos coa violencia machista. Análise e recoñecemento dos distintos tipos de violencia machista. Identificación dos sinais de alerta para detectar e prever as distintas formas de violencia machista.	6

#### 4.1. Distribución do currículo en unidades didácticas.

Igualdade de xénero 2º ESO					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC	Unidades didácticas
<b>Bloque 1: A construción social das identidades sexuais e de xénero</b>					
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> <li>▪ l</li> <li>▪ m</li> </ul>	B1.1. Sociedade e xénero. Diferenza entre sexo e xénero. B1.2. Igualdade formal e igualdade real. B1.3. Feminismo e machismo. B1.4. Sexismo, roles de xénero e estereotipos.	B1.1. Comprender os conceptos básicos do ámbito da igualdade aplicándoos á vida real.	IGUB1.1.1. Observa as diferenzas nas escollas entre mulleres e homes en situacións reais no ámbito do lecer (xogo, deporte...)	CCEC CSC	▪ 1
			IGUB1.1.2. Analiza as causas que determinan as escollas das mulleres e dos homes.	CCEC CSC	▪ 1
			IGUB1.1.3. Valora a igualdade na toma de decisións e rexeita estereotipos e prexuízos sexistas.	CCEC CSC	▪ 1

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> <li>▪ l</li> <li>▪ m</li> <li>▪ o</li> </ul>	<p>B1.5. O proceso de socialización. Interiorización dos roles de xénero.</p> <p>B1.6. A construción das identidades sexuais e de xénero na adolescencia. Consecuencias no proxecto vital.</p>	B1.2. Comprender o proceso de socialización na construción das identidades de xénero.	IGUB1.2.1. Compara os modelos de comportamento que representan homes e mulleres no seu contorno (familia, escola, amizades...) e analiza como inflúen no proxecto de vida.	CAA CCEC CSC	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 1</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> <li>▪ m</li> <li>▪ o</li> </ul>	<p>B1.7. Estereotipos de masculinidade, feminidade, maternidade e paternidade. Diversidade de modelos familiares.</p> <p>B1.8. Os axentes de socialización na transmisión de estereotipos e prexuízos sexistas.</p>	B1.3. Analizar tipos de familias do contorno máis próximo, rexeitar situacións de discriminación e desigualdade e identificar a influencia dos diversos axentes de socialización (TV, prensa, noticias en internet...).	IGUB1.3.1. Identifica distintos modelos de familias e recoñece estereotipos na sociedade poñendo exemplos tirados de distintos ámbitos (familia, escola, amizade, medios de comunicación...).	CAA CCEC CSC	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 1</li> </ul>
			IGUB1.3.2. Participa, de maneira activa, nos diálogos propostos na clase, respectando as normas de interacción, intervención e cortesía e realiza produtos (textuais, gráficos e audiovisuais) cooperando con actitudes igualitarias.	CCL CD CAA CSIEE CCEC CSC	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 1</li> </ul>
<b>Bloque 2: Relacións de xénero e afectividade</b>					
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> <li>▪ l</li> <li>▪ m</li> </ul>	<p>B2.1. As relacións entre sexos: expresión das emocións e dos afectos.</p> <p>B2.2. Atracción, mitos e modelos de amor.</p> <p>B2.3. As relacións de parella e relacións de poder.</p> <p>B 2.4. Outras alternativas: novas masculinidades e feminidades. Deconstrución de roles.</p>	B2.1. Recoñecer situacións de desigualdade na expresión das emocións e dos afectos e propoñer alternativas dende o respecto.	IGUB2.1.1. Nomea distintos estados emocionais e pon exemplos en situacións reais ou simuladas de relacións afectivas con trazos negativos ou de dependencia.	CCL CSC	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 2</li> </ul>
			IGUB2.1.2. Distingue distintos tipos de relacións afectivas entre persoas (amizade, atracción, relacións de parella) a partir de situacións dadas.	CCL CAA CSC	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 2</li> </ul>
			IGUB2.1.3. Identifica modelos de relación tradicionais de parella a partir de exemplos reais que propoñan ou situacións simuladas.	CAA CSC	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 2</li> </ul>
			IGUB2.1.4. Compara distintos modelos de relacións a partir de diferentes produtos audiovisuais (curtas, series de TV, música...), identifica os seus condicionamentos e valora a diversidade.	CAA CSC	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 2</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> <li>▪ m</li> </ul>	<p>B2.5. A construción social da sexualidade dende a perspectiva de xénero.</p> <p>B2.6. As relacións afectivas e sexuais : o papel do home e da muller na sexualidade "dominante".</p> <p>B2.7. Orientacións e identidades na</p>	B2.2. Recoñecer a sexualidade e a súa construción como un proceso persoal e vital e rexeitar condicionamentos non igualitarios na súa expresión e desenvolvemento respecto do modelo dominante.	IGUB2.2.1. Identifica e diferencia distintos ámbitos da sexualidade a partir de exemplos reais ou simulados axeitados para a súa etapa evolutiva, recoñecendo estereotipos culturais e posibles desigualdades.	CCL CAA CSC	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 2</li> </ul>
			IGUB2.2.2. Compara os roles do home e da muller nas relacións afectivas e sexuais no modelo dominante a través de imaxes ou	CD CSC	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 2</li> </ul>

	sexualidade: a construción social dende estereotipos de xénero.As relacións afectivas e sexuais : o papel do home e da muller na sexualidade “dominante”.		videos propostos.		
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> <li>▪ m</li> <li>▪ o</li> </ul>	B2.8. O trato igualitario nas relacións afectivas e sexuais.	B2.3.Comprender e valorar novas maneiras de relacionarse e de convivir dende o trato igualitario e positivo e transferir as estratexias e aprendizaxes á propia realidade persoal.	IGUB2.3.1. Identifica condutas e estratexias de respecto e comprensión nas relacións afectivas e sexuais a partir de casos prácticos ou debates.	CSIEE CSC	▪ 2
	B2.9. Respecto e comprensión nas relacións afectivas entre os sexos.		IGUB2.3.2. Procura fórmulas para resolver os conflitos a través da escoita activa, a asertividade, a empatía e o diálogo construtivo.	CSIEE CSC	▪ 2
	B2.10. Estratexias de análise e resolución de conflitos.		IGUB2.3.3. Identifica as posibilidades que ofrecen as TIC como medio de comunicación e interacción entre iguais a través de exemplos común e utilízalas sen incorrer en desigualdades nin riscos para a propia integridade e a dos demais.	CCL CD CSC	▪ 2
	B2.11. Novas maneiras de relacionarse: oportunidades e riscos para a igualdade no mundo dixital.		IGUB2.3.4. Participa, de maneira activa, nos diálogos propostos na clase, respectando as normas de interacción, intervención e cortesía e realiza produtos (textuais, gráficos e audiovisuais) cooperando de xeito igualitario.	CCL CD CAA CSIEE CSC	▪ 2

### Bloque 3: Da discriminación á igualdade de oportunidades

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ l</li> <li>▪ m</li> </ul>	B3.1. Dereitos humanos e igualdade. A evolución e a conquista dos dereitos.	B3.1. Coñecer os dereitos humanos fundamentais.	IGUB3.1.1. Identifica fitos na consecución de dereitos ao longo da historia da humanidade.	CAA CSC	▪ 3
	B3.2. O principio de igualdade e non discriminación.	B3.2. Extraer conclusións sobre a diferente participación de homes e mulleres nos distintos ámbitos sociais.	IGUB3.2.1. Compara a adquisición dos dereitos por parte das mulleres e dos homes e recoñece as situacións discriminatorias que dan lugar á vulneración de dereitos humanos a través de exemplos concretos: dereito ao voto, á educación, á representación pública ...	CAA CSC	▪ 3

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> </ul>	B3.3. Evidencias da discriminación das mulleres nos ámbitos público e privado.	B3.3. Identificar a participación de mulleres e homes nos ámbitos público e privado, recoñecendo a diversidade de situacións discriminatorias cara as mulleres e analizando as consecuencias negativas para o desenvolvemento da	IGUB3.3.1. Busca e selecciona mostras de desigualdade por razón de sexo e xénero a través de diferentes exemplos: na división sexual do traballo, acceso ao mundo laboral, salarios, masculinización e feminización dos perfís profesionais, corresponsabilidade no	CD CAA CSC	▪ 3
---	--	--	---	------------------	-----

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> <li>▪ m</li> <li>▪ o</li> </ul>		autonomía persoal.	<p>ámbito doméstico, uso desigual dos espazos e aproveitamento dos tempos de ocio, uso das novas tecnoloxías, feminización da pobreza...</p> <p>IGUB3.3.2.Valora os dereitos acadados para o desenvolvemento e a autonomía persoal.</p> <p>IGUB3.3.3.Participa de maneira activa nos diálogos propostos na clase, respectando as normas de interacción, intervención e cortesía e realiza produtos (textuais, gráficos e audiovisuais) cooperando con actividades igualitarias.</p>	<p>CSIEE CSC</p> <p>CCL CD CAA CSIEE CSC</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 3</li> <li>▪ 3</li> </ul>	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> <li>▪ m</li> <li>▪ o</li> </ul>	B3.4. Visibilidade das mulleres nos distintos eidos ( historia, cultura, ciencia ...) e recoñecemento da súa contribución en diversas esferas sociais.	B3.4. Coñecer e valorar o papel das mulleres ao longo da historia e no tempo contemporáneo, así como no proceso de ocultación sufrida.	IGUB3.4.1.Consulta e utiliza, de forma autónoma, fontes de información básicas (dixitais e outras) para a realización de traballos sinxelos sobre o labor de mulleres representativas nalgúns dos campos do coñecemento, da realización persoal, do lecer...	CCL CD CAA	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 3</li> </ul>
		B3.5.A linguaxe inclusiva dende a perspectiva de xénero. Criterios de uso.	B3.5.Coñecer e aplicar os mecanismos de uso da linguaxe inclusiva.	IGUB3.5.1. Identifica os recursos lingüísticos que contribúen a visibilizar as mulleres no discurso a través do uso dunha linguaxe inclusiva.	CCL CAA CSC	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 3</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ l</li> <li>▪ m</li> </ul>	B3.6.Alternativas para acadar a igualdade real de mulleres e homes ( políticas, sociais, cambio xeracional, cambio persoal...)	B3.6. Incorporar as principais aprendizaxes á realidade persoal e social.	IGUB3.6.1. Identifica actitudes positivas propias ou no seu contorno situacións de cambio que conduzan á igualdade entre sexos.	CAA CSC	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 3</li> </ul>	
			IGUB3.6.2. Realiza propostas para conseguir a ampliación de dereitos e acadar así a igualdade real e efectiva, así como a visibilidade social da muller.	CCL CSIEE CSC	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 3</li> </ul>	

Bloque 4: Cara a unha sociedades en violencia machista					
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ l</li> <li>▪ m</li> </ul>	B4.2. Identificación e recoñecemento de distintos tipos de violencia machista. As consecuencias nas persoas que a sofren.	B4.2. Identificar, recoñecer e analizar as consecuencias dos distintos tipos de violencia machista	IGUB4.2.1. Identifica algúns tipos de violencia a partir de exemplos diversos e clasifícaos (violencia psicolóxica, física...).	CCL CAA CSC	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 4</li> </ul>
			IGUB4.2.2. Recoñece o ciclo da violencia a partir de situacións de agresións propostas.	CCL CSC	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 4</li> </ul>

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> <li>▪ m</li> <li>▪ o</li> </ul>	<p>B4.3. Sinais de alerta na mocidade. Detección e prevención de condutas violentas en relación co xénero.</p>	<p>B4.3. Identificar os diversos sinais de alerta para detectar e prever a violencia machista nas relacións interpersoais propias e/ou do seu contorno.</p>	<p>IGUB4.3.1. Recoñece os sinais de alerta que permiten distinguir un caso de violencia machista, identifícalos en casos prácticos e denuncia as condutas violentas.</p>	<p>CCL CAA CSIEE CSC</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 4</li> </ul>
	<p>B4.4. Rexeitamento das condutas violentas por razón de xénero.</p>		<p>IGUB4.3.2. Participa, de maneira activa, nos diálogos propostos na clase, respectando as normas de interacción, intervención e cortesía e realiza produtos (textuais, gráficos e audiovisuais) cooperando de xeito igualitario.</p>	<p>CCL CD CAA CSIEE CSC</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 4</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> <li>▪ m</li> </ul>	<p>B4.5. trata de persoas e a escravitude sexual como forma de violencia contra as mulleres.</p>	<p>B4.4. Buscar exemplos da trata de mulleres e nenas en distintos medios audiovisuais e escritos.</p>	<p>IGUB4.4.1. Busca exemplos da trata de persoas e da escravitude sexual nos medios de comunicación.</p>	<p>CCL CD CSIEE CSC</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 4</li> </ul>
			<p>B4.6. Solucións para saír da espiral da violencia.</p>	<p>B4.5. Demostrar solidariedade con todas as vítimas da violencia machista.</p>	<p>IGUB4.5.1. Realiza un produto (cartel, folleto, presentación, artigo Xornalístico, blog...) que expoña de xeito sinxelo e positivo mensaxes e propostas de solución para afrontar as situacións de violencia machista.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ l</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> <li>▪ o</li> </ul>			<p>IGUB4.5.2. Incorpora, de xeito gradual, a linguaxe inclusiva nas súas intervencións orais e producións escritas.</p>	<p>CCL</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 4</li> </ul>

**4.2. Criterios de Avaliación. Mínimos esixibles. Instrumentos e procedementos de avaliación. Grao mínimo de consecución**

CRITERIOS DE AVALIACIÓN ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	MÍNIMOS ESIXIBLES	TEMAS	ACTIVIDADES DE TEMPORALIZACIÓN	APRENDIZAXE	E	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN
---	-------------------	-------	--------------------------------	-------------	---	----------------------------	----------------------------

<p><b>Bloque 1. Crit. Aval.1.</b>Comprender os conceptos básicos do ámbito da igualdade aplicándoos á vida real.</p> <p><b>Est. Apr. 1.1</b> Observa as diferenzas nas escollas entre mulleres e homes en situacións reais no ámbito do lecer (xogo, deporte...)</p>	<p>Comprende de forma aproximada os conceptos básicos do ámbito da igualdade (sexo, xénero, igualdade formal e real, feminismo, machismo, sexismo, roles de xénero e estereotipos...) e identifica diferentes escollas entre homes e mulleres en situacións reais (xogo, deporte, instrumentos musicais...)</p>	<p>T. 01</p>	<p><b>Bloque 1: 6 sesións</b></p> <p>Copia no seu caderno as definicións dos conceptos básicos da igualdade (sexo, xénero, igualdade formal, igualdade real, feminismo, machismo, sexismo, roles de xénero, estereotipos) xunto cos exemplos dados pola/o docente e as e os compañeiras/os na aula.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Elabora unha táboa na que se recollan diferentes escollas habituais de homes e mulleres no ámbito do ámbito do lecer (xogos, deportes, instrumentos musicais ...) <b>Fontes: Varela, Nuria: <i>Feminismo para principiantes. Edicións B; 2008. Def. de estereotipo, pax 305.</i> Def de</b></li> </ul>	<p>Rúbrica</p> <p>Rúbrica</p>	<p>2</p> <p>2</p> <p>1 sobre</p> <p>1 sobre</p>
<p><b>Bloque 1. Crit. Aval.1.</b>Comprender os conceptos básicos do ámbito da igualdade aplicándoos á vida real.</p> <p><b>Est. Apr. 1.2.</b> Analiza as causas que determinan as escollas das mulleres e dos homes.</p>	<p>Analiza e reflexiona sobre as posibles causas que determinan as diferentes escollas de homes e mulleres á luz dos conceptos básicos da igualdade.</p>	<p>T. 01</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>o Fai un breve comentario de frases, refráns, ditos nos que se recollan “perlas sexistas” e doutras nas que se defenda expresamente ás mulleres. <b>Fonte: <i>Materiais de coeducación: femenino e masculino; Ed. Xerais, 1995 pax(15-17).</i></b></li> <li>o Le un fragmento escollido dun artigo xornalístico sobre o tema de Machismo e feminismo e identifica os principais trazos dunha actitude machista e algunhas das reivindicacións clásicas do feminismo. <b>Fonte: <i>Materiais de coeducación: femenino e masculino; Ed. Xerais, 1995 pax 23.</i></b></li> </ul>	<p>Rúbrica</p> <p>Rúbrica</p>	<p>1 sobre 2</p> <p>1 sobre 2</p>
<p><b>Bloque 1. Crit. Aval.1.</b>Comprender os conceptos básicos do ámbito da igualdade aplicándoos á vida real.</p> <p><b>Est. Apr. 1.3</b> Valora a igualdade na toma de decisións e rexeita estereotipos e prexuízos sexistas.</p>	<p>Comprende a distinción entre igualdade formal e igualdade real e presta atención aos estereotipos e prexuízos sexistas que subxacen nas distintas escollas e situacións que poden vivir homes e mulleres.</p>	<p>T. 01</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>o Compara dúas táboas sobre o emprego do tempo libre na práctica deportiva en homes e mulleres e extrae unha conclusión sobre a realidade que reflicten estes datos. <b>Fonte: <i>Cátedra novacaixagalicia de estudos feministas. Ed Difusora de letras, artes e ideas, SL, 2011. (pax 112-113)</i></b></li> <li>o Consulta o significado de palabras como prexuízo, estereotipo e participa nun debate sobre o peso dos prexuízos nas nosas maneiras de ver a vida e o seu uso para xustificar condutas discriminatorias (racistas, sexistas...)</li> </ul>	<p>Rúbrica</p>	<p>1 sobre 2</p>

<p><b>Bloque 1. Cri. Aval.2.</b> Comprender o proceso de socialización na construción das identidades de xénero.</p> <p><b>Est. Apr. 2.1.</b> Compara os modelos de comportamento que representan homes e mulleres no seu contorno (familia, escola, amizades...) e analiza como inflúen no proxecto de vida.</p>	<p>Explica coas súas propias palabras o papel da sociedade na interiorización dos modelos de comportamento masculinos e femininos. Reflexiona sobre a construción da identidade sexual e de xénero na etapa da adolescencia e as consecuencias no proxecto vital.</p>	<p>T. 01</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>o Copia no seu caderno as definicións dos conceptos básicos do proceso de socialización como base da identidade sexual e de xénero.</li> <li>o Elabora unha táboa na que se recollan as tarefas, actitudes ou maneiras de actuar de homes e mulleres no seu contorno habitual (familiar, escolar, amizades...) e repara na súa influencia no proxecto de vida.</li> <li>o Realiza unha lectura comprensiva e identifica o propósito ou mensaxe dunha selección de textos breves sobre a interiorización de roles e valores por parte dos mozos e das mozas na adolescencia. <b>Fonte: De Miguel, Ana: Neoliberalismo sexual. Ed. Cátedra, 2016. ( paxs 65-70)</b></li> <li>o Comenta brevemente a seguinte táboa sobre cómo funcionan os estereotipos de xénero e as consecuencias destes no desigual desenvolvemento das potencialidades e oportunidades de cada persoa. <b>Fonte: Varela, Nuria: Feminismo para principiantes. Edicións B; 2008. Pax 325.</b></li> </ul>	<p>Rúbrica</p> <p>Rúbrica</p> <p>Rúbrica</p> <p>Rúbrica</p>	<p>1 sobre 2</p> <p>1 sobre 2</p> <p>1 sobre 2</p> <p>1 sobre 2</p>
<p><b>Bloque 1. Cri.Av.3.</b> Analizar tipos de familias do contorno máis próximo, rexeitar situacións de discriminación e desigualdade e identificar a influencia dos diversos axentes de socialización (TV, prensa, noticias en internet...).</p> <p><b>Est.Apr.3.1.</b> Identifica distintos modelos de familias e recoñece estereotipos na sociedade poñendo exemplos tirados de distintos ámbitos (familia, escola, amizades de comunicación...)</p>	<p>Recoñece distintos modelos de familia e pon exemplos concretos dos estereotipos presentes nos distintos ámbitos do contorno máis próximo (familiar, escolar, publicidade...)</p> <p>Recoñece e reflexiona sobre a influencia dos axentes de socialización na transmisión dos valores.</p>	<p>T. 01</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>o Anota no seu caderno a información máis relevante exposta na aula sobre os distintos modelos de familia, cales son os principais axentes de socialización e a súa influencia na transmisión de valores, normas, modelos estándar de vida, prexuízos, etc...</li> <li>o Lectura comprensiva de comics ou relatos nos que se expoñan os distintos modelos de familia (nuclear, monoparental, parellas de feito, matrimonios heterosexuais, homosexuais, etc ... ). <b>Fonte: comic de casa</b></li> </ul>	<p>Rúbrica</p> <p>Rúbrica</p>	<p>1 sobre 2</p> <p>1 sobre 2</p>



<p><b>Bloque 1. Cri.Av.3.</b> Analizar tipos de familias do contorno máis próximo, rexeitar situacións de discriminación e desigualdade e identificar a influencia dos diversos axentes de socialización (TV, prensa, noticias en internet...).</p> <p><b>Est.Apr.3.2.</b> Participa, de maneira activa, nos diálogos propostos na clase, respectando as normas de interacción, intervención e cortesía e realiza produtos (textuais, gráficos e audiovisuais) cooperando con actitudes igualitarias.</p>	<p>Participa respectuosamente nos diálogos propostos na clase. Elabora pequenos traballos – individuais ou de grupo- nos que se reflictan as desigualdades de xénero e apunta algunha proposta de resolución das mesmas.</p>	<p>T. 01</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>o Fai un breve comentario persoal sobre a incidencia dos axentes de socialización na formación dos estereotipos.</li> <li>o Análise e debate sobre os estereotipos familiares presentes no contorno próximo (familiar, escolar, publicidade...)</li> <li>o Comentar pequenos textos sobre a transmisión dos estereotipos de xénero nos medios de comunicación.</li> </ul> <p><b>Fonte: Varela, Nuria: Feminismo para principiantes, op.cit. Pags 305- 311.</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>o Elaboración e exposición de pequenos traballos persoais ou de grupo redacción dun texto, realización de gráficos ou power point nos que se reflictan as desigualdades de xénero e apunta algunha proposta de resolución das mesmas. <b>Fonte: noticias de prensa en internet, TV, prensa escrita...</b></li> </ul>	<p>Rúbrica</p> <p>Rúbrica</p> <p>Rúbrica</p> <p>Rúbrica</p>	<p>1 sobre 2</p> <p>1 sobre 2</p> <p>1 sobre 2</p> <p>1 sobre 2</p>
<p><b>Bloque 2. Cri. Av 1.</b>Recoñecer situacións de desigualdade na expresión das emocións e dos afectos e propoñer alternativas dende o respecto.</p> <p><b>Est.Apr.2.1.1.</b> Nomea distintos estados emocionais e pon exemplos en situacións reais ou simuladas de relacións afectivas con trazos negativos ou de dependencia.</p>	<p>Recoñece distintas expresións das emocións e dos afectos en homes e mulleres e reflexiona sobre as distintas valoracións das mesmas.</p>	<p>T. 02</p>	<p><b>Bloque 2: 6 sesións</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>o Anota no seu caderno a información máis relevante exposta na aula sobre as distintas expresións das emocións e dos afectos en homes e mulleres e reflexiona sobre as distintas valoracións das mesmas.</li> <li>o Realiza unha lectura comprensiva e identifica o propósito ou mensaxe dunha selección de textos breves sobre situacións con de relacións afectivas con trazos negativos ou de dependencia . <b>Fonte: De Miguel, Ana: Neoliberalismo sexual. Ed. Cátedra, 2016. Pags 65-70.</b></li> </ul>	<p>Rúbrica</p> <p>Rúbrica</p>	<p>1 sobre 2</p> <p>1 sobre 2</p>
<p><b>Bloque 2. Cri. Av 1.</b>Recoñecer situacións de desigualdade na expresión das emocións e dos afectos e propoñer alternativas dende o respecto.</p> <p><b>Est. Apr.2.1.2.</b> Distingue distintos tipos de relacións afectivas entre persoas (amizade, atracción, relacións de parella) a partir de situacións dadas.</p>	<p>Distingue os diversos tipos de relacións afectivas entre as persoas e recoñece o valor dos afectos na construción da personalidade.</p>	<p>T. 02</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>o Análise e comentario dun audiovisual, textos ou relatos nos que se recollen os distintos tipos de relacións afectivas.</li> <li>o Diálogo acercada da importancia dos afectos na construción da persoanlidade.</li> </ul>	<p>Rúbrica</p> <p>Rúbrica</p>	<p>1 sobre 2</p> <p>1 sobre 2</p>
<p><b>Bloque 2. Cri. Av 1.</b>Recoñecer situacións de desigualdade na expresión das emocións e dos afectos e propoñer alternativas dende o respecto.</p> <p><b>Est.Apr.2.1.3.</b> Identifica modelos de relación tradicionais de parella a partir de exemplos reais que propoñan ou situacións simuladas.</p>	<p>Identifica algún dos trazos dos modelos de relación tradicionais de parella e cuestiona os roles de dependencia e o control nas relacións de parella.</p>	<p>T. 02</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>o Elabora unha táboa na que se recollan os trazos dun modelo de relación baseado na subordinación e na dependencia e os trazos dun modelo alternativo de relación no que aposta por superar as desigualdades.</li> <li>o Lectura a partir de textos nos que se identifique o papel dos roles de xénero na expresión de emocións e afectos e debate sobre as restricións que isto supón a partir de exemplos reais ou simulados.</li> </ul>	<p>Rúbrica</p> <p>Rúbrica</p>	<p>1 sobre 2</p> <p>1 sobre 2</p>

<p><b>Bloque 2. Cri. Av 1.</b> Recoñecer situacións de desigualdade na expresión das emocións e dos afectos e propoñer alternativas dende o respecto.</p> <p><b>Est.Apr.2.1.4.</b> Compara distintos modelos de relacións a partir de diferentes produtos audiovisuais (curtas, series de TV, música...), identifica os seus condicionamentos e valora a diversidade.</p>		T. 02	<ul style="list-style-type: none"> <li>o Analiza os modelos de relacións que presentan algunha das series de TV que adoitan ver. Recollendo os seguintes datos: o título da serie, cadea e horaio no que se emite, modelos de convivencia que reflicte: parellas con ou sen fillos, a actividade laboral que desenvolven dentro e fóra da casa cada unha das persoas que conviven nesa unidade de convivencia, etc...</li> </ul>	Rúbrica	1 sobre 2
	Valora a diversidade dos modelos de relacións afectivas a través da análise de curtas, series de TV, letras de cancións, etc ...	T. 02	<ul style="list-style-type: none"> <li>o Análise do texto de cancións ou videos musicais atendendo -con ouvidos críticos- á letra das cancións e aos valores que nela se transmiten.</li> </ul>	Rúbrica	1 sobre 2
<p><b>Bloque 2. Cri.Av 2.</b> Recoñecer a sexualidade e a súa construción como un proceso persoal e vital e rexeitar condicionamentos non igualitarios na súa expresión e desenvolvemento respecto do modelo dominante.</p> <p><b>Est.Apr.2.2.1.</b> Identifica e diferencia distintos ámbitos da sexualidade a partir de exemplos reais ou simulados axeitados para a súa etapa evolutiva, recoñecendo estereotipos culturais e posibles desigualdades.</p>	Recoñece o papel dos estereotipos culturais e as posibles desigualdades en ámbitos da sexualidade.	T. 02	<ul style="list-style-type: none"> <li>o Le e realiza un comentario do cadro sobre os roles de xénero. <b>Fonte: estudo de Carlos Fernández González en Elisa Jato e Lucía Iglesias: Xénero e educación social. Ed Laiovento, pax 285.</b></li> <li>o Identifica algúns dos principais tópicos da sexualidade masculina. <b>Fonte: De Miguel, Ana: op.cit. Paxes 175,166</b></li> </ul>	Rúbrica  Rúbrica	1 sobre 2  1 sobre 2
<p><b>Bloque 2. Cri.Av 2.</b> Recoñecer a sexualidade e a súa construción como un proceso persoal e vital e rexeitar condicionamentos non igualitarios na súa expresión e desenvolvemento respecto do modelo dominante.</p> <p><b>Est. Apr.2.2.2.</b> Compara os roles do home e da muller nas relacións afectivas e sexuais no modelo dominante a través de imaxes ou videos propostos.</p>	Identifica críticamente e compara os roles do home e da muller nas relacións afectivas e sexuais a través de textos, gráficos, imaxes ou videos propostos.	T. 02	<ul style="list-style-type: none"> <li>o Analiza cómo funcionan os estereotipos de xénero e o distinto xeito de valorar os comportamentos, actitudes e a expresión da afectividade en función dos sexos a través da análise de pequenos textos, imaxes, audiovisuais de internet, etc...</li> </ul> <p><b>Fontes: Varela, Nuria: Feminismo para principiantes, op.cit. Pax. 325; imaxes de viñetas de cómic, audiovisuais de Internet.</b></p>	Rúbrica	1 sobre 2
<p><b>Bloque 2. Cri.Av 3.</b> Comprender e valorar novas maneiras de relacionarse e de convivir dende o trato igualitario e positivo e transferir as estratexias e aprendizaxes á propia realidade persoal.</p> <p><b>Est. Apr. 2.3.1.</b> Identifica condutas e estratexias de respecto e comprensión nas relacións afectivas e sexuais a partir de casos prácticos ou debates.</p>	Comprende e valora- a partir de casos prácticos e debates-novas maneiras de relacionarse e de convivir dende o trato igualitario e positivo.	T. 02	<ul style="list-style-type: none"> <li>o Copia no seu caderno algunhas das estratexias para fomentar un trato igualitario e positivo. <b>Fonte:</b></li> <li>o Debate e reflexiona sobre o significado da adolescencia para mozos e mozas desde a perspectiva da socialización nos estereotipos de xénero. <b>Fonte: De Miguel, Ana: op.cit. Paxes 68-69.</b></li> </ul>	Rúbrica  Rúbrica	1 sobre 2  1 sobre 2

<p><b>Bloque 2. Cri.Av. 3.</b> Comprender e valorar novas maneiras de relacionarse e de convivir dende o trato igualitario e positivo e transferir as estratexias e aprendizaxes á propia realidade persoal.</p> <p><b>Est.Apr.2.3.2.</b> Procura fórmulas para resolver os conflitos a través da escoita activa, a asertividade, a empatía e o diálogo construtivo.</p>	<p>Identifica algunhas das principais estratexias de análise e resolución de conflitos.</p>	<p>T. 02</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>o Copia no seu caderno algunhas das estratexias de análise e resolución de conflitos comprendendo o significado de termos como “escoita activa”, “empatía” “diálogo construtivo”, a “asertividade”, etc...</li> <li>o Escenificación dun conflito real ou simulado nunha relación no que se poña o foco nos intereses encontrados que esa situación provoca para as partes. E logo plantexar como podería resolverse o conflito de intereses aplicando algunha das principais estratexias anotadas. Escenificar un posible modelo de resolución do conflito.</li> </ul>	<p>Rúbrica</p> <p>Rúbrica</p>	<p>1 sobre 2</p> <p>1 sobre 2</p>
<p><b>Bloque 2. Cri.Av. 3.</b> Comprender e valorar novas maneiras de relacionarse e de convivir dende o trato igualitario e positivo e transferir as estratexias e aprendizaxes á propia realidade persoal.</p> <p><b>Est.Apr.2.3.3.</b> Identifica as posibilidades que ofrecen as TIC como medio de comunicación e interacción entre iguais a través de exemplos común e utilízaas sen incorrer en desigualdades nin riscos para a propia integridade e a dos demais.</p>	<p>Reflexiona sobre a a necesidade de facer un uso das TIC sen incorrer en desigualdades nin riscos para a propia integridade e a dos demais.</p>	<p>T. 02</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>o Anota no seu caderno algunhas das posibilidades que ofrecen as TIC como medio de comunicación entre iguais: valorando cal sería un bo uso ou un mal uso das mesmas e explicando por que.</li> <li>o Escenificación dun conflito real ou simulado xerado a través do uso das redes sociais, whatsapps, sms, correos electrónicos, etc... no que se poña o foco na situación que iso pode provocar para as partes implicadas. Intercambiar logo os papeis das persoas nesa situación para que poidan comprobar o que se sente ao poñerse na pel da outra persoa. Valoración da experienci</li> </ul>	<p>Rúbrica</p> <p>Rúbrica</p>	<p>1 sobre 2</p> <p>1 sobre 2</p>
<p><b>Bloque 2. Cri.Av. 3.</b> Comprender e valorar novas maneiras de relacionarse e de convivir dende o trato igualitario e positivo e transferir as estratexias e aprendizaxes á propia realidade persoal.</p> <p><b>Est. Apr.2.3.4.</b> Participa, de maneira activa, nos diálogos propostos na clase, respectando as normas de interacción, intervención e cortesía e realiza produtos (textuais, gráficos e audiovisuais) cooperando de xeito igualitario.</p>	<p>Participa en debates e exposicións de traballos respectando as normas de interacción e cortesía e cooperando dun xeito igualitario.</p>	<p>T. 02</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>o Recolle información sobre algunhas das accións positivas que desenvolven o principio de igualdade. <b>Fonte: Varela, Nuria: Feminismo para principiantes, op.cit. Páxs 190-195.</b></li> <li>o Elabora un escrito en soporte informático ou en papel, un gráfico, mural ou un pequeno audiovisual nos que poña en valor a posibilidade de construír novas maneiras de relacionarse e convivir dende o trato igualitario para explicalo na aula. accións positivas que desenvolven o principio de igualdade.</li> </ul>	<p>Rúbrica</p> <p>Rúbrica</p>	<p>1 sobre 2</p> <p>1 sobre 2</p>

<p><b>Bloque3.Cri. Av.1.</b> Coñecer os dereitos humanos fundamentais.</p> <p><b>Est.Apr.3.1.1.</b> Identifica fitos na consecución de dereitos ao longo da historia da humanidade.</p>	<p>Coñece e identifica os dereitos humanos fundamentais.</p>	<p>T.03</p>	<p><b>Bloque 3: 9 sesións</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>o Lectura atenta e do Preámbulo da DUDH e dos artigos da Declaración.</li> <li>o Recolle no seu caderno as tres xeracións de dereitos humanos ( civís e políticos; económicos, culturais e sociais e os relacionados co dereito á paz, etc...) identificando os valores éticos que guáron a súa consecución.</li> </ul>	<p>Rúbrica</p>	<p>1 sobre 2</p>
<p><b>Bloque 3. Cri. Av.2.</b> Extraer conclusións sobre a diferente participación de homes e mulleres nos distintos ámbitos sociais.</p> <p><b>Est. Apr.3.2.1.</b> Compara a adquisición dos dereitos por parte das mulleres e dos homes e recoñece as situacións discriminatorias que dan lugar á vulneración de dereitos humanos a través de exemplos concretos: dereito ao voto, á educación, á representación pública ...</p>	<p>Reflexiona e valora sobre a adquisición dos dereitos por parte das mulleres e dos homes e comprende as consecuencias da vulneración de dereitos poñendo exemplos concretos.B3.1. Dereitos humanos e igualdade. A evolución e a conquista dos dereitos.</p>	<p>T.03</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>o Lectura comprensiva dalgúns dos artigos da <i>Convención sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller</i> aprobada por Nacións Unidas en 1979. <b>Fonte: Varela, Nuria: Feminismo para principiantes. Op. Cit, pax 202, 379-397.</b></li> </ul>	<p>Rúbrica</p>	<p>1 sobre 2</p>
<p><b>Bloque 3. Cri. Av.3</b> Identificar a participación de mulleres e homes nos ámbitos público e privado, recoñecendo a diversidade de situacións discriminatorias cara as mulleres e analizando as consecuencias negativas para o desenvolvemento da autonomía persoal.</p> <p><b>Est. Apr. 3.3.1.</b> Busca e selecciona mostras de desigualdade por razón de sexo e xénero a través de diferentes exemplos: na división sexual do traballo, acceso ao mundo laboral, salarios, masculinización e feminización dos perfís profesionais, corresponsabilidade no ámbito doméstico, uso desigual dos espazos e aproveitamento dos tempos de ocio, uso das novas tecnoloxías, feminización da pobreza...</p>	<p>Identifica a participación de mulleres e homes nos ámbitos público e privado e pon diferentes exemplos das desigualdades existentes no uso dos tempos, espazos e no reparto das tarefas e traballos, etc...</p>	<p>T.03</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>o Reflexiona en grupo e anota no teu caderno mostras de desigualdade por razón de sexo e xénero buscando exemplos de desigualdade: na división sexual do traballo, no acceso ao mundo laboral, nos salarios, nos perfís profesionais, na corresponsabilidade no traballo doméstico, no uso desigual dos espazos, no desigual uso dos espazos, no desigual aproveitamento dos tempos de ocio e de lecer, no uso das novas tecnoloxías, etc...</li> <li>o Recolle as ideas fundamentais sobre o significado da feminización da pobreza. <b>Fonte: Varela, Nuria: Feminismo para principiantes. Op. Cit, paxs 244-246.</b></li> </ul>	<p>Rúbrica</p> <p>Rúbrica</p>	<p>1 sobre 2</p> <p>1 sobre 2</p>

<p><b>Bloque 3. Cri. Av. 3.</b> Identificar a participación de mulleres e homes nos ámbitos público e privado, recoñecendo a diversidade de situacións discriminatorias cara as mulleres e analizando as consecuencias negativas para o desenvolvemento da autonomía persoal.</p> <p><b>Est.Apr.3.3 2.</b> Valora os dereitos acadados para o desenvolvemento e a autonomía persoal</p>	<p>Valora os dereitos acadados no nome da igualdade e a súa influencia no desenvolvemento e autonomía persoal.</p>	<p>T.03</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>o Consulta os datos sobre a conquista do sufraxio universal en distintos países do mundo. <b>Fonte: Varela, Nuria: Feminismo para principiantes. Op. Cit, paxs 363-364.</b></li> <li>o Comenta gráficos nos que se recolle a porcentaxe de mulleres no Congreso e no Senado no período de 1997-2004 e no goberno no período de 1975 -2008. <b>Fonte: Instituto da Muller en Varela, Nuria: Feminismo para principiantes. Op. Cit, paxs 192-193; pax 196.</b></li> <li>o Comenta gráficos nos que se recolle a porcentaxe do paro feminino na Unión Europea no ano 2006. <b>Fonte: Varela, Nuria: Op. Cit, paxs 219-220.</b></li> </ul>	<p>Rúbrica</p> <p>Rúbrica</p> <p>Rúbrica</p>	<p>1 sobre 2</p> <p>1 sobre 2</p> <p>1 sobre 2</p>
<p><b>Bloque 3. Cri. Av. 3.</b> Identificar a participación de mulleres e homes nos ámbitos público e privado, recoñecendo a diversidade de situacións discriminatorias cara as mulleres e analizando as consecuencias negativas para o desenvolvemento da autonomía persoal.</p> <p><b>Est.Apr.3.3.3.</b> Participa de maneira activa nos diálogos propostos na clase, respectando as normas de interacción, intervención e cortesía e realiza produtos (textuais, gráficos e audiovisuais) cooperando con actividades igualitarias.</p>	<p>Participa en debates e exposicións de traballos respectando as normas de interacción e cortesía e cooperando dun xeito igualitario.</p>	<p>T.03</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Copia no caderno a táboa sobre a adjudicación dos espazos público e privado na modernidade e o seu papel nos modelos de identidades masculina e feminina. <b>Fonte: De Miguel, Ana: Neoliberalismo sexual. Ed. Cátedra, 2016. Pax 233.</b></li> <li>• Participa nun debate sobre a adjudicación dos espazos público e privado na modernidade e o seu papel nos modelos de identidades masculina e feminina analizando as consecuencias negativas deste reparto.</li> </ul>	<p>Rúbrica</p> <p>Rúbrica</p>	<p>1 sobre 2</p> <p>1 sobre 2</p>
<p><b>Bloque 3. Cri. Av.4.</b> Coñecer e valorar o papel das mulleres ao longo da historia e no tempo contemporáneo, así como no proceso de ocultación sufrida.</p> <p><b>Est. Apr.3.4.1.</b>Consulta e utiliza, de forma autónoma, fontes de información básicas (dixitais e outras) para a realización de traballos sinxelos sobre o labor de mulleres representativas nalgúns dos campos do coñecemento, da realización persoal, do lecer...</p>	<p>Realiza traballos sinxelos sobre o labor das mulleres na ciencia, a arte, o lecer, etc ... seleccionando fontes de información básicas.</p>	<p>T.03</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>o Realiza unha presentación en power point, etc... sobre o labor de mulleres na ciencia, na arte, o lecer, etc seleccionando fontes de información básicas.</li> </ul>	<p>Rúbrica</p>	<p>1 sobre 2</p>
<p><b>Bloque 3. Cri. Av.5.</b> Coñecer e aplicar os mecanismos de uso da linguaxe inclusiva</p> <p><b>Est. Apr.3. 5.1.</b> Identifica os recursos lingüísticos que contribúen a visibilizar as mulleres no discurso a través do uso dunha linguaxe inclusiva.</p>	<p>Comprende a necesidade de usar unha linguaxe inclusiva para visibilizar ás mulleres no discurso.</p>	<p>T.03</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>o Le e valora o texto da Recomendación aos membros da Comunidade Económica Europea para o emprego dunha linguaxe que reflecta o principio de igualdade entre mulleres e homes. <b>Fonte: Varela, Nuria: Feminismo para principiantes, op.cit. Paxs 377-378</b></li> </ul>	<p>Rúbrica</p>	<p>1 sobre 2</p>

<p><b>Bloque 3. Cri. Av.5.</b> Coñecer e aplicar os mecanismos de uso da linguaxe inclusiva</p> <p><b>Est. Apr.3.5.2.</b> Incorpora, de xeito gradual, a linguaxe inclusiva nas súas intervencións orais e producións escritas.</p>	<p>Procura incorporar, de forma gradual, nas súas intervencións e escritos unha linguaxe inclusiva.</p>	<p><b>T.03</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>o Recolle no caderno algunhas das principais repercusións que se seguen ao ignorar a necesidade de usar unha linguaxe inclusiva. <b>Fonte: Amparo Moreno: O arquetipo viril protagonista da historia. Ed La Sal, ,1987. Pax 49.</b></li> </ul>	<p>Rúbrica</p>	<p>1 sobre 2</p>
<p><b>Bloque 3. Cri. Av.6.</b> Incorporar as principais aprendizaxes á realidade persoal e social.</p> <p><b>Est. Apr. 3.6.1.</b> Identifica actitudes positivas propias ou no seu contorno situacións de cambio que conduzan á igualdade entre sexos.</p>	<p>Identifica e sinala situacións e actitudes igualitarias propias ou no seu contorno.</p>	<p><b>T.03</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>o Le e identifica os principais riscos sinalados por José Angel Lozoya na súa ponencia "Homes pola igualdade" cando non se fai ningún tipo de valoración crítica do modelo tradicional de masculinidade. <b>Fonte: Varela, Nuria: Feminismo para principiantes, op.cit. Pags 333-335.</b></li> <li>o Analiza textos breves nos que se expón a necesidade de transmitir modelos masculinos igualitaristas. <b>Fonte: Varela, Nuria: Feminismo para principiantes, op.cit. Pags 335-336</b></li> </ul>	<p>Rúbrica</p>	<p>1 sobre 2</p>
<p><b>Bloque 3. Cri. Av.6.</b> Incorporar as principais aprendizaxes á realidade persoal e social.</p> <p><b>Est. Apr.3.6.2.</b> Realiza propostas para conseguir a ampliación de dereitos e acadar así a igualdade real e efectiva, así como a visibilidade social da muller.</p>	<p>Fai propostas para conseguir a ampliación de dereitos e a visibilidade social das mulleres.</p>	<p><b>T.03</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>o Elabora en grupo algunhas propostas concretas que favorezan a visibilidade social das mulleres asumindo a perspectiva igualitaria (reelaboración dun anuncio publicitario en clave non sexista, suxestións para unhas relacións humanas igualitarias e respectuosas, etc...) e exposición do traballo na clase.</li> </ul>	<p>Rúbrica</p>	<p>1 sobre 2</p>
<p><b>Bloque 4. Cri. Av.1.</b> Comprender que as distintas desigualdades derivan en discriminacións e violencias.</p> <p><b>Est. Apr.4.1.1.</b> Identifica e xerarquiza feitos, actitudes e comportamentos discriminatorios e relacións coa violencia machista.</p>	<p>Identifica e relaciona os comportamentos e actitudes discriminatorios coa violencia machista.</p>	<p><b>T.04</b></p>	<p style="text-align: center;"><b>Bloque 4: 6 sesións</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>o Le a Resolución da Asamblea Xeral 48/104, ONU, 1994 no que se aborda de forma explícita a violencia de xénero e recolle no caderno a definición de violencia de xénero quese recolle nesta Resolución. <b>Fonte: estudo de Victoria Ferrer e Esperanza Bosch en Elisa Jato e Lucía Iglesias: Xénero e educación social. Ed Laiovento, pax 295.</b></li> </ul>	<p>Rúbrica</p>	<p>1 sobre 2</p>

<p><b>Bloque 4. Cri. Av.2.</b> Identificar, recoñecer e analizar as consecuencias dos distintos tipos de violencia machista.</p> <p><b>Est. Apr.4.2.1.</b> Identifica algúns tipos de violencia a partir de exemplos diversos e clasifícaos (violencia psicolóxica, física...).</p>	<p>Clasifica os diversos tipos de violencia machista e analiza as súas consecuencias.</p>	<p><b>T.04</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>o Recolle no caderno breves definicións de malos tratos psíquicos, físicos e sexuais. <b>Fonte: estudo de Victoria Ferrer e Esperanza Bosch en Elisa Jato e Lucía Iglesias: Xénero e educación social. Ed Laiovento, pax 298-299.</b></li> <li>o Recolle no caderno a clasificación dos tipos de violencia contra as mulleres. <b>Fonte: estudo de Victoria Ferrer e Esperanza Bosch en Elisa Jato e Lucía Iglesias: Xénero e educación social. Ed Laiovento, pax 296.</b></li> <li>o Clasifica, a partir de exemplos, algúns dos tipos de violencia de xénero. <b>Fonte: estudo de Victoria Ferrer e Esperanza Bosch en Elisa Jato e Lucía Iglesias: Xénero e educación social. Ed Laiovento, pax 297.</b></li> </ul>	<p>Rúbrica</p> <p>Rúbrica</p> <p>Rúbrica</p>	<p>1 sobre 2</p> <p>1 sobre 2</p> <p>1 sobre 2</p>
<p><b>Bloque 4. Cri. Av.2.</b> Identificar, recoñecer e analizar as consecuencias dos distintos tipos de violencia machista.</p> <p><b>Est. Apr.4.2.2.</b> Recoñece o ciclo da violencia a partir de situacións de agresións propostas</p>	<p>Recoñece as fases do ciclo da violencia machista partir da análise situacións de agresións concretas.</p>	<p><b>T.04</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>o Anota no caderno o esquema das fases do ciclo da violencia machista en función do estudo realizado polo colectivo <i>Do rosa ao violeta...</i> <b>Fonte:</b></li> </ul>	<p>Rúbrica</p>	<p>1 sobre 2</p>
<p><b>Bloque 4. Cri. Av.3.</b> Identificar os diversos sinais de alerta para detectar e prever a violencia machista nas relacións interpersonais propias e/ou do seu contorno.</p> <p><b>Est. Apr.4.3.1.</b> Recoñece os sinais de alerta que permiten distinguir un caso de violencia machista, identifícaos en casos prácticos e denuncia as condutas violentas.</p>	<p>Identifica algúns dos sinais de alerta que permiten detectar e prever a violencia machista e pon algún exemplo práctico.</p>	<p><b>T.04</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>o Identifica e recolle no caderno algunhas das técnicas que os maltratadores empregan para controlar ás mulleres. <b>Fonte: estudo de Victoria Ferrer e Esperanza Bosch en Elisa Jato e Lucía Iglesias: Xénero e educación social. Ed Laiovento, pax 299.</b></li> <li>o Identifica algúns dos comportamentos, actitudes ou sinais que permiten identificar os trazos do acoso sexual das mulleres no traballo. <b>Fonte: estudo de Victoria Ferrer e Esperanza Bosch en Elisa Jato e Lucía Iglesias, op. ci.t pax 306.</b></li> </ul>	<p>Rúbrica</p>	<p>1 sobre 2</p>





### 3 e) **Concrecións metodolóxicas**

A materia de Igualdade de xénero brinda a posibilidade de pór en práctica metodoloxías didácticas activas e contextualizadas que faciliten a participación do alumnado en traballos cooperativos, a realización de tarefas, a aprendizaxe baseada en problemas e resolución de conflitos, o estudo de casos, etc... metodoloxías que confiren ao alumnado o papel de axente activo da súa propia formación; mais tamén se suxire a posibilidade de colaborar con outros departamentos didácticos e/ou servizos do centro, como por exemplo o departamento de Orientación para acrecentar o carácter integral e multidisciplinar da materia.

De seguido sinalamos o conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados.

### 3 f) **Materiais e recursos Didácticos**

Dado que non contamos con libro de texto, o alumnado disporá dos seguintes recursos didácticos:

**Plataforma Edixgal:** Nela entregaranse todas as actividades de aprendizaxe non realizada na aula, sexan individuais ou grupais: carteis, presentación de pequenos traballos de investigación en power point, elaboración, análise e comentario de gráficas , audiovisuais, etc ...

#### **Caderno de Aula**

No que o alumnado recollerá os apuntamentos de clase e as actividades que se realicen na aula.

#### **Outros Recursos Didácticos**

*Enderezos da Internet.* De seguido presentamos unha listaxe de enderezos útiles para reforzar e complementar os contidos, habilidades e competencias traballadas en cada tema.

[www.hombresigualdad.com](http://www.hombresigualdad.com); [www.ahige.org](http://www.ahige.org).

[http://webeducastur.princast.es/proyectos/coeduca/?page\\_id=111](http://webeducastur.princast.es/proyectos/coeduca/?page_id=111).

<http://www.huffingtonpost.com>.

<http://www.femiteca.com>

<https://www.diagonalperiodico.net/panorama/violencia-machista-debate.html>.

<https://www.diagonalperiodico.net/libertades/neomachismos-nuevos-ataques-nuevas-respuestas.html>.

<http://www.dilemata.net/revista/index.php/dilemata/issue/view/17/showToc>.

<http://www.feminicidio.net>.

[www.estudios.lacaixa.es](http://www.estudios.lacaixa.es)

<http://mulheresrebeldes.blogspot.com>

web da Coalición Internacional contra o Tráfico de mulleres.

<http://www.e-igualdad.net/>

<http://www.mujaresenlahistoria.com/>

<http://youtube/LWa8FIKgTc0>

<http://campusrelatoras.com/>

- O mito do amor romántico
- A construción cultural do amor e os afectos.

[http://www.educarenigualdad.org/Dap\\_Materiales.aspx](http://www.educarenigualdad.org/Dap_Materiales.aspx)

- Interesante Glosario de termos relacionados con Igualdade de xénero.

<http://www.edualter.org/material/actualitat/genere/index.htm>

<http://igualmente.org/>

- Prevención da violencia de xénero.

<http://www.guiaviolenciadegenere.com/>

- Moita información para adolescentes sobre que é a violencia de xénero e claves para detectar cando unha relación afectiva non é igualitaria.

<http://www.laotrapagina.com/>

- Linguaxe non sexista.

<http://www.juntadeandalucia.es/institutodelajuventud/sites/miraporlaigualdad/>

- Imaxes sexistas nos medios de comunicación, corresponsabilidade, a violencia de xénero, etc...

<http://espaisperalaigualtat.blogspot.com/>

- Prevención violencia de xénero.

<http://web.educastur.princast.es/proyectos/coeduca/>

- Igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

<http://www.rayuela.org/>

- Web dos dereitos da infancia.

[http://www.portuigualdad.info/cuentos\\_portu\\_igualdad-es/](http://www.portuigualdad.info/cuentos_portu_igualdad-es/)

- Contos pola igualdade.

<http://webs.uvigo.es/pmayobre>

- Feminismo, xénero e identidades.

<http://www.gencat.cat/icdones/tmr/esp/programa1.html>

- Sensibilización contra a violencia de xénero.

<http://www.edualter.org/>

- Recursos educación para a paz, desenvolvemento e interculturalidade.

<http://www.educa.madrid.org/portal/web/educamadrid>

- Aplicación das novas tecnoloxías ao mundo educativo.

<http://www.fundacionmujeres.es/maletincoeducacion/default.htm>

- Fórmulas para a igualdade. Materiais coeducativos.

[http://www.portuigualdad.info/juegos\\_portu\\_igualdad-es/](http://www.portuigualdad.info/juegos_portu_igualdad-es/)

Xogos sobre a igualdade e linguaxe non sexista.

<http://webpages.ull.es/users/manarea/sexpresan/multimedia/Sexpresan.swf>

- Educación afectivo- sexual.

<http://www.contravientoymarea.org/>

- Video de ACNUR para poñerse na pel dos refuxiados/as.

<http://www.culturagalega.org/album/bibliografia.php>

- Album de mulleres.

[http://www.parlamentodegalicia.com/sitios/web/BibliotecaLeisdeGalicia/Lei\\_02\\_2014.pdf](http://www.parlamentodegalicia.com/sitios/web/BibliotecaLeisdeGalicia/Lei_02_2014.pdf)

- Lei do 14 de abril de 2014 pola igualdade de trato e non discriminación LGTBI

[http://www.parlamentodegalicia.com/sitios/web/BibliotecaLeisdeGalicia/Lei12\\_2016.pdf](http://www.parlamentodegalicia.com/sitios/web/BibliotecaLeisdeGalicia/Lei12_2016.pdf)

- Lei galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero.

[http://www.parlamentodegalicia.com/sitios/web/BibliotecaLeisdeGalicia/DLexislativo2\\_2015.pdf](http://www.parlamentodegalicia.com/sitios/web/BibliotecaLeisdeGalicia/DLexislativo2_2015.pdf)

- Decreto no que se recollen as disposicións legais en materia de igualdade na Comunidade galega.

### **Fontes bibliográficas escritas**

**Materiais de coeducación: femenino e masculino**; Ed. Xerais, 1995

**Cátedra novacaixagalicia de estudos feministas**. Ed Difusora de letras, artes e ideas, SL, 2011

Carlos Fernández González en Elisa Jato e Lucía Iglesias: **Xénero e educación social**. Ed Laivento.

Amparo Moreno: **El arquetipo viril protagonista de la historia**. Ed La Sal, ,1987.

Mary Wollstonecraft, **Vindicación de los derechos de lamujer**,

Soledad Murillo, **El mito de la vida privada**, Madrid. Siglo XXI, 2006.

Nuria Varela: **Feminismo para principiantes**, Ediciones B, 2008

Victoria Ferrer e Esperanza Bosch en Elisa Jato e Lucía Iglesias: **Xénero e educación social**. Ed Laivento,

Ana de Miguel: **Neoliberalismo sexual**. Ed. Cátedra, 2016

Chimamanda Ngozi Adichie, **Todos deberíamos ser feministas**, Random House; 2016.

Gemma Lienas, **El diario violeta de Carlota**.

2002: **Íbamos a ser reinas. Mentiras y complicidades que sustentan la violencia contra las mujeres**, Ediciones B, Barcelona, 4a edición (2008)

2008: **Martín y la pirata Candela**, Hotel Papel Ediciones, Colección: Cuentos para crecer en igualdad

2012: **La voz ignorada. Ana Orantes y el fin de la impunidad**, en Debate

Paul B. Preciado: **Un apartamento en Urano**. Anagrama, Barcelona 2019

Inés Fernández Buján: **As mulleres na filosofía**. Baía edicións, A Coruña 2006

Diana López Varela: **No es país para coños**. Ediciones Península, Barcelona 2016

Lola Venegas, isabel M. Reverte, Margó Venegas: **la guerra más larga de la historia**. Planeta, Barcelona 2019

Carme Adán: **Feminicidio**. Editorial Galaxia, Vigo 2018

Rebecca Solnit: **Los hombres me explican cosas**. Capitán Swing, Madrid 2016

**Actividades.** Tentaremos desenvolver a maior parte das deseñadas como concreción dos estándares de aprendizaxe e dos criterios de avaliación.

**Presentación e exposición das actividades desenvolvidas** ben a nivel individual, ben a nivel grupal polo que se refire á realización de produtos tales como carteis, power point para presentar na clase, elaboración de gráficas , audiovisuais, etc ...

### 3 g) Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción

Para superar a materia, os alumnos e alumnas deberán demostrar competencia suficiente nos seguintes criterios xerais de avaliación:

1.- **Ler comprensivamente** e analizar de forma crítica textos significativos e breves que estean relacionados coa temática a tratar en cada unidade didáctica

Contidos relacionados: **B1.2; B1.3; B1.5; B1.2; B2.4; B2.5; B2.6; B3.1; B3.2; B3.5; B5.1; B5.2; B5.4**

2.- **Argumentar e razoar** os propios puntos de vista sobre as temáticas estudadas na unidade, de forma oral e escrita, con claridade e coherencia

Contidos relacionados: B1.3; B1.4; B1.5; B2.1; B2.4; B2.5; B2.6; B3.2; B3.4; B3.6; B5.1; B5.3.

3.- **Seleccionar e sistematizar información** obtida de distintas fontes.

Contidos relacionados: B1.2; B1.3; B1.4; B2.2; B3.2; B5.6.

4.- **Analizar e argumentar** sobre **Igualdade de xénero**, elaborando de xeito colaborativo esquemas, mapas conceptuais, e outros procedementos útiles, mediante o uso de medios e plataformas dixitais.

Contidos relacionados: B1.4; B1.5; B2.2; B2.5; B3.1; B3.2; B3.4; B5.1; B5.3.

5.- **Coñecer e comprender** a especificidade e a importancia dos **Igualdade de xénero** a partir dos cales se vaia construindo, desde a reflexión, un código ético que determinará as decisións para guiar a conduta.

Contidos relacionados: B1.1; B1.3; B2.1; B2.6; B3.1; B3.7; B5.1; B5.2; B5.5; B5.6.

6.- **Comprender e utilizar** con precisión o **vocabulario técnico** da materia de **Igualdade de xénero** realizando un glosario de termos de xeito colaborativo mediante as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías.

Contidos relacionados: B1.1; B1.4; B1.5; B2.3; B2.5; B3.1; B5.1;.

O seguimento e avaliación das aprendizaxes do alumnado realizarase a diario coa observación na aula e nos portafolios/ cadernos de clase. O cálculo das cualificacións farase a partires das rúbricas propostas.

VE Rúbrica Igualdade de xénero				
-----------------------------------	--	--	--	--

<b>A. Elaboración de resúmenes</b> <b>B. Elaboración de táboas</b>	<b>0</b> Non é capaz de resolver exercicios básicos/comprender textos nin contestar ás cuestións/nin de facer reflexións	<b>1</b> Resolve exercicios/comprende textos/fai reflexións de nivel básico	<b>1.5</b> Resolve exercicios/comprende textos/fai reflexións de nivel medio	<b>2</b> Resolve exercicios/comprende textos/fai reflexións de nivel avanzado
<b>B. Participación en debates</b>	<b>0</b> Non participa nin mostra interese	<b>1</b> Participa pero ten dificultade en seguir as normas	<b>1.5</b> Participa e segue as normas	<b>2</b> Participa, segue as normas e fai aportacións moi relevantes.
<b>C. Investigación</b>	<b>0</b> Non participa nin mostra interese	<b>1</b> Traballa pero ten dificultades nos procedementos	<b>1.5</b> Traballa e segue os procedementos	<b>2</b> Traballa, segue os procedementos e mostra iniciativa persoal
<b>D. Traballo con textos: comentarios breves, ideas fundamentais, etc.</b>	<b>0</b> Non participa nin mostra interese	<b>1</b> Traballa pero ten dificultades nos procedementos	<b>1.5</b> Traballa e segue os procedementos	<b>2</b> Traballa, segue os procedementos e mostra iniciativa persoal
<b>E. Presentacións dixitais</b>	<b>0</b> Non participa nin mostra interese	<b>1</b> Traballa pero ten dificultades nos procedementos	<b>1.5</b> Traballa e segue os procedementos	<b>2</b> Traballa, segue os procedementos e mostra iniciativa persoal
<b>F. Elaboración de murais /gráficos/audios</b>	<b>0-</b> Non participa nin mostra interese	<b>1</b> Traballa pero ten dificultades nos procedementos	<b>1.5</b> Traballa e segue os procedementos	<b>2</b> Traballa, segue os procedementos e mostra iniciativa persoal
<b>G.Escenificacións</b>	<b>0-</b> Non participa nin mostra interese	<b>1</b> Traballa pero ten dificultades nos procedementos	<b>1.5</b> Traballa e segue os procedementos	<b>2</b> Traballa, segue os procedementos e mostra iniciativa persoal

<b>H .Audiovisuais</b>	<b>0-</b> Non participa nin mostra interese	<b>1</b> Traballa pero ten dificultades nos procedementos	<b>1.5</b> Traballa e segue os procedementos	<b>2</b> Traballa, segue os procedementos e mostra iniciativa persoal
<b>I.Traballos en grupo</b>	<b>0-</b> Non participa nin mostra interese	<b>1</b> Traballa pero ten dificultades nos procedementos	<b>1.5</b> Traballa e segue os procedementos	<b>2</b> Traballa, segue os procedementos e mostra iniciativa persoal

	mostra interés	dificultades nos procedementos	os procedementos	procedementos e mostra iniciativa persoal
--	----------------	-----------------------------------	------------------	---

### Rúbrica para avaliar o traballo do caderno:

	( CASE ) NUNCA (0)	ÁS VECES ( 1 )	(CASE) SEMPRE (1,5)	SEMPRE (2)
Aparece a data na que toman os apuntamentos na que se realizan as actividades, etc.?				
Ao realizar unha actividade, cópiase o enunciado, ou polo menos indícase o seu número e onde encontralo (páxina do libro, fotocopias,internet, etc...)				
Mantívose a organización, a orde e a limpeza, tanto nos apuntamentos coma na realización das actividades?				
Incluíronse correccións e aclaracións sempre que foi necesario?				
Recóllese todo o contido necesario, indicando a súa diversa Importancia?				
Coidouse a ortografía e o uso correcto dos símbolos e a notación apropiados?				

### Mecanismos de recuperación:

O alumnado que non acade o grao mínimo de consecución indicado poderá realizar as seguintes actividades para recuperalos:  
 Actividades no caderno de clase ou aula virtual: Terá que repetir actividades ou realizar outras específicas asignadas polo profesorado.

### **Avaliación final**

A cualificación final será o resultado de facer a media das obtidas durante o curso segundo a rúbrica proposta incorporando as cualificacións das actividades de recuperación.

### **Avaliación extraordinaria**

O alumnado que non acadara o grao mínimo de consecución indicado nas actividades do curso terá que repetilas segundo as instrucións do profesorado. As datas e lugares de entrega publicaranse na plataforma e-Dixgal e na Aula Virtual do centro.

**Criterios de promoción:** A cualificación mínima para aprobar é un 5 pero na sesión final de avaliación teranse en conta os criterios de promoción establecidos polo centro.

### **3 h) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.**

Farase un seguimento utilizando a seguinte táboa:

Grao consecución	Nada	Suficiente	Ben	Excecente	Observacións e propostas de mellora
A temporalización foi axeitada					
Os materiais foron apropiados					
Os instrumentos de avaliación foron efectivos					
Abarcaronse tódolos estándares					
Atendeuse a diversidade do alumnado					
Incorporáronse as TICs ao proceso					

### **3 i) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.**

Non pode haber alumnado nesta situación porque esta materia so se imparte en 2º de ESO.

### **3 k) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas**

Actividade: Redacción sobre algún aspecto da problemática de xénero (feita por escrito e presentada oralmente).

Elementos avaliáveis: Autonomía individual, capacidade para seguir instrucións, competencia comunicativa (expresión oral e escrita).

Decisións posteriores: Medidas colectivas (organización de espazos, se é posible, actividades con distintos niveis...) e individuais (contacto co departamento de orientación para activar protocolos en casos específicos)

### **3 l) Medidas de atención á diversidade**

Decisións que se tomarán unha vez realizadas as actividades e a xunta de avaliación inicial:

#### **Na programación de actividades:**

Implantación de distintos niveis de actividades

#### **Organización do grupo ou aula**

Reorganización do grupo para facilitar a integración de todo o alumnado.

#### **Alumnado con necesidades educativas especiais**

Activación do protocolo de actuación en coordinación co departamento de orientación.

Tomaranse as decisións en colaboración co Departamento de Orientación tendo en conta a adaptación dos contidos máis axeitada en relación coa problemática do alumnado e axustaranse os instrumentos de avaliación en consecuencia.

### **3 m) Concreción dos elementos transversais**

- A materia implica educar en valores durante todo o curso, pero presentaremos especial atención ás actitudes sexistas para promover o respecto e as relacións igualitarias.

- **Fomento da lectura:** Potenciar o gusto pola lectura, as habilidades de lectoescritura e as capacidades reflexivas inherentes a unha lectura en valores constitúe un dos obxectivos deste elemento transversal. É preciso desenvolver estratexias de lectura reflexiva que favorezan as potencialidades do alumnado para realizar unha lectura en valores. Entendemos que é fundamental promover a reflexión e o diálogo arredor das lecturas entre o alumnado como medio para iniciar postas en común das propias motivacións, valores ou opinións. Debemos entender a lectura como unha fonte de coñecemento, de enriquecemento lingüístico e desenvolvemento moral imprescindible na nosa sociedade.

Nos catro bloques que constitúen o currículo de *Igualdade de xénero* contribúese de xeito explícito ao fomento da lectura pois o alumnado realiza en tódalas sesións lecturas concretas que aparecen tanto no libro de texto como as sinaladas pola profesora para realizar fora da aula.



**-Comprensión lectora:** En cada bloque dos contidos curriculares aparecen textos que se traballan de forma explícita para avaliar o nivel de comprensión lectora do alumnado. Concretamente B1.2; B1.3; B1.5; B1.2; B2.4; B2.5; B2.6; B3.1; B3.2; B3.5; B5.1; B5.2; B5.4

**-Expresión oral e escrita:** Este elemento transversal está presente na realización de múltiples exercicios que diariamente se traballan na aula e concretamente nos apartados B1.4; B1.5; B2.2; B2.5; B3.1; B3.2; B3.4; B5.1; B5.3

**-Tecnoloxías da Información e da comunicación:** No curso iniciai da ESO deberá introducirse ao alumnado no coñecemento e uso do ordenador mediante a súa utilización como recurso didáctico complementario para reforzar ou ampliar as aprendizaxes que se levan a cabo na aula. Os diferentes contidos e Competencias Clave traballaranse tanto desde o uso das ferramentas tradicionais como na realización de actividades interactivas, comentario de imaxes ou vídeos extraídos da Internet ou co apoio doutros contidos e aplicacións procedentes da web ou dos mass-media.

Este elemento transversal esta presente nos bloques B2.1; B2.2; B3.4.

**-Educación social e cívica:** Este elemento educativo transversal pretende o desenvolvemento das alumnas e os alumnos como persoas dignas e íntegras, o que esixe reforzar a autonomía, a autoestima e o afán de superación, e favorecer o espírito crítico para axudar á construción de proxectos persoais de vida. Tamén se contribúe a mellorar as relacións interpersoais na medida en que a educación cívica e constitucional favorece a utilización sistemática do diálogo. Para isto, propóñense actividades que favorecen a convivencia, a participación, o coñecemento da diversidade e das situacións de discriminación e inxustiza, que deben permitir consolidar as virtudes cívicas necesarias para unha sociedade democrática.

Así mesmo, contribúese a adquirir o coñecemento dos fundamentos e os modos de organización das sociedades democráticas, a valorar positivamente a conquista dos dereitos humanos e a rexeitar os conflitos entre os grupos humanos e as situacións de inxustiza.

Está presente nos bloques do currículo: B1.1.; B1.2.; B1.3.; B1.4.; B1.5.; B1.6.; B2.1.; B2.2.; B2.2.; B2.5.; B2.6.; B2.6.; B2.6.; B3.1.; B3.1.; B3.2.; B3.4.; B3.4.; B3.5.; B3.6.; B3.6.; B5.2.; B5.2.; B5.2.; B5.3.

**-Emprendemento:** O desenvolvemento do Emprendemento céntrase en cinco dimensións ou capacidades do alumnado:

1. Dimensión da interacción social. Somos seres en relación, en comunicación con outros. Ningún proxecto de emprendizaxe ten sentido en solitario, a rede de persoas e contactos con clientes, provedores e outros profesionais é esencial.
2. Dimensión da motivación e a forza interior. A motivación de logro, as emocións proactivas, as crenzas positivas, a realización persoal, o desenvolvemento dos propios talentos e a autonomía persoal son esenciais para a emprendizaxe, para saír da zona de confort e enfrontar os retos con ilusión e valentía.
3. Dimensión da mellora-innovación. A creatividade é unha ferramenta básica no emprendedor, a capacidade de satisfacer novas necesidades, mellorar procesos e achegar valor. Isto implica apertura e curiosidade, perseverancia, imaxinación e tamén rigor.
4. Dimensión ético-humanista. Os bos negocios fanos as boas persoas. Un negocio malo, desde o punto de vista ético, acaba sendo un mal negocio. Por desgraza vemos todos os días noticias e exemplos de malos negocios. O emprendedor/a necesita unha ética como principio persoal e tamén como estratexia a longo prazo da sostibilidade do seu negocio, construindo relacións de confianza cos seus clientes.

**5.** Dimensión simbólico-comunicativa. A capacidade de expresar as ideas en varios formatos comunicativos como debuxos, mapas, narracións, formas de falar tanto verbal como non verbal, é fundamental para a emprendizaxe, porque de nada vale ter boas ideas e proxectos se non sabemos vendelas, se non convencemos a sociedade disto, se non persuadimos.

Este elemento transversal aparece no currículo nos apartados seguintes B1.2.; B1.3.; B1.4.; B1.5.; B1.6.; B1.7.; B1.7; B2.1.; B2.5.; B2.5.; B3.6.; B5.2.

### ***n) Actividades complementarias e extraescolares***

Son varias as actividades complementarias que se poden realizar durante o curso e que están estreitamente relacionadas cos contidos propios da materia Igualdade de xénero pero dada a situación de pandemia que estamos sufrindo e, seguindo as indicacións da dirección do centro, tentaremos “evitar as actividades complementarias que impliquen utilización de períodos lectivos doutras materias e evitaremos as actividades extraescolares nas que teñamos que relacionarnos con persoas alleas ao centro así como, se é posible, os fluxos innecesarios de xente”. Se se modifica a situación e finalmente se poden realizar actividades complementarias e extraescolares, tentarase contactar con:

Algún/ha representante dun colectivo de mulleres feministas para que conte ao alumnado a súa experiencia persoal e as actividades e obxectivos que leva a cabo a súa organización.

As avoas que poidan acudir ao centro, onde as/os netas/os, mediante o formato de entrevista, lles preguntarán sobre o cambio da situación da muller dende a súa infancia e mocidade ata hoxe.

Traballadores/as de distintas institucións de carácter político (Concello, Deputación, etc.), para que o alumnado reciba información de primeira man sobre o funcionamento das mesmas en concreto en relación coa problemática de xénero.

Realizaranse algunhas saídas durante a sesión lectiva para realizar traballos de campo (enquisas, gravacións, recollida de datos..)

As actividades extraescolares sempre estarán pendentas da coordinación cos responsables de outras materias xa que ao ser unha materia optativa é moi difícil organizar actividades propias que non teñan repercusións negativas no funcionamento diario do centro.

## **4. Filosofía. 4º ESO**

(Non se imparte este curso)

## 5. Antropoloxía 1º Bacharelato

(Non se imparte este curso)

## 6. Filosofía 1º Bacharelato

### **6 a) *Introdución e contextualización.***

A materia de Filosofía capacita o alumnado para o exercicio do pensamento crítico e independente, co que alcanzar unha mellor comprensión do mundo globalizado e de si mesmo /a. Grazas a esta materia, os alumnos e as alumas adquiren a aptitude de entretecer unha defensa racional e razoable da súa autonomía, da súa dignidade e dos seus dereitos nun contexto en vías de globalización. O pensamento filosófico achega os coñecementos teóricos e as destrezas prácticas para entender, analizar e propor solucións aos desafíos intelectuais e morais do século XXI. Asemade, a materia de Filosofía ofrece os fundamentos conceptuais dos principios e dos valores da paz e da seguridade mundiais: democracia, imperio da lei, dereitos humanos, tolerancia, xustiza, igualdade e liberdade. Os métodos filosóficos achegan enfoques plurais e contrastados que permiten albiscar saídas aos problemas que afectan a convivencia humana. A aprendizaxe do tratamento racional e dialogado destes asuntos disipa o recurso á violencia e á guerra, e fomenta a paz e a seguridade global e local.

En segundo lugar, a materia de Filosofía impulsa no alumnado o valor da indagación e a reflexión argumentada para descubrir prexuízos, xerar claridade respecto a os obxectivos e ao sentido da vida, valorar a calidade dos argumentos, detectar sofismas e falacias, resistir a presión arbitraria dos/das superiores e dos/das pares, atopar puntos de encontro entre posicións diferentes, humanizar as persoas con quen estamos obrigados/as a convivir. É por iso que o tratamento na aula desta materia ten que facer reflexionar ao alumnado sobre as razóns da presenza maioritariamente masculina na produción filosófica desde as súas orixes, ao tempo que debe dar visibilidade ao pensamento filosófico na muller.

### **6 b) *Contribución ao desenvolvemento das competencias clave***

No cadro do deseño curricular figuran as competencias clave relevantes para cada estandar educativo. A continuación resumimos a contribución da materia de Filosofía ao desenvolvemento das competencias clave .

#### **Comunicación lingüística (CCL).**

A materia de filosofía contribuirá ao desenvolvemento desta competencia clave que é, ademais, instrumental para a aprendizaxe en xeral. Practicaremos tanto a expresión escrita no portafolio dixital/caderno de clase como a oral en clase.

Orientaremos e ensinaremos a realizar escritos estruturados, ben presentados e con pulcritude ortográfica.

### **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).**

Puntualmente utilizaranse ferramentas matemáticas e tecnolóxicas para a realización de tarefas e proxectos. Insistirase na necesidade dunha análise crítica da ciencia e a tecnoloxía.

### **Competencia dixital (CD).**

As actividades programadas contribuirán a que o alumnado aprenda como xestionar a información (busca, selección), transformar a información en coñecemento, e crear contidos utilizando ferramentas dixitais. Así mesmo abordarase os aspectos relacionados coa transmisión dos contidos creados (seguridade e licenzas)

### **Aprender a aprender (CAA).**

O desenvolvemento desta competencia abordarase dende dúas vertentes: a motivación (seleccionando actividades de interese para o alumnado) e a importancia de saber seguir instrucións e procedementos na realización das tarefas.

### **Competencias sociais e cívicas (CSC).**

As competencias sociais e cívicas están presentes en toda a materia pero serán o núcleo central dos contidos do Bloque 6 (A racionalidade práctica)

### **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).**

O sentido de iniciativa e espírito emprendedor serán fomentados e valorados na realización dos proxectos incluídos na programación

### **Conciencia e expresións culturais (CCEC).**

As aportacións das distintas correntes filosóficas mostrarase como un exemplo de expresión cultural relacionada co resto do contexto histórico.

## **6 c) Concreción dos obxectivos**

### Referencias legais

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia no seu artigo 26 establece que o Bacharelato contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

a. Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

- b. Consolidar unha madureza persoal e social que lles permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c. Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes, e en particular a violencia contra a muller e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d. Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.
- e. Dominar, tanto na súa expresión oral como escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f. Expresarse con fluidez e corrección nunha ou mais linguas estranxeiras.
- g. Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e a comunicación.
- h. Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellora da súa contorna social.
- i. Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l. Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m. Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n. Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

Os obxectivos anteriores relaciónanse cos contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, competencias... no apartado seguinte. Mentres que os que seguen non se mencionan nesas cadros polo que non son obxectivos desta materia:

- ñ. Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o. Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p. Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia e contribuír a súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

#### ***6 d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable da temporalización, o grao mínimo de consecución e os procedementos e instrumentos de avaliación.***

Distribución do currículo en Uds

No seguinte cadro recóllese o deseño curricular feito a partir do establecido no Decreto polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. No Anexo I Bloque de materias troncais **Filosofía** sinala

os obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias. Inclúense as actividades especificando a temporalización, os instrumentos de avaliación e o grao mínimo de consecución para aprobar.

No	Título da UD	Descrición	Duración (sesións)
1	O Coñecemento	Bloque 3 e parte do 4	15 (1ª Avaliación)
2	O saber científico	Bloque 3	9 (1ª Avaliación)
3	O saber filosófico	Bloque 2	12 (1ª Avaliación)
4	A verdade e a lóxica	Bloque 2	12 (2º Avaliación)
5	Antropoloxía	Bloque 4	12 (2ª Avaliación)
6	A Ética	Bloque 5	15 (3ª Avaliación)
7	A Política	Bloque 5	15 (3º Avaliación)

Bloque 2: O saber filosófico.							
Ob	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave	Actividades	Temp ses.	Instr. de Aval., grao mínimo e peso na cualificación
b d e h	B2.1. A Filosofía. O seu sentido, a súa necesidade e a súa historia. B2.2. O saber racional. A explicación pre-racional: mito e maxia. A explicación racional: a razón e os sentidos. B2.3. Funcións e vixencia da Filosofía.	B2.1. Coñecer e comprender a especificidade e importancia do saber racional en xeral, e do filosófico en particular, en tanto que saber de comprensión e interpretación da realidade, valorando que a filosofía é, á vez, un saber e unha actitude que estimula a crítica, a autonomía, a creatividade e a innovación.	FIB2.1.1. Recoñece as preguntas e problemas que veñen caracterizando a filosofía dende a súa orixe, comparando coa formulación doutros saberes, coma como o científico ou o teolóxico.	CAA	Lectura e debate sobre textos de Hesíodo, o Xénese e Aristóteles. (Mito, relixión e ciencia)  Lectura e comentario do "Mito da caverna" de Platón. Distinción entre realismo e idealismo.  Textos de Berkeley, Locke e Kant.  Actividades acerca das teorías da orixe do	10	Observación diaria 10 % Grao mínimo: 0.5 sobre 1  Actividades caderno de clase 20% Grao mínimo: 1 sobre 2  Producción escrita 10% Grao mínimo: 0.5 sobre 1

					coñecemento: con textos do empirismo, o racionalismo e o apriorismo kantiano.		Proba escrita: 60% Grao mínimo: 2 sobre 6
					Comentario de texto con cuestións sobre un texto de Julián Marías.		
					Investigación na Internet da demostración de Torricelli da presión atmosférica.		
					Lectura e debate dun texto de Mario Bunge sobre a investigación científica		
			FIB2.1.2. Explica a orixe do saber filosófico, diferenciándoo dos saberes pre-rationais, como o mito ou a maxia.	CCEC CSC			
d e	B2.4. As disciplinas teórico-prácticas do saber filosófico. B2.5. Racionalidade teórica e práctica.	B2.2. Identificar as dimensións teórica e práctica da filosofía, os seus obxectivos, características, disciplinas, métodos e funcións, relacionándoa, paralelamente, con outros saberes de comprensión da realidade.	FIB2.2.1. Identifica, relaciona e distingue as vertentes práctica e teórica do quefacer filosófico, identificando as distintas disciplinas que conforman a filosofía.	CAA CSC			
b d e g h	B2.6.O saber filosófico a través da súa historia. Características da Filosofía.	B2.3. Contextualizar histórica e culturalmente as problemáticas analizadas e expresar por escrito as achegas máis importantes do pensamento filosófico dende a súa orixe, identificando os principais problemas formulados e as solucións aportadas, e argumentando as propias opinións ao respecto.	FIB2.3.1. Recoñece as principais problemáticas filosóficas características de cada etapa cultural europea.	CCEC			
			FIB2.3.2. Expresa por escrito as teses fundamentais dalgunhas das correntes filosóficas máis importantes do	CCL			

			pensamento occidental.				
--	--	--	------------------------	--	--	--	--

### Bloque 2: O saber filosófico. Contidos transversais.

Ob	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave	Actividades
	B1.3. Uso dos procedementos de traballo intelectual (incluíndo os das Tecnoloxías da Información e a Comunicación) adecuados á Filosofía, en especial a asimilación e uso rigoroso do léxico relacionado coas temáticas filosóficas estudadas.	B2.4. Comprender e utilizar con precisión o vocabulario filosófico fundamental, realizando un glosario de termos de forma colaborativa mediante as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías.	FIB2.4.1. Comprende e usa con rigor conceptos filosóficos como razón, sentidos, mito, logos, <i>arché</i> , necesidade, continxencia, causa, existencia, metafísica, lóxica, gnoseoloxía, obxectividade, dogmatismo, criticismo, entre outros.	CCL	
	B1.1. Textos filosóficos e textos pertencentes a outras ramas do saber relacionados coas temáticas filosóficas estudadas.	B2.5. Analizar de forma crítica fragmentos de textos significativos e breves sobre a orixe, caracterización e vixencia da filosofía, identificando as problemáticas e solucións expostas, distinguindo as teses principais, a orde de argumentación, relacionando os problemas formulados nos textos co estudado na unidade e coa presentación doutros intentos de comprensión da realidade, como o científico e o teolóxico, ou outros tipos de filosofía, como a oriental.	FIB2.5.1. Le e analiza, de forma crítica, fragmentos de textos breves e significativos sobre a orixe da explicación racional e acerca das funcións e características do pensamento filosófico, pertencentes a pensadores, identificando as problemáticas filosóficas formuladas.	CCL	

### Bloque 3: O coñecemento.

Ob	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave	Actividades	Temp ses.	Instr. de Aval., grao mínimo e peso na cualificación
							Observación diaria 10 % Grao mínimo: 0.5 sobre 1  Actividades caderno de clase 20% Grao mínimo: 1 sobre 2  Producción escrita 10% Grao mínimo: 0.5 sobre 1



							Proba escrita: 60% Grao mínimo: 3 sobre 6
d e h	B3.1. Teoría do coñecemento. B3.2. Graos e ferramentas do coñecer: razón, entendemento e sensibilidade. B3.3. Abstracción. B3.4. Problemas implicados no coñecer: posibilidades, límites e intereses; o irracional.	B3.1. Coñecer de modo claro e ordenado as problemáticas implicadas no proceso do coñecemento humano, analizadas desde o campo filosófico, os seus graos, as ferramentas e as fontes, e expor por escrito os modelos explicativos do coñecemento máis significativos.	FIB3.1.1. Identifica e expresa de xeito claro e razoado os elementos e as problemáticas que implica o proceso do coñecemento da realidade, como é o dos seus graos, as súas posibilidades e os seus límites.	CLL	Actividades previas: rastreando precoñecementos  Comentario dun texto de J.L.Pinillos sobre conductas instintivas e aprendidas.  O coñecer humano. Fontes de coñecemento: A percepción.  Vídeo de Percepción e ilusiones ópticas.  Actividades previas sobre a relación entre linguaxe e realidade.  Comentario de textos de Sapir e Martinet.	11	
d e h g	B3.5. Problema filosófico do coñecemento. B3.6. A verdade como propiedade das cousas. A verdade como propiedade do entendemento: coherencia e	B3.2. Explicar e reflexionar sobre o problema do acceso á verdade, identificando as problemáticas e as posturas filosóficas que xurdiron en torno ao seu estudo.	FIB3.2.1. Coñece e explica teorías acerca do coñecemento e a verdade, como son o idealismo, o realismo, o racionalismo, o empirismo, o perspectivismo, o consenso ou o escepticismo, e contrasta semellanzas e diferenzas	CCEC	Actividades previas para rastrear preconceitos. Exemplos acerca da verdade das proposicións. Verdade das proposicións vs. Verdade dos feitos.  Lectura e comentario dun texto, en pequeno grupo, sobre a verdade como adecuación.  Lectura e comentario dun texto de Bochenski		

	<p>adequación. B3.7. Algúns modelos filosóficos de explicación do coñecemento e o acceso á verdade.</p>		<p>entre os conceptos clave que manexan.</p>		<p>acerca da verdade como coherencia.</p> <p>A verdade como evidencia: exemplos. Visionado de partes da película "El show de Truman".</p> <p>Texto de William James acerca da verdade pragmática. Comentario dun texto de Nietzsche.</p>		
			<p>FIB3.2.2. Explica e contrasta criterios e teorías sobre a verdade, tanto no plano metafísico como no gnoseolóxico, usando con rigor termos como gnoseoloxía, razón, sentidos, abstracción, obxectividade, certeza, dúbida, evidencia, escepticismo, autoridade, probabilidade, prexuízo, coherencia, adecuación, consenso, incerteza, interese, irracional, etc., e construír un glosario de conceptos de xeito colaborativo, usando internet.</p>	<p>CD CSC</p>			
<p>d e h i l</p>	<p>B.3.8. Filosofía, ciencia e tecnoloxía. A filosofía da ciencia. B3.9. Obxectivos e instrumentos da ciencia. B3.10. O método hipotético-dedutivo. B3.11. A investigación científica na modernidade e na época contemporánea: das matemáticas e a técnica como ferramentas de coñecemento e interpretación fundamentais. á reformulación dos conceptos clásicos.</p>	<p>B3.4. Coñecer e explicar a función da ciencia, os seus modelos de explicación, as súas características, os seus métodos e a tipoloxía do saber científico, expondo as diferenzas e coincidencias do ideal e a investigación científica co saber filosófico, como pode ser a problemática da obxectividade ou a adecuación teoría-realidade, argumentando as propias opinións de forma razoada e coherente.</p>	<p>FIB3.4.1. Explica os obxectivos, funcións e principais elementos da ciencia, manexando termos como feito, hipótese, lei, teoría ou modelo.</p>	<p>CMCCT</p>	<p>Actividades previas: define o que é a ciencia.</p> <p>Elaboración dun cadro sobre as semellanzas/diferencias entre filosofía, ciencia e relixión.</p> <p>Actividades previas sobre os razoamentos inductivos, deductivos e o método hipotético-deductivo.</p> <p>Comentario dun texto de Carl Hempel con cuestións acerca do método hipotético-deductivo.</p>	<p>12</p>	

					Comentario do texto de A. Muñoz Molina: "Lecciones de ciencias"		
			FIB3.4.2. Constrúe unha hipótese científica, identifica os seus elementos e razoa a orde lóxica do proceso de coñecemento.	CMCCT			
			FIB3.4.3. Usa con rigor termos epistemolóxicos como indución, hipotético-dedutivo, método, verificación, predición, realismo, causalidade, obxectividade, relatividade, caos e indeterminismo, entre outros.	CMCCT			
d e h i l	B3.12. Técnica e Tecnoloxía: saber e praxe.	B3.5. Relacionar e identificar as implicacións da tecnoloxía, en tanto que saber práctico transformador da natureza e da realidade humana, reflexionando, dende a filosofía da tecnoloxía, sobre as relacións coa ciencia e cos seres humanos.	FIB3.5.1. Extrae conclusións razoadas sobre a inquietude humana por transformar e dominar a natureza, poñéndoa ao servizo do ser humano, así como das consecuencias desta actuación, e participa de debates acerca das implicacións da tecnoloxía na realidade social.	CMCCT CSC			
b d l	B3.13. Reflexións filosóficas sobre o desenvolvemento científico e tecnolóxico: o problema da indución B3.14. A visión aristotélica do quefacer científico.	B3.6. Analizar de forma crítica fragmentos de textos filosóficos sobre a reflexión filosófica acerca da ciencia, a técnica e a filosofía, identificando as problemáticas e solucións propostas, distinguindo as teses principais, a orde da argumentación, relacionando os problemas formulados nos textos co estudado na unidade e razoando a postura propia.	FIB3.6.1. Analiza fragmentos de textos breves e significativos de pensadores como Aristóteles, Popper, Kuhn, B. Russell, A. F. Chalmers ou J.C. Borrón, entre outros.	CMCCT			
d e h i g l	B3.15. A interrelación entre a filosofía e a ciencia.	B3.7. Entender e valorar a interrelación entre a filosofía e a ciencia.	FIB3.7.1. Identifica e reflexiona de forma argumentada acerca de problemas comúns aos campos filosófico e científico, como son o problema dos límites e as posibilidades do coñecemento, a cuestión da obxectividade e a verdade, a racionalidade tecnolóxica, etc.	CMCCT			
			FIB3.7.2. Investiga e	CD			

			selecciona información en internet, procedente de fontes solventes, sobre as problemáticas citadas, e realiza un proxecto de grupo sobre algunha temática que afonde na interrelación entre a filosofía e a ciencia.	CSC			
--	--	--	--	-----	--	--	--

Bloque 4: A realidade.							
Ob	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave	Actividades	Temp ses.	Instr. de Aval., grao mínimo e peso na cualificación
D e h	B4.1. A metafísica como explicación teórica da realidade.	B4.1. Recoñecer e valorar a metafísica, disciplina que estuda a realidade en tanto que totalidade, distinguíndoa das ciencias que versan sobre aspectos particulares da mesma.	FIB4.1.1. Coñece que é a metafísica e usa a abstracción para comprender os seus contidos e actividade, razoando sobre os mesmos.	CAA	Contraponer textos de Platón e Aristóteles, sobre as respectivas concepcións metafísicas.		Observación diaria 20 % Grao mínimo: 1 sobre 2  Actividades caderno de clase 20% Grao mínimo: 1 sobre 2  Proba escrita: 60% Grao mínimo: 3 sobre 6
d e h	B4.2. A pregunta polo ser como punto de partida da Filosofía. Platón vs. Aristóteles. B4.3. A interrogación metafísica sobre a verdadeira realidade: o problema da aparencia e a realidade.	B4.2. Coñecer e explicar, dende un enfoque metafísico, os principais problemas que presenta a realidade.	FIB4.2.1. Describe as principais interpretacións metafísicas e os problemas que suscita o coñecemento metafísico da realidade.	CCEC			

	B4.4 A pregunta pola orixe e estrutura do real. B4.5. A caracterización da realidade: o cambio ou a permanencia, o substancialismo estático fronte o devir. Esencialismo e existencialismo. B4.6 A necesidade de categorizar racionalmente o real.					
			FIB4.2.3. Realiza unha análise crítica ante teorías metafísicas diverxentes de interpretación da realidade.	CAA		
			FIB4.2.4. Analiza e comprende fragmentos de textos breves e significativos sobre as problemáticas metafísicas que presenta a realidade, de pensadores como Platón, Aristóteles, Tomé de Aquino, Descartes, Marx, Nietzsche, entre outros, comparando e establecendo semellanzas e diferenzas entre os distintos enfoques e disertando de forma coherente sobre as distintas posturas históricas.	CAA		
d e h i g l	B4.7. As cosmovisións científicas sobre o universo. A filosofía da Natureza como admiración filosófica pola Natureza. B4.8. O paradigma cualitativo organicista: O universo aristotélico. B4.9. O Universo máquina: a visión mecanicista na Modernidade. Supostos epistemolóxicos do modelo heliocéntrico: A busca das leis universais dun Universo infinito. Determinismo, regularidade, conservación, economía e continuidade. B4.10. A visión	B4.3. Coñecer e comparar as explicacións dadas dende as grandes cosmovisións sobre o universo.	FIB4.3.1. Explica e compara dúas das grandes cosmovisións do Universo: o paradigma organicista aristotélico e o modelo mecanicista newtoniano.	CMCCT	Lectura e comentario de textos de Thomas Kuhn acerca do concepto de Revolución Científica.  Exposición na aula dos traballos colaborativos dos alumnos sobre as cosmovisións organicista, mecanicista e actual sobre a natureza.  Visionado dun capítulo da serie Cosmos de Carl Sagan.	

	contemporánea do Universo. B4.11. O reencontro da Filosofía e a Física na Teoría do Caos.						
			FIB4.3.2. Describe os caracteres esenciais das interpretacións relativista e cuántica contemporáneas da realidade, explicando as implicacións filosóficas asociadas a eses caracteres.				
			FIB4.3.3. Usa con rigor termos epistemolóxicos e científicos como cosmovisión, paradigma, Universo, natureza, finalismo, organicismo, determinismo, orde, causalidade, conservación, principio, mecanicismo, materia, relatividade, cuántica, espazo, tempo, azar, determinismo, indeterminismo, probabilidade, gaia, caos, entre outros.				

#### Bloque 4: Contidos transversais.

d e g h i	B1.3. Uso dos procedementos de traballo intelectual (incluíndo os das Tecnoloxías da Información e a Comunicación) adecuados á Filosofía, en especial a asimilación e uso rigoroso do léxico relacionado coas temáticas filosóficas estudadas.	B4.4. Elaborar táboas e/ou mapas conceptuais comparando os diferentes caracteres adxudicados historicamente ao Universo, entendido como totalidade do real, contextualizando histórica e culturalmente cada cosmovisión e ampliando información mediante internet e/ou fontes bibliográficas.	FIB4.4.1. Elabora esquemas, táboas e/ou mapas conceptuais comparando os diferentes caracteres adxudicados historicamente ao Universo, entendido como totalidade do real, contextualizando histórica e culturalmente cada cosmovisión e ampliando información mediante internet e/ou fontes bibliográficas.	CD			
d e h	B1.1. Textos filosóficos e textos pertencentes a outras as do saber relacionados coas temáticas filosóficas	B4.5. Ler e analizar de forma crítica textos filosóficos, epistemolóxicos e científicos sobre a comprensión da realidade, tanto desde o	FIB4.5.1. Analiza textos filosóficos e científicos,	CMCCT			

i m	estudadas	plano metafísico como desde o físico, usando con precisión os termos técnicos estudados, relacionar os problemas presentados nos textos co estudado nas unidades e razoar a postura propia					
			FIB4.5.2. Reflexiona, argumentando as súas propias ideas de forma razoada e creativa, sobre as implicacións filosóficas que afectan á visión do ser humano en cada unha das cosmovisións filosófico-científicas estudadas, e argumenta as súas propias ideas de xeito razoado e creativo	CAA			

### Bloque 5: A reflexión filosófica sobre o ser humano.

Ob	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave	Actividades	Temp ses.	
b c d e	B5.1. A reflexión filosófica sobre o ser humano e o sentido da existencia: A antropoloxía filosófica.	B5.1. Recoñecer en que consiste a antropoloxía filosófica.	FIB5.1.1. Utilizar con rigor vocabulario específico da temática, como evolución, dialéctica, proceso, progreso, emerxencia, azar, selección natural, apto, reduccionismo, creacionismo, evolución cultural, vitalismo, determinismo xenético, natureza, cultura.	CCL	Comentario do texto de Yves Coppens acerca da posible definición do ser humano.  Visionado da película "La odisea de la especie" e elaboración dun traballo individual sobre a mesma.  Revisión das diversas teorías explicativas sobre a orixe do ser humano.		Observación diaria 10 % Grao mínimo: 1 sobre 2  Actividades caderno de clase 20% Grao mínimo: 1 sobre 2  Proba escrita: 60% Grao mínimo: 3 sobre 6
d e h i	B5.2. As implicacións filosóficas da evolución. Filosofía e Bioloxía.	B5.2. Coñecer e explicar as implicacións filosóficas da evolución, relacionándoas cos contidos metafísicos e pensadores xa estudados.	FIB5.2.1. Coñece e explica as consideracións filosóficas implicadas na teoría da evolución, como a consideración dinámica e dialéctica da vida, ou o indeterminismo, entre outras.	CMCCT	Estudo da filoxénese do ser humano.  O desenvolvemento sociohistórico: texto de Marvin Harris.		
			FIB5.2.2. Analiza fragmentos	CCEC	A antropoxénese: Texto de José Antonio Marina.		

			breves e significativos de E. Morin, K. Popper, R. Dawkins, J. Mosterín, A. Gehlen, M. Harris, M. Ponty, entre outros.		Análise da dualidade Mente-Cerebro.		
d e g h i j	B5.3. A dialéctica natureza cultura no proceso de antropoxénese e de construción da identidade propia humana.	B5.3. Recoñecer e reflexionar, de forma argumentada, sobre a interacción dialéctica entre o compoñente natural e o cultural que caracterizan ao ser humano como tal, sendo o culturalmente adquirido condición para a innovación e a creatividade que caracterizan á especie.	FIB5.3.1. Identifica e expón en que consiste o compoñente natural innato do ser humano, e a súa relación cos elementos culturais que xorden nos procesos de antropoxénese e humanización, dando lugar á identidade propia do ser humano.	CCEC CSC	Revisión en gran grupo dos conceptos de instinto, aprendizaxe, coñecer humano, etc.  Lectura e comentario do texto de José Ortega y Gasset de O home e a xente.		
			FIB5.3.2. Diserta sobre o ser humano en tanto que resultado da dialéctica evolutiva entre o xeneticamente innato e o culturalmente adquirido, condición para a innovación e a capacidade creativa que caracterizan a nosa especie.	CSIEE CCEC	Análise e debate en gran grupo acerca dos elementos innatos vs. adquiridos pola especie humana.  Busca en internet sobre as actuais teorías sobre a evolución humana.		
			FIB5.3.3. Localiza información en internet acerca das investigacións actuais sobre a evolución humana, e reflicte a información seleccionada e sistematizada de xeito colaborativo.	CD CSC			
a b c e h	B1.2. Composición escrita de argumentos de reflexión filosófica e de discursos orais, manexando as regras básicas da retórica e a argumentación.	B5.4. Valorar os coñecementos adquiridos nesta unidade, rexeitando os prexuízos tanto etnocéntricos como por motivos físicos, e rexeitando así mesmo actitudes de intolerancia, inxustiza e exclusión.	FIB5.4.1. Argumenta con coherencia, baseándose nos datos obxectivos aprendidos, sobre as implicacións de adoptar prexuízos etnocéntricos para vulgar os seres humanos e as culturas.	CSC	Usando a terminoloxía precisa da antropoloxía, elaborar unha composición escrita que aborde o problema do etnocentrismo e o relativismo.		
b c d e h	B5.4. A visión grega: o heroe homérico: concepto socrático; dualismo platónico, o animal racional e político aristotélico, materialismo e individualismo helenista. B5.5. O pensamento medieval: creación á	B5.5. Coñecer e reflexionar sobre as concepcións filosóficas sobre o ser humano como tal que se viñeron dando ao longo da filosofía occidental, comparando semellanzas e diferenzas entre as sucesivas formulacións, analizando criticamente a	FIB5.5.1. Contrasta e relaciona as principais concepcións filosóficas que, sobre o ser humano, se viñeron dando historicamente.	CCEC	Lectura e comentario de textos de Homero, do dualismo platónico, de Aristóteles e dos estoicos sobre as diversas concepcións filosóficas do ser humano.		



	<p>imaxe divina, nova concepción do corpo e a alma, da morte, da liberdade.</p> <p>B5.6. O Renacemento: antropocentrismo e humanismo.</p> <p>B5.7. A Modernidade e o século XIX: razón, emocións e liberdade.</p> <p>B5.8. O ser humano na filosofía contemporánea.</p>	<p>influencia do contexto sociocultural na concepción filosófica, e valorando algunhas formulacións diverxentes que abriron camiño cara á consideración actual da persoa.</p>			<p>Lectura e comentario de textos de San Agustín e San Tomé de Aquino acerca da natureza humana.</p> <p>Texto de Pico della Mirandola.</p> <p>Texto de Rousseau acerca da natureza humana.</p> <p>Exposición e lectura de algún texto de Sigmund Freud.</p>		
			<p>FIB5.5.2. Analiza de forma crítica textos significativos e breves dos grandes pensadores.</p>	CCL	<p>Texto de J-P. Sartre.</p>		
			<p>FIB5.5.3. Usa con rigor termos como dualismo e monismo antropolóxico, areté, mente, corpo, espírito, creacionismo, antropocentrismo, teocentrismo, alma, humanismo, persoa, dignidade, sentido, estado de natureza, estado de civilización, existencia, liberdade, emoción, paixón, determinismo, alienación, nihilismo, existencia, inconsciente, morte, historia, ou transcendencia, entre outros.</p>	CCL			
b e h	<p>B5.9. As visións filosóficas orientais: budismo, taoísmo e hinduísmo.</p>	<p>B5.6 Comparar a visión filosófica occidental do ser humano coa visión filosófica oriental, budismo, taoísmo e hinduísmo, argumentando as opinións propias sobre semellanzas e diferenzas.</p>	<p>FIB5.6.1. Contrasta e relaciona as principais concepcións filosóficas que, sobre o ser humano, se viñeron dando historicamente, no contexto da filosofía occidental coa visión filosófica oriental, budismo, taoísmo e hinduísmo.</p>	CCEC			
b d e h	<p>B5.10. Algunhas claves sobre o sentido da existencia humana.</p> <p>B5.11. A cuestión do sentido, a esencia e a existencia, o eu, a</p>	<p>B5.7. Disertar, de forma oral e escrita, sobre as temáticas intrinsecamente filosóficas no ámbito do sentido da existencia, como poidan ser a cuestión do sentido, a</p>	<p>FIB5.7.1. Diserta, de forma oral e escrita, sobre as grandes cuestións metafísicas que dan sentido á existencia humana.</p>	CCL			

	liberdade, a morte, o destino, o azar, a Historia, a necesidade de transcendencia.	esencia e a existencia, o eu, a liberdade, a morte, o destino, o azar, a Historia ou a necesidade de transcendencia, entre outras.					
			FIB5.7.2. Argumenta e razoa, de forma oral e escrita, os puntos de vista propios sobre o ser humano, dende a filosofía e sobre diferentes temáticas filosóficas relacionadas co sentido da existencia humana.	CCL			
b c d e h	B5.12. A reflexión filosófica sobre o corpo. B5.13. As distintas teorías filosóficas sobre a relación mente-corpo	B5.8. Coñecer algunhas teorías filosóficas occidentais sobre o corpo humano, reflexionando de xeito colaborativo e argumentando os puntos de vista propios.	FIB5.8.1. Coñece as teorías filosóficas da relación mente-corpo: monismo, dualismo, emerxentismo; e argumenta sobre ditas teorías comparando semellanzas e diferenzas de forma colaborativa.	CMCCT			

### Bloque 6: a racionalidade práctica.

Ob	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave	Actividades	Temp ses.	Instr. de Aval., grao mínimo e peso na cualificación
	B2.5.Racionalidade teórica e práctica. B6.1 Orixe da ética occidental: Sócrates fronte aos sofistas.	B6.1. Identificar a especificidade da razón na súa dimensión práctica, en tanto que orientadora da acción humana.	FIB6.1.1. Recoñece a función da racionalidade práctica para dirixir a acción humana, aínda recoñecendo os seus vínculos ineludibles coa razón teórica e a intelixencia emocional.	CCEC	O nacemento da ética: a confrontación de Sócrates e dos sofistas.  Comentario do texto de Adela Cortina acerca dunha posible definición da ética.  Distinción entre Ética e Moral: preconceptos.  Texto da "Ética para Amador" de Fernando Savater.		Observación diaria 10 % Grao mínimo: 1 sobre 2  Actividades caderno de clase 20% Grao mínimo: 1 sobre 2  Proba escrita: 60% Grao mínimo: 3 sobre 6
			FIB6.1.2. Explica a orixe da Ética occidental no pensamento grego, contrastando, de forma razoada, a concepción		Lectura dun fragmento da Apoloxía de Platón.  Textos de Protágoras e Gorgias.		

			socrática coa dos sofistas.				
a b c d e	B6.2. A Ética como reflexión sobre a acción moral: carácter, conciencia e madurez moral.	B6.2. Recoñecer o obxecto e función da Ética.	FIB6.2.1. Explica e razoa o obxecto e a función da Ética.	CSC	Lectura e comentario de As preguntas da vida de Fernando Savater, de Pierre-Simon de Laplace e de Spinoza, acerca dos diversos tipos de, determinismos		
a b c d e h	B6.3. Principais teorías sobre a moral humana. B6.4. A busca da felicidade. B6.5. A boa vontade: Kant. B6.6. A xustiza como virtude ético-política. B6.7. Relativismo e universalismo moral.	B6.3. Coñecer e explicar as principais teorías éticas sobre a xustiza e a felicidade, e sobre o desenvolvemento moral.	FIB6.3.1. Expresa de forma crítica as argumentacións das principais teorías éticas sobre a felicidade e a virtude, razoando as súas propias ideas, e aportando exemplos do seu cumprimento e do seu incumprimento.	CSIEE CSC	Analisa-las teses dos determinismos: Textos de Jean-Paul Sartre e Adela Cortina.  Actividades previas sobre as diversas teorías éticas. Lectura e comentario de textos de Aristóteles da Ética a Nicómaco. Texto de Epicuro Texto de Stuart Mill. Textos de F. Nietzsche.		
			FIB6.3.2. Expresa de forma crítica as argumentacións das principais teorías éticas sobre a Xustiza, razoando as súas propias ideas, e aportando exemplos do seu cumprimento e do seu incumprimento.	CSIEE	Prioridade do Ben ou prioridade do deber: a ética de I. Kant		
			FIB6.3.3. Analiza textos breves dalgúns dos filósofos representantes das principais teorizacións éticas e sobre o desenvolvemento psicolóxico moral do individuo.	CSC	Lectura e comentario de Textos de Jean Piaget e L. Kohlberg.		
			FIB6.3.4. Usa con rigor termos como ética, moral, acción moral, autonomía, responsabilidade, convención moral, madurez moral, virtude moral, subxectivismo, relativismo e universalismo moral, utilitarismo, deber moral, ética de máximos, ética de mínimos, consenso, xustiza, eudemonismo, hedonismo, emotivismo e utilitarismo.	CCL	Elaboración dunha composición persoal na que se expresen as preferencias persoais acerca das teorías éticas, razoando e argumentando a elección.		
a b c d	B6.8. Os fundamentos filosóficos do Estado. B6.9. Principais interrogantes da Filosofía Política.	B6.4. Explicar a función, características e principais interrogantes da Filosofía Política, como a orixe e legitimidade do Estado, as relacións individuo-Estado, ou	FIB6.4.1. Identifica a función, características e principais interrogantes da Filosofía Política.	CSC	Actividades previas: lectura e comparación dos textos de Fernando Savater, Thomas Hobbes e da Lei Fundamental de Bonn.  As clases de poder: Texto de Max Weber.		

e h		a natureza das leis.				
			FIB6.4.2. Utiliza con rigor conceptos como democracia, Estado, xustiza, Dereito, dereitos naturais, Estado democrático e de dereito, legalidade, lexitimidade, convención, contractualismo, alienación, ideoloxía, utopía, entre outros conceptos clave da filosofía política.	CCL	A lexitimación do poder do Estado: texto de M. Weber.  A formación dos estados nacionais: os nacionalismos, os estados federais e estados unitarios. Os tipos de goberno. Busca en internet de textos relativos as diversas formas de goberno.	
a b c d e h	B6.10. A Xustiza segundo Platón. B6.11. O convencionalismo nos Sofistas. B6.12. O realismo político: Maquiavelo. B6.13. O contractualismo: Hobbes, Locke, Rousseau e Montesquieu. B6.14. A paz perpetua de Kant B6.15. Os fundamentos filosóficos do capitalismo no s.XIX. John Stuart Mill. Alienación e ideoloxía segundo Marx. B6.16. A disputa política entre Popper e a Escola de Frankfurt.	B6.5. Coñecer as principais teorías e conceptos filosóficos que estiveron á base da construción da idea de Estado e das súas funcións, apreciando o papel da filosofía como reflexión crítica.	FIB6.5.1. Explica de forma coherente as formulacións filosófico-políticas de Platón, os sofistas, Maquiavelo, Locke, Montesquieu, Rousseau, Hobbes, Kant, John Stuart Mill, Popper ou Habermas, entre outros.	CCEC CSC	Análise das ideoloxías: anarquismo, Liberalismo e socialismo marxista.  Traballo en pequeno grupo e posta en común sobre as vantaxes-desvantaxes das diferentes opcións ideolóxicas.  Lectura e comentario de textos de Platón, Aristóteles, J. Locke, Rousseau, Montesquieu, Kant e Carlos Marx.  Aproximación ó concepto de alienación: con textos de Hegel, Feuerbach e Marx.	
			FIB6.5.2. Analiza e reflexiona sobre a relación individuo-Estado, sobre a base do pensamento dos sofistas, Marx e a escola de Frankfurt.	CSC	Aproximación á Escola de Frankfurt nos texto de Adorno e Horkheimer.	
			FIB6.5.3. Analiza, de forma crítica, textos significativos e breves dalgúns dos autores estudados, nos que se argumente sobre o concepto de Estado, os seus elementos e as súas características.	CSC	Análise dunha solución moderna: o xurdimento da Socialdemocracia. Busca en internet de información acerca de E. Bernstein.	
			FIB6.5.4. Valora e utiliza a capacidade argumentativa, de forma oral e escrita, contra a	CSC	Anexo con actividade de textos: Platón, Aristóteles, Maquiavelo, J. Locke e Carlos Marx.	

			arbitrariedade, o autoritarismo e a violencia.				
a b c d e h	B6.17. A función do pensamento utópico	B6.6. Disertar de forma oral e escrita sobre a utilidade do pensamento utópico, analizando e valorando a súa función para propoñer posibilidades alternativas, proxectar ideas innovadoras e avaliar o xa experimentado.	FIB6.6.1. Reflexiona por escrito, argumentando as súas propias ideas, sobre as posibilidades do pensamento utópico.	CSC			
a b c d e h	B6.18. Legalidade e lexitimidade.	B6.7. Distinguir os conceptos de legalidade e lexitimidade.	FIB6.7.1. Describe e compara os conceptos de legalidade e lexitimidade.	CCL CSC			
b d e h l	B6.19. A capacidade simbólica, E. Cassirer. B6.20. A creatividade, H. Poincaré.	B6.8. Recoñecer a capacidade simbólica como elemento distintivo da especie humana.	FIB6.8.1. Explica as teses fundamentais de E. Cassirer sobre a capacidade simbólica humana e as de H. Poincaré sobre o proceso creativo.	CCEC			
b d e h n p	B6.21. A Estética filosófica, función e características. B6.22. A arte como instrumento de comprensión e expresión simbólica da realidade. B6.23. A Estética filosófica e a capacidade simbólica do ser humano. A realidade dende a arte, a literatura e a música.	B6.9. Coñecer o campo da Estética, reflexionando sobre as contribucións filosóficas realizadas por tres das construcións simbólicas culturais fundamentais.	FIB6.9.1. Comprende e usa conceptos como Estética, creatividade, creación, símbolo, signo, arte, experiencia estética, mimese, beleza, gusto, subxectividade, xuízo estético, vangarda.	CCL CCEC			
			FIB6.9.2. Contrasta e relaciona algunhas construcións simbólicas fundamentais no contexto da cultura occidental, e analiza, de forma colaborativa, textos literarios, audicións musicais, e visualizacións de obras de arte para explicar os contidos da unidade.	CAA CCEC			
a b	B6.24. As relación da arte coa ética, o coñecemento e a	B6.10. Relacionar a creación artística con outros campos como o da Ética, o	FIB6.10.1. Diserta sobre a relación e a posibilidade transformadora da realidade	CSC CCEC			

d e h l	técnica.	coñecemento e a técnica.	humana, da creación artística, a ciencia e a ética.				
b d e h n p	B6.25. O sentimento, a experiencia e o xuízo estético. A beleza. Creación artística e sociedade. Abstracción artística e pensamento metafísico. A arte como xustificación ou como crítica da realidade. B6.26. A Filosofía e a arte. Filosofía e literatura. A Filosofía e a música.	B6.11. Analizar textos nos que se comprenda o valor da arte, a literatura e a música como vehículos de transmisión do pensamento filosófico, utilizando con precisión o vocabulario específico propio da Estética filosófica.	FIB6.11.1. Coñece e describe algúns dos elementos fundamentais da reflexión estética sobre a arte, analizando textos significativos de filósofos como Platón, Schelling, Hume, Kant, Nietzsche, Walter Benjamin, Gadamer, Marcuse ou Adorno, entre outros, e aplica ditas ideas ao estudo de diversas obras de arte.	CCEC			
			FIB6.11.2. Entende o valor filosófico da Literatura, analizando textos breves de pensadores e literatos como Platón, San Agostiño, Calderón de la Barca, Pío Baroja, A. Machado, Voltaire, Goethe, Sartre, Unamuno, Borges ou Camus, entre outros.	CCEC			
			FIB6.11.3. Coñece a visión filosófica da Música a través da análise de textos filosóficos sobre as visións dos pitagóricos, de Platón, Schopenhauer, Nietzsche ou Adorno, entre outros, así como mediante audicións significativas.	CCEC			
d g h n	B1.2. Composición escrita de argumentos de reflexión filosófica e de discursos orais, manexando as regras básicas da retórica e a argumentación.	B6.12. Reflexionar por escrito sobre algunha das temáticas significativas estudadas, argumentando as propias posicións, ampliando en internet a información aprendida.	FIB6.12.1. Diserta de forma clara e coherente sobre o valor das artes para transmitir ideas filosóficas, buscando e seleccionando información en internet que amplíe o xa aprendido.	CD CSC			
b d e	B6.27. Retórica, argumentación e lóxica: a comunicación dende a filosofía. B6.28. A importancia da	B6.13. Entender a importancia da comunicación para o desenvolvemento do ser humano e as sociedades.	FIB6.13.1. Coñece e manexa con rigor conceptos como símbolo, comunicación, linguaxe formal, lóxica, xuízo lóxico, razoamento,	CCL			

	comunicación e a súa relación coa linguaxe, a verdade e a realidade.		demonstración, discurso, elocuencia, orador, retórica, exordio, inventio, dispositio, argumentación, elocutio, compositio, actio, falacia, debate, negociación, persuasión e concepto universal, entre outros.				
b d e	B6.29. A lóxica proposicional.	B6.14. Coñecer en que consiste a lóxica proposicional, apreciando o seu valor para mostrar o razoamento correcto e a expresión do pensamento como condición fundamental para as relacións humanas.	FIB6.14.1. Utiliza os elementos e as regras do razoamento da lóxica de enunciados.	CAA	A lóxica formal e informal: texto de Manuel Garrido.  As funcións da linguaxe e a construción de argumentos.  Da lóxica tradicional á lóxica simbólica: texto de Aristóteles.  A lóxica proposicional: Táboas de verdade, falacias e cálculo de enunciados.		
b d e	B6.30. A Retórica e a composición do discurso	B6.15. Coñecer as dimensións que forman parte da composición do discurso retórico, aplicándoas na composición de discursos.	FIB6.15.1. Comprende e explica a estrutura e o estilo da retórica e da argumentación.	CCL			
			FIB6.15.2. Coñece a estrutura e a orde do discurso, e escribe breves discursos retóricos establecendo coherentemente a exposición e a argumentación.	CCL			
b d e	B6.31. A argumentación: regras e ferramentas do diálogo e a demostración de argumentos.  B6.32. Filosofía da linguaxe: o problema filosófico dos conceptos universais e o erro argumentativo da xeneralización apresurada.	B6.16. Coñecer e utilizar as regras e ferramentas básicas do discurso baseado na argumentación demostrativa.	FIB6.16.1. Constrúe un diálogo argumentativo no que demostra as súas propias teses mediante as regras e ferramentas da argumentación.	CSIEE CSC			
			FIB6.16.2. Distingue un argumento veraz dunha falacia.	CAA	Análise das falacias, falsos argumentos e paradoxos.		
			FIB6.16.3. Analiza e comenta textos breves e significativos sobre a arte da retórica e a argumentación de Platón, Aristóteles, Cicerón, Quintiliano, Tácito, así como de autores contemporáneos.	CCEC			

b d e m p	B6.33. A filosofía e a empresa como proxecto racional.	B6.17. Coñecer as posibilidades da filosofía na creación dun proxecto, en xeral, e no ámbito empresarial, en particular, valorando o seu papel potenciador da análise, a reflexión e o diálogo.	FIB6.17.1. Utiliza conceptos con sentido filosófico aplicándoos ao contexto empresarial: principios, saber, orde lóxica, finalidade, demostración, razoamento, indución, dedución, argumentación, sentido, significado, creatividade, diálogo, obxectivo/subxectivo, emocións, globalidade, valor, entre outros.	CSIEE			
b e m p	B6.34. O modo metafísico de preguntar para deseñar un proxecto, vital e de empresa. B6.35. Os procesos de cuestionamento e a importancia da definición de obxectivos.	B6.18. Comprender a importancia do modo de preguntar radical da metafísica para proxectar unha idea ou proxecto, vital ou empresarial, facilitando os procesos de cuestionamento e definición das preguntas radicais e as respostas ás mesmas.	FIB6.18.1. Formula correctamente os interrogantes filosóficos radicais que deben estar na base da creación dun proxecto, tanto vital como laboral, como que son?, que fago?, por que?, para que?, cal é o meu obxectivo?, cal é o seu sentido, a súa razón de ser?, ..., e saber argumentar a defensa das respostas.	CSIEE CSC			
b m p	B6.36. O proceso de análise racional do conxunto dun sistema, dos elementos que o integran, e da orde racional que subxace á estrutura lóxica dun proxecto, vital e empresarial.	B6.19. Comprender o valor da teoría do coñecemento, a razón crítica e a lóxica para introducir racionalidade na orixe e desenvolvemento dun proxecto.	FIB6.19.1. Deseña un proxecto vital ou empresarial, sobre a base da filosofía, valorando a íntima relación entre os pensamentos e as accións, entre a razón e as emocións, a través do diálogo, da argumentación e a linguaxe filosófica.	CSIEE			
b e m	B6.37. A importancia do diálogo e da defensa argumentativa de proxectos, fins e medios.	B6.20. Valorar as técnicas do diálogo filosófico, a argumentación e a retórica para organizar a comunicación entre as partes, a resolución de negociacións e de conflitos, para xerar diálogo baseado na capacidade de argumentar correctamente, para definir e comunicar correctamente o obxectivo dun proxecto.	FIB6.20.1. Coñece e utiliza as ferramentas da argumentación e o diálogo na resolución de dilemas e conflitos dentro dun grupo humano.	CSC			
a m n	B6.38. O deseño dun proxecto, vital e laboral. O papel da Estética no desenvolvemento do pensamento creativo e innovador.	B6.21. Valorar a capacidade da Estética filosófica para favorecer o pensamento creativo e innovador que permite adaptarse e anticiparse aos cambios, xerando innovación e	FIB6.21.1. Valora a posibilidade de crear tarefas innovadoras, valorando a función e importancia das persoas emprendedoras e innovadoras para a construción e avance dunha	CSIEE			



		evitando o estancamento, valorando así a función e importancia das persoas emprendedoras e innovadoras para a construción e avance dunha cultura e a transformación da realidade.	cultura e a transformación da realidade.			
a b c f m p	B6.39. A importancia da Ética para establecer o sistema de valores no traballo.	B6.22. Comprender e apreciar a función axiolóxica da Ética para establecer un sistema de valores que permita mellorar o clima laboral, comprendendo que os valores éticos son claves para lograr o equilibrio entre innovación, sostibilidade e competitividade.	FIB6.22.1. Realiza un decálogo de valores éticos que deben rexer no mundo laboral e de cara á sociedade e á natureza.	CSC		
			FIB6.22.2 Valora e diserta sobre a importancia do traballo para desenvolvernos como seres humanos, para o avance dunha cultura e para transformar a realidade.	CSC		
b k	B6.40. A razón crítica en tanto que reguladora da acción humana.	B6.23. Coñecer e valorar a importancia da razón crítica para o avance dun proxecto persoal e colectivo.	FIB6.23.1. Comprende e valora a importancia da razón crítica para o avance dun proxecto persoal e colectivo.	CSC		

## Sección bilingüe Galego / Inglés

No	Título da UD	Descrición	Duración (sesións)
b	B3.1. Cristianismo	B3.1. Explicar a orixe	HFB3.1.1. Explica o encontro da	CCE	UD	D	1	3/4		OA	CL

c d e h	e filosofía. Agostiño de Hipona: O problema da relación razón/fe	do pensamento cristián e o seu encontro coa filosofía a través das ideas de Agostiño de Hipona sobre a relación razón/fe	filosofía e a relixión cristiá nas súas orixes, a través do pensamento de Agostiño de Hipona.	C	LA TE	E C E M B R O				PE POE TE PD	EOE
d e h	B3.2. Escolástica medieval. Tomé de Aquino: relacións de razón e fe.. Relación coa filosofía antiga e coa agostiniana, a xudía e o nominalismo.	B3.2. Coñecer a postura de Tomé de Aquino respecto á relación entre razón e fe, en relación co agostinismo, a filosofía árabe e xudía, e o nominalismo, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e nos cambios socioculturais da Idade Media.	HFB3.2.1. Define conceptos de Tomé de Aquino, como razón, fe, verdade, Deus, entre outros e aplicaos con rigor.	CCL	UD LA TE	D E C E M B R O	1	3/4		OA PE POE TE PD	CL EOE
			HFB3.2.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, a postura da filosofía de Tomé de Aquino respecto o problema da relación entre fe e razón, en comparación coas teorías da filosofía Antiga.	CCL	UD LA TE	D E C E M B R O	1	3/4		OA PE POE TE PD	CL EOE
			HFB3.2.3. Discrimina as respostas do agostinismo, a filosofía árabe e xudía, e o nominalismo, identificando o problema da relación entre razón e fe da filosofía medieval, en relación coas solucións achegadas por Tomé de Aquino.	CAA	UD LA TE	D E C E M B R O	2	3/4		OA PE POE TE PD	CL EOE
			HFB3.2.4. Valora o esforzo da filosofía de Tomé de Aquino por contribuír ao desenvolvemento das ideas e os cambios sociais da Idade Media.	CSC	UD	D E C E M B R O	0,5	3/4		OA	EOE
d e h	B3.4. Crise da Escolástica no século XIV: nominalismo de	B3.3. Coñecer o pensamento de Guillerme de Ockham respecto da reflexión	HFB3.3.1. Coñece a postura de Guillerme de Ockham respecto da relación entre razón e fe e a súa importancia para a entrada	CCE C	UD LA	D E C E	1,5	3/4		OA PE POE PD	CL EOE

Guillermo de Ockham. Relacións entre razón e fe. Novo pulo para a ciencia.	crítica que supuxo a separación entre razón e fe, a independencia da filosofía e o novo pulo para a ciencia.	na modernidade.				M B R O					
---	--	-----------------	--	--	--	------------------	--	--	--	--	--

### Bloque 4. A filosofía na Modernidade e na Ilustración

Ob	Contidos	Criterios de Avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. Clave	Material de referencia	Tempor. l.		Grao m. consec.	Peso na Cualific.	Procedementos e Instrumen. de Aval.	Elementos transversais
						M es	Ses				
b c d e h	B4.5. Descartes: O método, o "cogito" (coñecemento e realidade) e o dualismo antropolóxico. B4.6. Comparación do autor coa filosofía antiga e medieval, e relación coa Moderna. O autor e o seu contexto.	B4.2. Entender o racionalismo de Descartes, distinguíndoo e relacionándoo coa filosofía humanista e o monismo panteísta de Spinoza, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e nos cambios socioculturais da Idade Moderna.	HFB4.2.1. Identifica conceptos de Descartes como razón, certeza, método, dúbida, hipótese, "cogito", idea, substancia e subxectivismo, entre outros, e aplícaos con rigor.	CCL	UD TE LA	X A N E I R O	1	3/4		OA PE POE	CL EOE
			HFB4.2.2. Comprende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Descartes, analizando o método e a relación entre coñecemento e realidade a partir do "cogito" e o dualismo no ser humano, en comparación coas teorías da filosofía antiga e da medieval.	CCL	UD TE LA	X A N E I R O	6	3/4		OA PE POE PD	CL EOE
			HFB4.2.3. Identifica os problemas da filosofía moderna e relaciónaos coas solucións aportadas por Descartes.	CCE C	UD LA	F E B R .	1	3/4		OA PE POE PD	CL EOE EMP
			HFB4.2.4. Estima e razoa o esforzo da filosofía de Descartes por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios socioculturais da Idade Moderna, e valora a universalidade da razón	CSC	UD LA	F E B R .	0,5	3/4		OA PE POE	CL EOE EMP

			cartesiana.								
b c d e h l	B4.7. Hume: o coñecemento, crítica á causalidade e á substancia. Comparación coa filosofía anterior. O autor e o seu contexto B4.8. Locke: liberalismo político.	B4.3. Coñecer o empirismo de Hume en relación co liberalismo político de Locke, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Idade Moderna.	HFB4.3.1. Utiliza conceptos de Hume como escepticismo, crítica, experiencia, percepción, inmanencia, asociación, impresións, ideas, hábito, contradición, causa, crenza, contrato social, liberdade e deber, entre outros, e úsaos con rigor.	CCL	UD LA TE	F E B R E I R O	1	3/4		OA PE POE TC	CL EOE
			HFB4.3.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais de Hume, distinguindo os principios e os elementos do coñecemento respecto á verdade e a crítica á causalidade e á substancia, en comparación coas teorías da filosofía antiga e da medieval, e co racionalismo moderno.	CMC CT	UD LA TE	F E B R E I R O	6	3/4		OA PE POE PD	CL EOE
			HFB4.3.3. Coñece e explica as ideas centrais do liberalismo político de Locke, identificando os problemas da filosofía moderna, e relaciónaas coas solucións aportadas por Hume.	CSC	UD LA TE	F E B R .	2	3/4		OA PE POE PD	CL EOE
			HFB4.3.4. Valora o esforzo da filosofía de Hume por contribuir ao desenvolvemento das ideas e aos cambios socioculturais da Idade Moderna.	CSC	UD LA	F E B R .	0,5	3/4		OA PE POE	CL EOE
b c d e h	B4.9. A Ilustración.	B4.4. Coñecer os principais ideais dos ilustrados, poñendo especial énfase na razón e o progreso	HFB4.4.1. Comprende os ideais que impulsaron os ilustrados: razón e progreso	CSC	UD LA TE	F E B R ..	3	3/4		OA PE POE TE PD	CL EOE
b c	B4.10. Idealismo transcendental.	B4.5. Comprender o idealismo crítico de	HFB4.5.1. Aplica conceptos de Kant como sensibilidade,	CAA	UD TE	M A	1	3/4		OA PE	CL EOE

d e h	Kant: as facultades e límites do coñecemento. B4.11. Lei Moral e paz perpetua. B4.12. Relación do proxecto ilustrado coa filosofía Moderna e Kant. B4.13. Comparación coas teorías da filosofía antiga, medieval e moderna.	Kant, en relación co racionalismo de Descartes, o empirismo de Hume e a filosofía ilustrada, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Idade Moderna.	entendemento, razón, crítica, transcendental, ciencia, innato, xuízo, a priori, a posteriori, facultade, intuición, categoría, ilusión transcendental, idea, lei, fenómeno, nóumeno, vontade, deber, imperativo categórico, autonomía, postulado, liberdade, dignidade, persoa, paz e pacto, entre outros, e utilízaos con rigor.		LA	R Z O				POE TE	
			HFB4.5.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Kant, analizando as facultades e os límites do coñecemento, a lei moral e a paz perpetua, comparándoas coas teorías da filosofía antiga, medieval e moderna.	CCL	UD TE LA	M A R Z O	8	3/4		OA PE POE TE PD	CL EOE
			HFB4.5.4. Respecta e razoa o esforzo da filosofía de Kant por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios socioculturais da Idade Moderna, e valora a dignidade e a procura da paz entre as nacións	CSC	UD LA	M A R Z O	0,5	3/4		OA PE POE	CL EOE EC

### Bloque 5. A filosofía contemporánea

Ob	Contidos	Criterios de Avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. Clave	Material de referencia	Temporali.		Grao m. consec.	Peso na Cualific.	Procedementos e Instrumen. de Aval.	Elementos transversais
						Mes	Ses				
b c d e h	B5.1. Marx: o materialismo histórico, a crítica ao idealismo, á alienación e á ideoloxía, e a súa visión humanista	B5.1. Entender o materialismo histórico de Marx, en relación co idealismo de Hegel e con Feuerbach, e valorar a súa influencia no desenvolvemento	HFB5.1.1. Identifica conceptos de Marx como dialéctica, materialismo histórico, praxe, alienación, infraestrutura, superestrutura, forzas produtivas, medios de produción, loita de clases,	CSC	UD TE LA	M A R Z O	1	3/4		OA PE POE TC PD	CL EOE

	do individuo. B5.2. Relación de Marx cos problemas da filosofía contemporánea. O autor e o seu contexto.	das ideas e nos cambios socioculturais da Idade Contemporánea.	traballo, plusvalor e humanismo, entre outros, e utilízaos con rigor.									
			HFB5.1.2. Coñece e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Marx, examinando o materialismo histórico e a crítica ao idealismo, á alienación e á ideoloxía, e expón a súa visión humanista do individuo.	CCL	UD TE LA	M A R Z O / A B R I L	8	3/4		OA PE POE PD	CL EOE	
			HFB5.1.3. Identifica os problemas da filosofía contemporánea en relación coas solucións achegadas por Marx.	CSC	UD LA	A B R I L	1	3/4		OA PE POE	CL EOE	
			HFB5.1.4. Valora o esforzo da filosofía de Marx por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Idade Contemporánea, xulgando positivamente a defensa da igualdade social.	CSC	UD LA	A B R I L	0,5	3/4		OA POE PE	CL EOE	
b c d e h	B5.3. Nietzsche: crítica á metafísica, á moral e á ciencia; a verdade como metáfora. B5.4. O superhome, como resultado da inversión de valores e a vontade de poder, e comparación coas teorías da filosofía antiga, medieval, moderna e	B5.2. Comprender o vitalismo de Nietzsche en relación co vitalismo de Schopenhauer, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Idade Contemporánea.	HFB5.2.1. Define conceptos de Nietzsche como crítica, traxedia, intuición, metáfora, convención, perspectiva, xenealoxía, transvaloración, nihilismo, superhome, vontade de poder, e eterno retorno, entre outros, e aplícaos con rigor.	CCL	UD LA TE	A B R I L	1	3/4		OA POE PE PD	CL EOE	
			HFB5.2.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Nietzsche, considerando a	CCL	UD LA TE	A B R I L	6	3/4		OA POE PE PD	CL EOE	

	contemporánea. O autor e o seu contexto.		crítica á metafísica, á moral e á ciencia, a verdade como metáfora, e a afirmación do superhome, como resultado da inversión de valores e a vontade de poder, en comparación coas teorías da filosofía antiga, medieval, moderna e contemporánea.								
			HFB5.2.3. Identifica os problemas da filosofía contemporánea, en relación coas solucións achegadas por Nietzsche.	CCE C	UD LA TE	A B R I L	2	3/4		OA POE PE PD	CL EOE
			HFB5.2.4. Estima o esforzo da filosofía de Nietzsche por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Idade Contemporánea, e valora a defensa da verdade e da liberdade.	CSC	UD LA	A B R I L	0,5	3/4		OA POE PE	CL EOE
b c d e h	B5.6. Filosofía española. Ortega y Gasset: a súa relación con posturas filosóficas como o realismo, o racionalismo, o vitalismo ou o existencialismo, e outras posturas filosóficas. O autor e o seu contexto.	B5.3. Entender o raciovitalismo de Ortega y Gasset en relación con figuras da filosofía española, como Unamuno, e do pensamento europeo, e valorar as influencias que recibe e a repercusión do seu pensamento no desenvolvemento das ideas e a rexeneración social, cultural e política de España.	HFB5.3.1. Utiliza conceptos de Ortega y Gasset e aplicaos con rigor, como obxectivismo, ciencia, europeización, filosofía, mundo, circunstancia, perspectiva, razón vital, raciovitalismo, vida, categoría, liberdade, idea, crenza, historia, razón histórica, xeración, home-masa e home selecto, entre outros.	CCL	UD LA TE	M A I O	1	3/4		OA POE PE TE PD	CL EOE
			HFB5.3.2. Comprende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía e da análise social de Ortega y Gasset, en relación con posturas filosóficas como o realismo, o racionalismo, o vitalismo ou o existencialismo, entre outras.	CCL	UD LA TE	M A I O	3	3/4		OA POE PE TE PD	CL EOE
			HFB5.3.3. Respecta o esforzo	CSC	UD	M		3/4		OA	EOE



			da filosofía de Ortega y Gasset por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais e culturais da Idade Contemporánea española, e valorao seu compromiso coa defensa da cultura e da democracia.		LA	A I O					
--	--	--	---	--	----	-------------	--	--	--	--	--

### 8 e) Concrecións metodolóxicas

A tenor do establecido na normativa no Decreto 86/2015 <sup>2</sup>, Artigo 39 e na Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro <sup>3</sup> propóñense as seguintes liñas metodolóxicas. O proceso de ensino-aprendizaxe desta materia non se limita ao ámbito dos coñecementos. Unha materia como esta, que pretende unha formación integral do alumnado, debe considerar tamén os procedementos que permitan a adquisición de capacidades e estratexias para un traballo autónomo e, ao mesmo tempo, o desenvolvemento de valores e actitudes de convivencia democrática que fagan posible a actitude crítica do alumnado e que faciliten a súa inserción na sociedade na que viven. **O punto de partida de todo o proceso de ensino-aprendizaxe deben de ser os coñecementos previos do alumnado para proceder a partir de aí**, cun espírito sempre construtivo, á análise crítica dos mesmos. Conforme a este principio, propoñense as seguintes orientacións metodolóxicas:

- Obriga do profesorado de evitar as explicacións maxistras dando protagonismo ao alumnado. Trátase de que sexan o alumnado, nun proceso contínuo de intercambio de opinións, coñecementos e experiencias, tanto persoais como alleas, o encargado de construír a súa propia aprendizaxe, logrando, desta forma, alcanzar os obxectivos.
- Débense potenciar aquelas actividades orientadas a aprender a razoar e argumentar, de modo crítico e autónomo, tal e como vén recollido na obxectivos da materia. A aprendizaxe non ha de basearse exclusivamente nun proceso acumulativo, no que as ideas se impoñen externamente e vanse engadindo unhas a outras..

Son catro, ademais dos contidos transversais, os bloques nos que se organiza o currículo, todas eles coa mesma **estrutura**.

1. Iníciáanse cunhas cuestións iniciais que o profesorado exporá ao seu alumnado na primeira sesión e que lle permitirá obter a información necesaria (detectar os seus coñecementos e experiencias previos) para orientar o proceso de ensino-aprendizaxe e

2

<sup>3</sup>[DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.](#)

[Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato](#)

anticipar algúns dos conceptos máis importantes que se irán abordando no resto da unidade. Estas cuestións iniciais formularanse ao alumnado mediante un cuestionario na pizarra dixital da aula ou na aula virtual. Unha vez recollidas todas as respostas proxectaranse no encerado dixital e comentaranse en gran grupo: o profesorado máis o alumnado.

2. Durante as seguintes sesións, o alumnado realizará as actividades (individuais) seleccionadas polo profesorado de diferente natureza. Algunhas delas requiren o uso de internet e as novas tecnoloxías, polo que procurárase desenvolver as na clase para non prexudicar ao alumnado carente de internet no seu domicilio ou cunha conexión lenta. Aínda así, algunhas delas poderán ser realizadas na casa polo alumnado para ser revisadas posteriormente na aula.
3. A actividade do alumnado deberá materializarse, sempre que sexa posible, nalgún produto, nalgunha creación súa, que deberá recollese, e que posteriormente será obxecto de avaliación.

### **Traballar por competencias**

O traballo por competencias implica un cambio metodolóxico significativo, xa que o alumnado adquire un maior protagonismo, mentres que o docente pasa a ser un mero xestor do coñecemento, quedando nun segundo plano.

O alumnado debe desenvolver un pensamento e unha actitude críticos que se fundamenten filosoficamente. Por elo, á hora de traballar esta materia cos seus alumnos, optamos pola utilización de métodos activos que favorezan a participación, a socialización, a creatividade, alternando o traballo individual coa posta en común na aula. Esta liña metodolóxica sitúa ao estudante como protagonista directo da súa propia aprendizaxe, mentres que o docente sitúase nun segundo plano para que o alumnado consiga unha maior autonomía na súa aprendizaxe que lle permita elaborar o seu proxecto de vida, asumindo de forma consciente e reflexiva o exercicio da súa liberdade. É moi importante desenvolver o proceso de ensino-aprendizaxe, sempre a partir de aprendizaxes que estean baseados na experiencia, onde o alumnado poida construír o coñecemento desde a súa propia experiencia. Esta forma de proceder permitirá ao alumnado coñecer e interiorizar os valores éticos de forma comprensiva e significativa.

O aporte desta materia ás 7 competencias clave é desigual, pois afectan aos contidos desta materia de diferente xeito. Algunhas delas adquiren una importancia notoria polo seu carácter instrumental: as competencias lingüística, dixital e aprender a aprender. No estudo desta materia dedicaranse esforzos notorios a adquirir, practicar e consolidar no estudantado ambas competencias.

As competencias social e cívica, iniciativa e espírito emprendedor e conciencia e expresión cultural afectan directamente aos contidos da materia.

As actividades e tarefas programadas oríéntase cara a consecución das competencias.

### **Estratexias metodolóxicas**

-Empezaremos cada unidade didáctica cunha cuestións previas para detectar o que xa sabe o alumnado

-Traballaremos con textos de xeito dinámico na aula, co obxectivo de potenciar a comprensión, a capacidade de análise, ver a estrutura, as ideas principais e demais elementos a ter en conta no comentario de texto

-Utilizaremos material audiovisual

- Traballaremos con unidades didácticas que servirán de soporte para a elaboración de mapas conceptuais, cadros cronolóxicos, presentacións dixitais e demais actividades, e tamén para a preparación das probas escritas
- Utilizaremos recursos informáticos sempre que sexa necesario

### **Secuenciación do traballo na aula**

- 1ª Avaliación: bloque II
- 2ª Avaliación: bloque III e bloque IV (ata kant)
- 3ª Avaliación: Kant e bloque V

### **8 f) Materiais e recursos didácticos**

Non se sinala ningún libro de texto.

Traballaremos con unidades didácticas coas que contará o alumnado como material de referencia, que estrán dispoñibles na Aula Virtual do centro.

### **8 g) Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción**

#### **Avaliación continua**

O obxectivo fundamental da avaliación debe ser mellorar a aprendizaxe do alumnado. Para logralo, é conveniente diversificar as ferramentas que nos van a permitir obter as evidencias de aprendizaxe, así como dispor de tempos e espazos na aula destinados á avaliación dos diferente elementos que integran o proceso educativo.

Para calcular a cualificación de cada avaliación utilizaranse os seguintes instrumentos coa ponderación indicada:

O D: Observación diaria na aula (10%)

AE: Actividades escritas (10%)

PE: Probas escritas (80%) Realizaranse polo menos dúas por avaliación.

A cualificación de cada avaliación será o resultado de sumar as cualificacións parciais segundo a ponderación indicada. Iranse incorporando a este cálculo as cualificacións das avaliacións precedentes ou das recuperacións realizadas, de ser o caso.

Como medida especial de **atención á diversidade** poderase alterar a ponderación anterior para dar mais peso a actividades de investigación (no caso de alumnado de altas capacidades) ou variar o tipo de probas (no caso de alumnado con TDA ou problemas similares)

## **Mecanismos de recuperación**

O alumnado que non acade o grao mínimo de consecución indicado poderá realizar as seguintes actividades para recuperalos:

CC/AV: Actividades escritas : Terá que repetir actividades ou realizar outras específicas asignadas polo profesorado.

PE: Probas escritas: Terá que repetir unha proba do mesmo tipo. A proba pode incorporarse ás da seguinte avaliación ou realizarse por separado en función do tempo dispoñible.

## **Avaliación final**

A cualificación final será a media das cualificacións parciais obtidas nas 3 avaliacións, dacordo cos criterios de avaliación xa mencionados. Realizarase unha proba final para o alumnado que non acade durante o curso o mínimo dos 5 puntos necesarios para aprobar a materia.

## **Proba final historia da filosofía**

A proba contemplará todas as unidades temáticas suspendidas polo alumnado, de xeito que haberá un exame ad hoc para cada unha das situacións, se ben sempre se adaptarán aos estándares das probas ABAU:

- A orixe do cosmos na corrente presocrática
- Dialéctica socrática e relativismo dos sofistas
- Realidade e coñecemento en Platón
- Platón: política e antropoloxía
- Física e metafísica en Aristóteles
- Ética e política en Aristóteles
- O problema razón-fe na filosofía medieval
- Descartes: o problema do método e a evidencia do cogito
- O liberalismo político de Locke
- Hume: crítica das ideas de sustancia e causalidade
- Razón e progreso na Ilustración
- Os límites do coñecemento en Kant
- A lei moral en Kant
- Alienación e ideoloxía en Marx

Na proba, sairán estándares de aprendizaxe acompañados, ou non, dun fragmento de texto relacionado (dependerá do número de unidades temáticas que o alumnado teña suspendidas). As instrucións para a realización do exame son as seguintes:

- Para o alumnado que teña que recuperar **ata catro** unidades temáticas: Deberá desenvolver unha, dúas ou tres preguntas (dependendo das unidades temáticas que teña suspendidas) e un comentario de texto.

- Para o alumnado que teña que recuperar **cinco ou máis** unidades temáticas: Deberá realizar unha pregunta de cada unha das unidades temáticas suspensas e non haberá texto para comentar.
- Para o alumnado que busque subir nota nalgunha avaliación: Deberá realizar un exame correspondente ás unidades temáticas desenvoltas nesa avaliación, realizando as correspondentes preguntas e un comentario de texto (da avaliación a subir nota).

### **Avaliación extraordinaria**

O exame abarcará todas as unidades temáticas desenvoltas durante o curso e consistirá nun comentario de texto, extraído da selección de textos da ABAU, correspondente á materia dunha das avaliacións e 2 cuestións teóricas seleccionados dos estándares propostos pola ABAU, que corresponderán as 2 avaliacións restantes.

### **8 h) Indicadores de logro do proceso de ensino e da práctica docente.**

Realizarase un seguimento do proceso utilizando a seguinte rúbrica:

Grao consecución	Nada	Suficiente	Ben	Excelente	Observacións e propostas de mellora
A temporalización foi axeitada					
Os materiais foron apropiados					
Os instrumentos de avaliación foron efectivos					
Abarcaronse tódolos estándares					
Incorporáronse as TICs ao proceso					
Atendeuse a diversidade do alumnado					

### **8 i) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.**

Non hai alumnado nesta situación.

### **8 j) Organización dos procedementos para acreditar os coñecementos necesarios**

A principio de cada bloque o alumnado contestará un cuestionario con preguntas referentes aos conceptos e ideas relacionados cos contidos do bloque que se está iniciando. A súa finalidade será dobre:

- Detectar a situación da estrutura cognitiva previa coa finalidade de ligar a ela as novas aprendizaxes.
- Medir a calidade conceptual presente e saber que conceptos e ideas deben revisarse coa finalidade de acadar unha aprendizaxe significativa.

### **8 k) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas**

#### **Avaliación inicial**

Na segunda semana do curso realizarase unha avaliación inicial que consistira na lectura ou visualización dun material escrito ou audiovisual e a posterior realización de actividades (resposta a preguntas, comentario do texto...). A finalidade é detectar deficiencias nas competencias básicas para tomar decisións metodolóxicas tanto dun xeito individual como colectivo.

### **8 l) Medidas de atención á diversidade**

#### **Atención á diversidade na metodoloxía**

A atención á diversidade tradúcese, metodoloxicamente, nun tratamento individualizado dos alumnos/as:

Adaptaranse os exemplos e casos prácticos á súa experiencia, á realidade cotiá que vive o alumnado.

Partirase do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas ideas previas.

Procurarase incrementar a súa motivación e curiosidade para cada un dos temas expostos nas unidades didácticas.

Procurarase a participación de todos, creando un clima agradable e de respecto.

Abordaranse os contidos, sempre que sexa posible, desde diversos puntos de vista e de distinta forma.

#### **Organización do grupo ou aula**

A disposición dos alumnos na aula neste curso, debido á situación de pandemia, debe estar sometida o menor número de cambios posibles. Para elo teranse en conta as características do alumnado (nivel de motivación, dificultades de atención, problemas de audición ou visión, etc.). Concretamente, o alumnado con problemas de atención sentarán nas primeiras filas, así como os que teñan problemas de visión.

#### **Medidas extraordinarias**

No caso de detectarse alumnado que precisase de medidas extraordinarias elaboraríase un protocolo de actuación en colaboración co departamento de orientación do centro. As decisións quedarán recollidas no libro de actas do departamento e nos documentos de seguimento da programación.

### **8 m) Concreción dos elementos transversais**

A concreción vai incluída no deseño curricular. Colaborarase cos distintos equipos dinamizadores do centro (Normalización lingüística, TICs...) para incorporar os distintos elementos propostos no proxecto de centro.

### **8 n) Actividades complementarias e extraescolares**

Dada a densidade de materias e contidos do curso de 2º de Bacharelato, e a situación de pandemia que estamos vivindo, non se prevén actividades complementarias, pero se ó longo do curso xorde algunha actividade extraescolar que sexa interesante, e a situación sanitaria o permite, proporemos a súa realización.

## **9. Tratamento da información. 2º Bacharelato**

Non se imparte este curso.

## **10. Ética e Filosofía do Dereito 2º Bacharelato**

Non se imparte este curso.

## **11. Psicoloxía 2º Bacharelato**

### **11 a) Introducción**

A materia de Psicoloxía é unha materia de libre configuración á que se pode acceder desde calquera das vías do Bacharelato e que proporciona coñecementos fundamentais para o mundo actual, xa que serve tanto de orientación da propia conduta como de introdución aos coñecementos específicos que precisa calquera profesional da saúde ou de traballos que requiran e teñan as relacións persoais, laborais ou sociais como finalidade.

A materia organízase en seis bloques: «A psicoloxía como ciencia», «Fundamentos biolóxicos da conduta», «Os procesos cognitivos básicos: percepción, atención e memoria», «Procesos cognitivos superiores: aprendizaxe, intelixencia e pensamento», «A construción do ser humano. Motivación, personalidade e afectividade» e «Psicoloxía social e das organizacións». Daquela, desde a consideración da disciplina como ciencia, analízanse os fundamentos biolóxicos da conduta, as capacidades cognitivas como a percepción, a memoria e a intelixencia, afondando na aprendizaxe e na construción da nosa personalidade individual e social.

## **11 b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave**

A materia de Psicoloxía, desde a dobre vertente humanística e científica, pode colaborar dun xeito representativo e versátil a fomentar o espírito científico, a capacidade de aprender sobre o mundo (CMCCT) e moi particularmente sobre a propia capacidade de aprender e as súas técnicas (CAA). A actualidade dos seus contidos e as múltiples experiencias prácticas permiten un tratamento transversal da materia que incide no coñecemento das relacións entre os diferentes ámbitos da cultura (CSC) e fai necesario usar as redes sociais e o tratamento da información procurando deste xeito un dominio nestes eidos (CD). Como disciplina que pode cooperar na mellora xenérica das condicións de vida das persoas e, ao mesmo tempo, patrocinar, desde o autocoñecemento, o xenuíno desenvolvemento persoal, é unha materia que permite desenvolver o espírito emprendedor (CSIEE). A metodoloxía que aplicaremos na materia insistirá de forma especial na capacidade expositiva do alumnado, tanto de forma escrita e icónica como verbal (CLL).

## **11 c) Concreción dos obxectivos por curso**

Para esta materia consideramos esenciais os seguintes obxectivos propostos para o Bacharelato, obxectivos que adecuaremos aos contidos específicos da materia:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, fundamentalmente adquirindo os coñecementos científicos necesarios para sustentar unha igualdade de xénero e o respecto aos dereitos dos individuos, insistindo no especial dereito á saúde, tanto física coma psíquica

Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais, para o que serán especialmente útiles os coñecementos adquiridos na materia.

a) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

b) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

d) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

e) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. f) Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

g) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

h) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos e o estatuto



específico da psicoloxía como ciencia e os seus límites.

i) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural, relacionando o ámbito da materia con diferentes expresións culturais.

j) Impulsar condutas e hábitos saudables en relación coa saúde psíquica.

### 11 d) Concreción para cada estándar avaliable da temporalización, o grao mínimo, e dos instrumentos e procedementos de avaliación.

A concreción para cada estándar de aprendizaxe figura nas seguintes táboas organizadas por trimestres e bloques de contido.

<b>PSICOLOXÍA 2º DE BACHARELATO - PRIMEIRO TRIMESTRE</b> <b>2 UNIDADES DIDÁCTICAS: “A PSICOLOXÍA COMO CIENCIA” E “FUNDAMENTOS BIOLÓXICOS DA CONDUCTA”</b>						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	Instrumentos de avaliación Procedementos de avaliación
Bloque 1. A psicoloxía como ciencia.						

b e l	<p>B1.1. A psicoloxía desde as súas orixes en Grecia ata o século XIX.</p> <p>B1.2. Constitución da psicoloxía como saber autónomo: Wundt, Watson, James e Freud.</p> <p>B1.3. Diversidade de acepcións do termo <i>psicoloxía</i> ao longo da súa evolución. B1.4. Obxecto propio da psicoloxía. A psicoloxía e outros saberes.</p>	<p>B1.1. Entender e apreciar a especificidade e a importancia do coñecemento psicolóxico, como ciencia que trata da conduta e os procesos mentais do individuo, valorando que se trata dun saber e unha actitude que estimula a crítica, a autonomía, a investigación e a innovación.</p>	<p>PSB1.1.1. Explica e constrúe un marco de referencia global da psicoloxía, desde as súas orixes en Grecia (nas filosofías de Platón e Aristóteles), ata o seu recoñecemento como saber independente da man de Wundt, Watson, James e Freud, definiendo as acepcións do termo <i>psicoloxía</i> ao longo da súa evolución, desde o etimolóxico, como «ciencia da alma», aos achegados polas correntes actuais: condutismo, cognitivismo, psicanálise, humanismo ou Gestalt.</p>	CAA	<p>50% na avaliación dos traballos.</p> <p>50% nas probes escritas</p>	<p>PROCEDEMENTOS</p> <p>Proba escrita Producción dos alumnos/as.</p> <p>OA</p> <p>INSTRUMENTO:</p> <p>Unidade didáctica (libro de texto)</p>
			<p>PSB1.1.2. Recoñece e valora as cuestións e os problemas que investiga a psicoloxía desde os seus inicios, distinguindo a súa perspectiva das proporcionadas por outros saberes.</p>	CMCCT	<p>50% na avaliación dos traballos.</p> <p>50% nas probes escritas</p>	<p>PROCEDEMENTOS</p> <p>Proba escrita Producción dos alumnos/as.</p> <p>OA</p> <p>INSTRUMENTO:</p> <p>Unidade didáctica</p>
d e l	<p>B1.5. Obxectivos que caracterizan a psicoloxía.</p> <p>B1.6. Facetas teórica e práctica da psicoloxía, e ámbitos de aplicación.</p> <p>B1.7. Metodoloxías da investigación psicolóxica: métodos e obxectivos.</p>	<p>B1.2. Identificar a dimensión teórica e práctica da psicoloxía, os seus obxectivos, as súas características e as súas ramas e técnicas de investigación, relacionándoas, como ciencia multidisciplinar, con outras ciencias cuxo fin é</p>	<p>PSB1.2.1. Explica e estima a importancia dos obxectivos que caracterizan a psicoloxía: describir, explicar, predicir e modificar.</p>	CMCCT	<p>50% na avaliación dos traballos.</p> <p>50% nas probes escritas</p>	<p>PROCEDEMENTOS</p> <p>Probas escritas Producción dos alumnos/as.</p> <p>OA</p> <p>INSTRUMENTO:</p> <p>Unidade didáctica</p>

		a comprensión dos fenómenos humanos, como a filosofía, a bioloxía, a antropoloxía, a economía etc.				
		PSB1.2.2. Distingue e relaciona as facetas teórica e práctica da psicoloxía, e identifica as ramas en que se desenvolven (clínica e da saúde, da arte, das actividades físico-de- portivas, da educación, forense, da intervención social, ambiental etc.), investigando e valorando a súa aplicación nos ámbitos de atención na comunidade, como na familia e na infancia, na terceira idade, en minusvalías, muller, xuventude, minorías sociais e inmigrantes, cooperación para o desenvolvemento etc.	CSC	50% na avaliación dos traballos.  50% nas probas escritas	PROCEDEMENTOS Cuestionarios Producción dos alumnos/as. OA  INSTRUMENTO: Unidade didáctica (libro de texto)	

			PSB1.2.3. Describe e aprecia a utilidade das técnicas e das metodoloxías de investigación psicolóxica, explicando as características de cada unha, como son os métodos comprensivos (introspección, fenomenoloxía, hermenéutica, test, entrevista persoal, dinámica de grupos etc.) e os seus obxectivos (observación, descrición, experimentación, explicación, estudos de casos etc.).	CAA	50% na avaliación dos traballos.  50% nas probas escritas	PROCEDEMENTOS Probas escritas Producción dos alumnos/as. OA  INSTRUMENTO: Unidade didáctica (libro de texto)
a d e g h	B1.8. Achegas máis importantes da psicoloxía na comprensión dos fenómenos humanos. Problemas tratados e conclusións ofrecidas. B1.9. Teorías psicolóxicas: psicanálise, condutismo, teoría cognitiva, Gestalt, humanismo e psicobioloxía. B1.10. Textos de autores como W. Wundt, S. Freud, A. Maslow, W. James e B. F. Skinner, entre outros.	B1.3. Recoñecer e expresar as achegas máis importantes da psicoloxía, desde os seus inicios ata a actualidade, identificando os principais problemas formulados e as solucións achegadas polas correntes psicolóxicas contemporáneas, e realizando unha análise crítica de textos significativos e breves de contido psicolóxico, identificando as problemáticas formuladas e relaciónas co estudado na unidade.	PSB1.3.1. Explica e recoñece a importancia das achegas que a psicolóxica realizou na comprensión dos fenómenos humanos, identificando os problemas específicos dos que se ocupa e as conclusións achegadas.	CCEC	50% na avaliación dos traballos.  50% nas probas escritas	PROCEDEMENTOS Proba escrita Producción dos alumnos/as. OA  INSTRUMENTOS: Unidade didáctica Textos complementarios
			PSB1.3.2. Utiliza a súa capacidade de aprender a aprender, realizando os seus propios mapas conceptuais, utilizando medios informáticos, acerca das seguintes teorías: psicanálise, condutismo, teoría cognitiva, Gestalt, humanismo e psicobioloxía.	CAA	50% na avaliación dos traballos.  50% nas probas escritas	PROCEDEMENTOS Probas escritas Producción dos alumnos/as. OA  INSTRUMENTOS: Unidade didáctica (libro de texto) Aula informática

			PSB1.3.3. Analiza e valora criticamente textos sobre os problemas, as funcións e as aplicacións da Psicología de autores como W. Wundt, S. Freud, A. Maslow, W. James e B. F. Skinner, entre outros.	CCL	50% na avaliación dos traballos.  50% nas probas escritas	PROCEDEMENTOS Proba escrita Producción dos alumnos/as. OA  INSTRUMENTO: Unidade didáctica textos
			PSB1.3.4. Utiliza a súa iniciativa para expor as súas conclusións argumentadamente, mediante presentacións gráficas, en medios audiovisuais.	CD CSIEE	50% na avaliación dos traballos.  50% nas probas escritas	PROCEDEMENTOS Proba escrita Producción dos alumnos/as. OA  INSTRUMENTO: Unidade didáctica Aula informática

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	Instrumentos de avaliación Procedementos de avaliación
<b>Bloque 2. Fundamentos biolóxicos da conduta. Unidade 2</b>						
e g h i	B2.1. Anatomía do encéfalo humano. Comparativa co doutros animais. B2.2. Filoxénese da evolución do cerebro humano e relación coa conduta.	B2.1. Explicar a evolución do cerebro humano desde un enfoque antropolóxico, distinguindo as súas características específicas das doutros animais, co fin de apreciar a importancia do desenvolvemento neurolóxico e as consecuencias que delas se derivan.	PSB2.1.1. Identifica, contrasta e valora a nivel anatómico diferentes tipos de encéfalos animais en comparación co humano, valéndose de medios documentais.	CMCCT	50% na avaliación dos traballos.  50% nas probas escritas	PROCEDEMENTOS Proba escrita Producción dos alumnos/as. OA  INSTRUMENTO: Unidade didáctica Aula informática
			PSB2.1.2. Investiga a través de internet a filoxénese humana e a evolución do cerebro, explicando e apreciando a relación directa que mantén co desenvolvemento da conduta humana.	CD	50% na avaliación dos traballos.  50% nas probas escritas	PROCEDEMENTOS Proba escrita Producción dos alumnos/as. OA  INSTRUMENTOS: Unidade didáctica Aula informática

d e g i	B2.3. Morfoloxía da neurona. Sinapse, impulso nervioso e neurotransmisores. B2.4. Áreas do cerebro e as funcións que executan.	B2.2. Analizar e apre- ciar a importancia da organización do sistema nervioso central, fundamen- talmente do encéfalo humano, distinguindo as localizacións e as funcións que deter- minan a conduta dos individuos	PSB2.2.1. Realiza unha presentación, con medios informáticos, en colaboración grupal, sobre a morfoloxía neuronal e a sinapse, describindo o proceso de transmisión sináp- tica e os factores que a determinan, o impulso nervioso e os neurotransmisores.	CD	50% na avaliación dos traballos.  50% na proba escrita	PROCEDEMENTOS Proba escrita Producción dos alumnos/as. OA  INSTRUMENTOS: Unidade didáctica Aula informática
			PSB2.2.2. Investiga e explica a organización das áreas cerebrais e as súas funcións, e localiza nun debuxo as devanditas áreas.	CMCCT	50% na avaliación dos traballos.  50% na proba escrita	PROCEDEMENTOS Proba escrita Producción dos alumnos/as. OA  INSTRUMENTO: Unidade didáctica Aula informática
e h i l	B2.5. Técnicas de investigación da actividade cerebral: anxiogramas, EEG, TAC, TEP, IRM, inter- vencións directas e estudo de casos. B2.6. Impulso que deron as técnicas de investigación do cerebro para o estudo do comportamento e a solución dalgunhas patoloxías.	B2.3. Entender e valorar as técnicas actuais de investiga- ción do cerebro e o seu impacto no avan- ce científico acerca da explicación da con- duta e na superación dalgúns trastornos e dalgunhas doenzas mentais.	PSB2.3.1. Describe e compara as técnicas científicas de inves- tigación do cerebro: anxiogramas, EEG, TAC, TEP, IRM, intervencións directas e estudo de casos.	CMCCT	50% na avaliación dos traballos.  50% na proba escrita	PROCEDEMENTOS Cuestionarios Producción dos alumnos/as. OA  INSTRUMENTO: Unidade didáctica
			PSB2.3.2. Analiza e aprecia o impulso que estas técnicas de investigación cerebral lle deron ao coñecemento do comportamento humano e á solución dalgunhas patoloxías.	CSC	50% na avaliación dos traballos.  50% na proba escrita	PROCEDEMENTOS Proba escrita Producción dos alumnos/as. OA  INSTRUMENTO: Aula virtual.

a c e g i	B2.7. Bases xenéticas da diferenza entre a conduta feminina e a masculina. B2.8. Doenzas cau- sadas por alteracións xenéticas. Anomalía na conduta. Síndro- mes.	B2.4. Comprender e recoñecer algunhas das bases xenéticas que determinan a conduta humana, apreciando a relación de causa e efecto que pode existir entre ambas as dúas e destacando a orixe dalgunhas doenzas producidas por alter cións xenéticas.	PSB2.4.1. Explica a influencia dos compoñentes xenéticos que interveñen na conduta, e investiga e valora se estes teñen efectos distintivos entre a conduta feminina e a masculina.	CMC CT	50% na avaliación dos traballos.  50% na proba escrita	PROCEDEMENTOS Proba escrita Produción dos alumnos/as. OA  INSTRUMENTO: Unidade didáctica
			PSB2.4.2. Relaciona e aprecia a importancia das alteracións xenéti- cas coas doenzas que producen modifica- cións e anomalías na conduta, utilizando o vocabulario técnico preciso: mutación, trisomía, monosomía, delección etc.	CCL	50% na avaliación dos traballos.  50% na proba escrita	PROCEDEMENTOS Proba escrita Produción dos alumnos/as. OA  INSTRUMENTO: Unidade didáctica
			PSB2.4.3. Localiza e selecciona información en internet acerca de distintos tipos de doenzas causadas por alteracións xenéticas, tales como a síndrome de Down, a síndrome de Turner, a síndrome do miaño de gato ou a síndrome de Klinefelter, entre outras.	CD CMCCT	50% na avaliación dos traballos.  50% na proba escrita	PROCEDEMENTOS Proba escrita Produción dos alumnos/as. OA  INSTRUMENTO: Unidade didáctica Aula informática

b c d h	B2.9. Sistema endócrino. Glándulas e hormonas, e influencia na conduta. Influencia na diferenza entre a conduta feminina e a masculina.	B2.5. Investigar e resumir a influencia do sistema endócrino sobre o cerebro e os comportamentos derivados diso, co fin de valorar a importancia da relación entre ambos.	PSB2. 5.1. Realiza, en colaboración grupal, un mapa conceptual do sistema endócrino, apreciando a súa influencia na conduta humana e os seus trastornos, por exemplo: hipófise e depresión, tiroide e ansiedade, paratiroide e astenia, suprarrenais e delirios, páncreas e depresión, sexuais e climaterio etc.	CMCCT CSIEE	50% na avaliación dos traballos.  50% na proba escrita	PROCEDEMENTOS Proba escrita Producción dos alumnos/as. OA  INSTRUMENTOS: Unidade didáctica Aula informática
			PSB2.5.2. Investiga as diferenzas endocrinolóxicas entre homes e mulleres, e os seus efectos na conduta, valorando o coñecemento destas diferenzas como un instrumento que permite un entendemento e unha comprensión mellores entre as persoas de diferente sexo.	CSC	50% na avaliación dos traballos.  50% na proba escrita	PROCEDEMENTOS Proba escrita Producción dos alumnos/as. OA  INSTRUMENTO: Unidade didáctica

PSICOLOXÍA 2º DE BACHARELATO - SEGUNDO TRIMESTRE						
2 UNIDADES DIDÁCTICAS: «PROCESOS COGNITIVOS BÁSICOS:PERCEPCIÓN, ATENCIÓN E MEMORIA» E «PROCESOS COGNITIVOS SUPERIORES:APRENDIZAXE, INTELIXENCIA E PENSAMENTO»						
